15.	O profesor relaciona os conceptos teóricos con exemplos, exercicios e problemas			
16.	O profesor procura adaptarse aos coñecementos previos do alumnado			
17.	As explicacións do profesor axudáronme a entender mellor a materia explicada			
18.	O profesor transmite interese pola asignatura			
19.	O clima creado na aula é distendido			
20.	O profesor sabe cando a clase está entendendo o que explica e cando non			
21.	O profesor fomenta a participación dos alumnos			
22.	O profesor consegue que os estudantes participen activamente nas súas clases			
23.	O profesor fai preguntas frecuentes e estimulantes en clase			
24.	O profesor resolve as dúbidas con exactitude			
25.	O profesor procura saber se entendemos o que explica			
26.	O profesor manifesta unha actitude receptiva e respectuosa na súa relación co alumnado			
27.	O profesor móstrase disposto a axudar aos estudantes que teñen dificultades			
28.	O profesor móstrase accesible			
29.	O trato persoal que recibín por parte do profesor foi correcto			
30.	O profesor trata aos estudantes de forma afectuosa			
31.	O profesor informa debidamente sobre como avalía e cualifica			
32.	O profesor mostra os exames corrixidos e resolve adecuadamente as dúbidas xurdidas.			

4.3 PROPOSTAS DE MELLORA

Como consecuencia da análise de resultados das dúas ferramentas anteriores en cada un dos niveis de impartición das materias asignadas ao departamento, elaborárase unha matriz que inclúa as debilidades e fortalezas dos dous ámbitos (interno e externo) xunto cunha proposta de mellora nos indicadores ou apartados que corresponda.

Como modelo para estes efectos poderá utilizarse o seguinte:

ANÁLISE INTERNA

	FORTALEZAS	DEBILIDADES	PLAN DE MELLORA
1. PLANIFICACIÓN			
2. XERACIÓN DE INTERESE E PARTICIPACIÓN			
3. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO			
4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE E-A			

ANÁLISE EXTERNA

VALORACIÓN DE ÍTEMS		CURSO:	
MEDIA ÍTEMS POSITIVOS	MEDIA ÍTEMS MEDIOS	MEDIA ÍTEMS NEGATIVOS	
VALORACIÓN			
PROPOSTAS DE MELLORA			

5. PLAN DE LECTURA E ESCRITURA DO DEPARTAMENTO / RATIO COLLEGII AD LECTIONEM ET SCRIPTURAM INCITANDAM

NIVEL	TIPO DE LECTURAS / ESCRITURA	PERIODIZACIÓN
4º ESO	<p>1. Fragmentos de textos clásicos en galego ou castelán que aludan a aspectos relacionados coa época clásica</p> <p style="margin-left: 40px;">a) <i>Textos poéticos contemporáneos</i> b) <i>Beatus ille</i> de Frei Luis de León c) <i>Soneto XIII</i> de Garcilaso.</p> <p>2. Lecturas e escritura sobre cultura e sociedade.</p> <p>3. Lectura e escritura de textos latinos</p> <p>4. Lectura obrigatoria dunha novela contemporánea de asunto romano:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Guárdate de los Idus</i> (Lola Gándara, SM, Colección Gran Angular) <p>5. Escritura: corrección no uso de cultismos, latinismos e locucións; potenciar a escritura manual; esixencias de corrección gramatical e semántica. Elaboración de traballos escritos.</p>	<p>Trimestral</p> <p>(por avaliacións en función das necesidades).</p>
1º BACHARELATO	<p>1. Fragmentos escollidos de textos clásicos latinos.</p> <p>2. Lecturas e escritura sobre cultura e sociedade.</p> <p>3. Lectura obrigatoria dunha novela contemporánea de asunto romano.: <i>En busca de una patria. La historia de la Eneida</i> (Penélope Lively, Vicens Vives, Clásicos adaptados)</p> <p>4. Lectura e escritura de textos latinos</p> <p>5. Escritura: corrección no uso de cultismos, latinismos e locucións; potenciar a escritura manual; esixencias de corrección gramatical e semántica. Elaboración de traballos escritos.</p>	<p>Trimestral</p> <p>(por avaliación en función das necesidades).</p>
2º BACHARELATO	<p>1. Temas de literatura.</p> <p>2. Reforzo no coñecemento e na corrección de emprego de léxico latino</p> <p>3. Esixencias de corrección gramatical e semántica</p>	1ª avaliación
	<p>1. Temas de literatura.</p> <p>2. Reforzo no coñecemento e na corrección de emprego de léxico latino</p> <p>3. Esixencias de corrección gramatical e semántica</p>	2ª avaliación
	<p>1. Temas de literatura.</p> <p>2. Reforzo no coñecemento e na corrección de emprego de léxico latino</p> <p>3. Esixencias de corrección gramatical e semántica</p>	3ª avaliación

Véxase ademais o recollido especificamente en cada programación de curso no apartado correspondente ás **CONCRECIÓNS DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN LATÍN.**

6. ACTUACIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO PLAN DE CONVIVENCIA/ *ACTIONES AD RATIONEM CONVICTUS ADIUVANDAM*

Os membros deste departamento contribuirán á aplicación do plan de convivencia do centro mediante dúas vías de intervención:

a) De carácter explicativo e de difusión:

Será unha información complementaria á ofrecida desde a correspondente titoría e que estará enmarcada na propia situación da aula ou de posibles saídas, e basearase en proporcionar ao alumnado as aclaracións pertinentes sobre as normas de convivencia e funcionamento.

b) De carácter executivo

O profesorado do departamento, no exercicio do seu labor docente na aula, é responsable de organizar a convivencia do grupo.

Aplicarase, en cada caso, a normativa vixente e darase conta de inmediato ás instancias oportunas para o seu coñecemento, constancia e posterior confirmación ou toma de decisións complementarias, se fose o caso.

Véxase ademais o recollido especificamente en cada programación de curso no apartado correspondente ás CONCRECIÓNS DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN LATÍN

7. PROCEDEMENTOS PARA DAR COÑECEMENTO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA / *VIAE AD DISCIPLINAE PROGRAMMA PALAM COGNOSCENDUM*

Esta actuación realizarase por parte do departamento, sen prexuízo das recomendacións de tempo e forma que poida adoptar o centro como institución, nun prazo temporal relativamente curto desde o inicio da actividade lectiva con cada curso/nivel.

Distinguiranse dous ámbitos de actuación:

- Información para o alumnado (e familia).
- Información para a comunidade educativa.

a) Información mínima que se dará ao alumnado e á familia de cada materia sobre a programación

En cumprimento da normativa vixente, de cada unha das materias programadas por este departamento ofreceráselle, como mínimo, ao alumnado, por parte do profesor, durante os primeiros días de clase, información relativa aos seguintes puntos:

- Obxectivos.
- Contidos.

- Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis.
- Criterios de cualificación e corrección.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva.
- Material necesario para o desenvolvemento da materia.

Os medios que se utilizarán para a transmisión desta información serán:

- a) O propio profesor na clase.
- b) Resumo por escrito (programación reducida).
- c) Indicacións de que se pode consultar calquera aspecto relacionado coa programación mediante petición ao profesorado ou xefe de departamento.
- d) A través de correo electrónico (con acuse de recibo).

b) Información que se dará á comunidade educativa de cada materia sobre a programación

Para a información ao resto da comunidade educativa, o departamento establece como mecanismo máis directo a consulta dos detalles de programación mediante petición ao profesorado ou xefe de departamento, sen prexuízo dos mecanismos que o centro arbitre para dar coñecemento das programacións. Así mesmo, de ser posible, colgarase na páxina web e aula virtual.

c) Modelo do departamento para traslado de información sobre a programación disáctica

A estrutura do modelo de información sobre materia figura dentro do apartado de anexos desta programación didáctica como ANEXO III.

8. INCORPORACIÓN DE MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NO CURSO ANTERIOR / EX SUPERIORE ANNO ADIUNCTIO MUTATIONUM

Para a modificación de programación didácticas futuras, este departamento considera necesario deixar constancia por escrito, en documento *ad hoc*, dos cambios que son necesarios realizar, e no que como mínimo deberán constar (co fin de recollelos detalladamente na próxima programación e anexalo á acta correspondente do departamento), os seguintes elementos:

- Breve descrición das modificacións: motivos e argumentos.
- Causas das modificacións:
 - a) Derivadas de cambios legislativos xerais.

- b) Derivadas de adaptación á normativa complementaria.
 - c) Derivadas da análise interna do departamento.
- Concreción das modificacións:
 - a) Obxectivos, contidos.
 - b) Metodoloxía.
 - c) Temporalización.
 - d) Sistema de avaliación.
 - e) Cambios nos materiais e recursos didácticos.
 - f) Outras.

9. CRITERIOS DE ACTUACIÓN ANTE UNHA RECLAMACIÓN SOBRE CUALIFICACIÓNS FINAIS /AGENDI RATIONES DE AESTIMATIONUM GLOBALIUM RECLAMATIONE

Con independencia do nivel do que se trate, este departamento considera necesario fixar uns criterios de actuación ante unha posible reclamación de nota final. Polo tanto, queda establecido o seguinte:

Os períodos académico-temporais afectados poderán ser:

a) ORDINARIOS:

- Ordinario de maio para 2º de bacharelato.
- Ordinario de xuño para 4º ESO e 1º bacharelato.

b) EXTRAORDINARIOS:

- Pendentes de cursos anteriores.
- Convocatoria extraordinaria para recuperación da materia suspensa
- Convocatoria extraordinaria para acreditación de coñecementos non adquiridos.

En calquera dos casos, a actuación do departamento responderá ás seguintes actuacións:

1. Convocatoria de reunión dos membros integrantes do departamento.
2. Estudo da causa/s alegada/s de reclamación. Comprobación de que se respectaron os prazos de presentación e a súa forma.

3. Informe motivado do profesorado afectado.
4. Análise das cualificacións emitidas.
5. Valoración dos traballos (se fose o caso) e das probas obxectivas realizadas polo alumno/a.
6. Comprobación de que os contidos se axustan á programación.
7. Comprobación da correcta aplicación dos criterios de cualificación e corrección.
8. Emisión de informe/ditame do departamento sobre a reclamación, ratificando ou rectificando a nota outorgada.
9. Recollida en acta dos puntos esenciais do procedemento de actuación e dos seus resultados.
10. Traslado á xefatura de estudos da documentación pertinente.

10. DIRECTRICES, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL / *NORMAE, AGENDI RATIONES ATQUE INSTRUMENTA AD AESTIMATIONEM INITIALEM FACIENDAM*

10.1 DIRECTRICES

10.1.1 FINALIDADE DA AVALIACIÓN INICIAL

- Coñecer e axustar as condicións de ensino-aprendizaxe de cada grupo, co fin de obter un rendimento adecuado.
- Non conleva emitir cualificación para o alumnado.

10.1.2 OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN INICIAL

- Distinguirase, para o seu tratamento, entre:
 - a) Niveis/cursos:**

1. Prestarase especial atención ao alumnado que ingresa en 4º curso da ESO e 1º de bacharelato.
2. Realizarase unha análise do nivel de coñecementos adquiridos en primeiro de bacharelato (para determinar o nivel de coñecemento de alumnos que cursaron latín en 4º ESO) e en segundo de bacharelato, co fin de programar un repaso xeral para a adaptación ao programa de 2º).

b) Tipo de obxectivos:

- 1) Instrumentais (xerais): dominio das técnicas de escritura e lectura.
- 2) Específicos:
 - a) De continuidade na etapa ou interetapas: consolidación do grao de coñecementos adquiridos (1º-2º bacharelato).
 - b) De non continuidade (4º ESO e/ou 1º bacharelato).

- **Que AVALIAR?**

Os coñecementos previos necesarios para a aprendizaxe no novo nivel académico (tanto a nivel instrumental-xeral como específico).

- **Cando AVALIAR?**

No inicio do curso escolar, dentro do primeiro mes de clase, aproximadamente. Atenderase á aplicación que estea deseñada, para o curso correspondente, por parte do equipo directivo e o departamento de orientación.

10.2 PROCEDEMENTOS

Con carácter xeral, para a realización da avaliación inicial atenderase aos seguintes aspectos:

- a) Verificación do grao de consolidación dos obxectivos académicos (fundamentalmente, no caso de cambio de etapa e de materias que supoñan continuidade).
- b) Análise da motivación e da autonomía do alumnado, fixándose especialmente no método de traballo.
- c) Comprobación do grao de cumprimento das tarefas encomendadas (tanto na aula como na casa).
- d) Atención ás dificultades amosadas respecto ás capacidades comprensiva e expresiva de carácter xeral (habilidades básicas para a aprendizaxe de calquera materia) e o dominio das específicas de cada nivel (flexión nominal e verbal, análise e tradución).
- e) Constatación do clima de traballo e de relación no grupo. Asistencia.

10.3 INSTRUMENTOS

Para a realización da avaliación inicial (en sesión específica para cada grupo), distinguirase entre dous tipos de instrumentos que, pese a ser distintos, están interrelacionados e resultan complementarios:

❖ **As fontes de información de carácter institucional:**

- 1.1 Historia escolar do alumnado.
- 1.2 Información adicional ofrecida pola titoría, polo equipo directivo e polo departamento de orientación.

❖ **As do propio departamento como órgano de coordinación:**

2.1 Rexistro de coñecementos: mediante, se é o caso,

- Probas de nivel.
- Traballo diario.
- Exercicios encomendados .
- Análise de áreas pendentes na secundaria.
- Promoción por imperativo legal (no caso de 4º ESO).
- Repitições.
- Recomendación de apoios en materias ou determinados reforzos, etc.

2.2 Rexistro de actitudes ante a materia:

- Realización de actividades.
- Capacidade comprensiva e expresiva xeral e específica, no contido da propia materia.

2.3 Rexistro de comportamento e convivencia.

10.4 ELABORACIÓN DE INFORME E TOMA DE DECISIONS

O profesorado elaborará un pequeno informe onde se recollan as deficiencias detectadas e se realicen propostas de actuación (reforzos, apoios,...)


10.5 TRANSMISIÓN DE DATOS

Distinguirase dous tipos de instancias como destinatarias da información recollida e elaborada:

- **O propio departamento**, que o someterá a análise e adoptará as decisións que estime oportunas con respecto a ese curso/grupo.
- **A xunta de avaliación inicial**, constituída para os efectos polos equipos educativos correspondentes.

10.6 MODELO DE INSTRUMENTOS UTILIZADOS

Para estes efectos, véxase como orientación o modelo elaborado para os cursos de 4º ESO e 1º Bacharelato (por ser ambos os dous de carácter inicial) no apartado ***PARS TERTIA: ADDITAMENTA SIVE ADIUNCTA*** desta programación, en concreto o **ANEXO II**.



***PARS SECUNDA:
CURSUUM
PROGRAMMATA***

**PROGRAMACIÓN DE LATÍN
DE 4º CURSO DE ESO**

***LINGVAE LATINAE PROGRAMMA GRADUS
QUARTI INSTITUTIONIS SCHOLASTICAE SECUNDI
ORDINIS OBLIGATORIAE***

1. INTRODUCCIÓN / PRAEFATIO

O presente documento refírese á programación da Etapa de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) para a materia de Latín en 4º curso. Esta materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir ao alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e a cultura latina, facendo fincapé asemade no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental. Isto non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que á súa vez proporciona unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras llinguas. O Latín de 4º de ESO é unha materia determinante de cara a futuros estudos especializados, na que o alumnado poderá adquirir nocións básicas da lingua latina e a súa civilización. O Latín de 4º de ESO ten como obxecto preferente o traballo con textos latinos de contido variado, dos que emanará a formación dunha base mínima de contidos gramaticais e culturais, grazas aos que o alumnado entenda, dun lado, o funcionamento dunha lingua flexiva como a latina, e, doutro, coñeza a grandes trazos os fitos culturais, históricos, artísticos e de civilización dos antigos romanos, sen esquecer a proxección que estes factores de romanización supuxeron para a Hispania romana, en xeral, e, moi en particular, para a Gallaecia romana, así como os usos, costumes e patrimonio da España e da Galicia actuais. Resulta obvio que o Latín non é unha materia illada do seu contorno académico (véxase a este respecto o que se recolle no apartado 1.3 da INTRODUCCIÓN XERAL), senón que mantén unha evidente relación con departamentos que traballan no seu propio ámbito dentro da área socio-lingüística e con outros adscritos ás áreas científico-tecnolóxica e artística en actividades interdisciplinares.

2. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA / PROPOSITA ITINERIS EDUCATIVI UNIVERSA

Segundo se recolle no artigo 10 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a

dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. OBXECTIVOS XERAIS DE LATÍN NA ESO / *LINGVAE LATINAE INSTITUTIONIS SCHOLASTICAE SECUNDI ORDINIS OBLIGATORIAE PROPOSITA UNIVERSA*

O ensino do Latín na ESO terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Introducir ao alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e a cultura latina.
2. Aprezar o papel que a lingua e a cultura latina desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental.
3. Dotar ao alumnado dunha sólida base científica para o estudio e perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.
4. Analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego e do castelán así como das outras linguas romances que se falan na actualidade na Europa romanizada e noutros países do mundo.
5. Entender o proceso de expansión que a cultura e a lingua latina experimentan ao longo da súa historia.
6. Analizar a orixe do abecedario latino e a súa pronuncia.

7. Iniciar ao alumnado no concepto de flexión e estudar a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración e a súa relación coas linguas faladas polos alumnos e polas alumnas.
8. Estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características.
9. Iniciar ao alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana tanto nos seus monumentos literarios como plásticos.
10. Comprender as claves da sociedade que fixo posibles as manifestacións artísticas clásicas.
11. Estudar o léxico latino non só para entender os textos orixinais senón para adentrarse no estudo da etimoloxía para percibir as raíces latinas nas linguas modernas con especial énfase no galego e no castelán.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO LATÍN EN 4º ESO / *LINGVAE LATINAE INSTITUTIONIS SCHOLASTICAE SECUNDI ORDINIS OBLIGATORIAE SINGULARIA PROPOSITA*

1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa fácilmente deducible.
2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e tradución de textos sinxelos.
3. Desenvolver hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo, a partir do proceso de análise e tradución de textos latinos.
4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento de vocabulario e estruturas gramaticais latinas.
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances, para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
6. Utilizar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diversos contextos lingüísticos.
7. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender o vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus componentes etimolóxicos.
8. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
9. Coñecer os aspectos máis relevantes da cultura e civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.
10. Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

5. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFIL COMPETENCIAL / *DISCIPLINAE CONTRIBUTIO AD FACULTATES POTISSIMAS CONSEQUENDAS. COGNITIVA LINEAMENTA*

As competencias do currículo establecidas pola normativa básica para o noso sistema educativo son:

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A materia de Latín, segundo o marco normativo actualmente vixente, desempeñará un papel esencial, xunto coas demais materias que cursa o alumnado, no desenvolvemento e adquisición das competencias.

Por outra parte, resulta evidente que a materia de Latín contribuirá en maior medida ao desenvolvemento de determinadas competencias, polo que é preciso sinalar en que aspectos contribúe a materia a ese desenvolvemento en cada unha, explicitándoos a continuación:

5.1 ASPECTOS XERAIS / *UNIVERSAE RES*

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)
A contribución da materia ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística establécese desde practicamente todos os seus contidos, non só polo coñecemento da compoñente lingüística do latín, senón pola interacción de destrezas como a oralidade, a lectura comprensiva de textos, a escrita e a profundización nos seus sistemas ou a utilización de soportes variados. A comprensión e axuizamento dos valores clásicos potenciará ademais actitudes de curiosidade, interese e análise crítica do legado romano. Deste modo, o coñecemento da estrutura morfosintáctica da lingua latina fai posible unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo, ou recibiron unha achega léxica importante da lingua

latina. A interpretación dos elementos morfosintácticos e léxicos, así como a práctica da tradución e da retroversión, supoñen a adquisición da habilidade para recoller e procesar a información dada e utilízala apropiadamente. Así mesmo, a análise dos procedementos para a formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética colabora eficazmente na ampliación do vocabulario básico e potencia a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación. A identificación das etimoloxías latinas proporciona a comprensión e incorporación dun vocabulario culto e explica o vocabulario específico de termos científicos e técnicos. A partir do coñecemento da evolución da lingua latina foméntase ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes ámbitos xeográficos e sociais, así como da comunicación intercultural e riqueza que supón. O contacto con textos variados fomenta igualmente o interese e o respecto por todas as linguas, incluíndo as antigas e as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas. A través deles accederase ademais a valores clásicos que propician a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia e a resolución pacífica de conflitos, o exercicio de cidadanía ou o desenvolvemento do espírito crítico. O coñecemento da literatura latina a través dos seus textos contribuirá a despertar a curiosidade e o interese pola lectura concibida como fonte orixinaria de saber e de deleite.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)

A metodoloxía didáctica da materia, baseada no método científico, contribúe ao desenvolvemento desta competencia, a través da proposta de preguntas, a formulación de hipóteses e a busca de solucións que cumpran os criterios de rigor, respecto aos datos e veracidade.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Desde esta materia contribúese á adquisición da competencia dixital, xa que require da busca, selección e tratamento da información. Ademais, a aplicación de técnicas de síntese, a identificación de palabras clave e a distinción entre ideas principais e secundarias achegan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia, tan relacionada con destrezas para a continua formación persoal. Da mesma maneira utilizaranse de forma creativa, responsable e crítica as Tecnoloxías da Información e a Comunicación como un instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido e propiciarase a propia reflexión sobre un uso ético das msms.

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (CAA)

O estudo do Latín contribúe ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, na medida en que a base da súa metodoloxía didáctica é que o alumnado se constitúa en protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe. Incide na adquisición das destrezas de autonomía, planificación, disciplina e reflexión consciente, exercita a recuperación de datos mediante a memorización e sitúa o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

A contribución da materia ás competencias sociais e cívicas establécese desde o coñecemento das formas políticas, institucións e modo de vida dos romanos como referente histórico de organización social, participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividade. Paralelamente, a análise das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Fomenta así no alumnado unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, a negociación e a aplicación de normas iguais para todos e todas como instrumentos válidos na resolución de conflitos, asemade que se analizan e contrastan valores como a integridade e honestidade.

COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

Esta materia contribúe ao sentido de iniciativa e espírito emprendedor na medida en que traballa con destrezas que esixen analizar, planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo colectivo e a posta en común dos resultados implican valorar as achegas doutros compañeiros e outras compañeiras, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non rendirse ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación, desde a creatividade, o sentido crítico e a responsabilidade.

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC)

A contribución da materia de Latín a esta competencia lógrase mediante o coñecemento do importante patrimonio arqueolóxico, cultural e artístico legado á civilización occidental polos romanos, que potencia o aprezo e o recoñecemento do herdo cultural e o disfrute da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, á vez que fomenta o interese pola conservación do patrimonio. Así mesmo, proporciona referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e a mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico. Á súa vez, co coñecemento do mundo clásico e a súa pervivencia favorécese a interpretación da literatura posterior, na que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, ao tempo que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o gusto pola literatura.

5.2 CONCRECIÓNS / SPECIFICATIONS

COMPETENCIA	MODO DE CONTRIBUCIÓN DA MATERIA
Comunicación lingüística	<ul style="list-style-type: none"> • Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e disfrute. • Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas extranxeiras. • Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social. • Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades. • Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación. • Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido. • Facilitade para a aprendizaxe de linguas extranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas. • Fomento da capacidade creativa lingüística. • Melloría na comprensión e a emisión de mensaxes orais e escritas. • Melloría na motivación da aprendizaxe a partir da melloría na comprensión e expresión lingüísticas. • Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual. • Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos. • Desenvolvemento de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan. • Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidos. • Desenvolvemento de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións. • Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc. • Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias. • Desenvolvemento do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina. • Promoción da investigación científica e achegamento aos métodos que lle son propios. • Elaboración de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ao longo da historia. • Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías. • Capacidade de transmisión adecuada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.

COMPETENCIA	MODO DE CONTRIBUCIÓN DA MATERIA
Competencia dixital	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento e uso das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e uso para a comunicación, así como a creación de contidos. • Fomento do traballo colaborativo. • Busca de información mediante motores de busca. • Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais. • Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos. • Creación de contidos en distintos formatos (imagen, texto, audio, etc.). • Acceso e contribución ao coñecemento de dominio (wiki). • Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.
Aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> • Motivación por aprender. • Organización e xestión da propia aprendizaxe. • Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe. • Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados. • Capacidade de aprendizaxe en grupo.
Competencias sociais e cívicas	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais. • Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica. • Análise de situacións para a resolución de conflitos. • Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade. • Contribución á mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia. • Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais. • Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde el estudo da súa evolución histórica. • Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural. • Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade. • Respecto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.
COMPETENCIA	MODO DE CONTRIBUCIÓN DA MATERIA
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade para pensar de forma creativa. • Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos. • Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.). • Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas. • Comunicación e presentación de proxectos. Capacidade de traballo individual e en grupo. • Capacidade de autoavaliación. • Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para acadar os obxectivos planificados polo alumnado.
Conciencia e expresións culturais	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga. • Aprezo e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas. • Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea. • Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumnado. • Desenvolvemento do interese polas manifestacións culturais e artísticas. • Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia ata a cultura e a arte contemporánea. • Desenvolvemento de valores relativos á conservación do patrimonio e aprezo pola herdanza cultural e artística.

5.3 DETERMINACIÓN DO PERFIL COMPETENCIAL/ LINEAMENTORUM COGNITIVORUM DETERMINATIO

Para determinar o perfil competencial da materia Latín 4º ESO, abordaremos os seguintes apartados:

5.3.1 RELACIÓN ENTRE COMPETENCIAS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)		
BLOQUE 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES		
Nº ESTÁNDARES TOTAIS	ASIGNACIÓN DE ESTÁNDARES Á COMPETENCIA	% SOBRE O TOTAL
6	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	33,33 %
	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	
BLOQUE 2. SISTEMA DA LINGUA LATINA: ELEMENTOS BÁSICOS		
3	LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta	33,33 %
BLOQUE 3. MORFOLOXÍA		
11	LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	100 %
	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	
	LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	
	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	
	LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	
	LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	
	LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	
	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	
	LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	
	LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	
LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.		
BLOQUE 4. SINTAXE		
7	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	85,7 %
	LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	
	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	
	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas	

	características.	
	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	
	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	
BLOQUE 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN		
11	LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	63,6 %
	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	
	LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	
	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	
	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	
	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	
	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	
BLOQUE 6. TEXTOS		
7	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	100 %
	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	
	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	
	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	
	LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	
	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	
	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	
BLOQUE 7. LÉXICO		
5	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	80 %
	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	
	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	
	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	
MEDIA PORCENTUAL DE PARTICIPACIÓN DA COMPETENCIA NO CONXUNTO DE BLOQUES TEMÁTICOS		70,85 %

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (CAA)		
BLOQUE 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES		
Nº ESTÁNDARES TOTAIS	ASIGNACIÓN DE ESTÁNDARES Á COMPETENCIA	% SOBRE O TOTAL
6	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	100%
	LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	
	LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	
	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	
	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	
	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	
BLOQUE 2. SISTEMA DA LINGUA LATINA: ELEMENTOS BÁSICOS		
1	LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan	33,33 %
BLOQUE 3. MORFOLOXÍA		
11	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	63,63%
	LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	
	LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	
	LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	
	LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	
	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	
	LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	
BLOQUE 4. SINTAXE		
7	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	43 %
	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	
	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	
BLOQUE 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN		
11	LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente	36,36 %
	LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan feitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	
	LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	

	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrasta os cos da actualidade.	
BLOQUE 6. TEXTOS		
7	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	43 %
BLOQUE 7. LÉXICO		
5	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	40 %
MEDIA PORCENTUAL DE PARTICIPACIÓN DA COMPETENCIA NO CONXUNTO DE BLOQUES TEMÁTICOS		51,33%

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

BLOQUE 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES

Nº ESTÁNDARES TOTAIS	ASIGNACIÓN DE ESTÁNDARES Á COMPETENCIA	% SOBRE O TOTAL
6	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	66,66 %

BLOQUE 2. SISTEMA DA LINGUA LATINA: ELEMENTOS BÁSICOS

3	LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	66 %
---	--	------

BLOQUE 3. MORFOLOXÍA

Desde o departamento de Latín, asumirase o desenvolvemento destes principios metodolóxicos legais con carácter xeral, en función das necesidades de desenvolvemento da materia ao longo do curso académico, sen prexuízo de establecer concrecións e melloras metodolóxicas específicas que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2 ESPECIFICACIÓNS METODOLÓXICAS PARA LATÍN 4º ESO / SINGULARITATES AD METHODOLOGIAM_ATTINENTES DE GRADUS QUARTI INSTITUTIONIS SCHOLASTICAE SECUNDI ORDINIS LATINA LINGUA

Os contidos adaptados do currículo oficial ás decisións adoptadas polo departamento co fin de homoxeneizar o máximo posible os tres niveis de estudo que pode atoparse o alumnado ao longo das etapas de ESO e Bacharelato e que foron expresadas no apartado anterior desta programación (sen ningunha diminución de contidos, criterios ou estándares con respecto á distribución normativa) que se expresan nesta programación aparecen estruturados en 4 grandes bloques. Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias.

- No primeiro bloque (LINGUA LATINA, na nosa distribución), abordarase o estudo do latín como orixe das linguas romances, os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e evolución do abecedario latino e a súa pronuncia; por outro lado, tamén se tratan, como é lóxico, aspectos netamente lingüísticos centrándose na morfoloxía e na sintaxe. Preténdese iniciar ao alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os seus elementos formais; a sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais e os seus elementos e construcións máis característicos, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co fin de interpretar e comprender textos.
- O segundo bloque (ROMA: HISTORIA ET VITA, na nosa distribución), dedicarase ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía.
- O terceiro bloque (TEXTUS, coincidente na súa totalidade co de "Textos" da normativa), dedicarase a facer fincapé na necesidade de estudar desde os inicios a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Ademais do labor de tradución, tratarase o latín como unha lingua viva coa que se traballará tamén a comunicación oral e escrita.
- O cuarto bloque (LEXICUM: VOCABULA ET DICTA, na nosa terminoloxía), abordará especialmente o estudo da etimoloxía, non só porque esta serve para poñer de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda ao alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Dedicarase un especial interese á composición e á derivación

cultas, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grecolatina. Abórdase tamén o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas no contexto adecuado.

A orientación metodolóxica utilizada é resultado da combinación de dous modelos complementarios: o discursivo-expositivo e experiencial, por un lado, e polo outro, o traballo autónomo do alumnado.

Entre os principios metodolóxicos nos que se basea a nosa proposta didáctica concreta para este curso de Latín 4º ESO están os seguintes:

1. Potenciar as destrezas comunicativas (orais e escritas) do alumnado.
2. Axustarse ao nivel de coñecementos adquiridos (avaliación inicial)
3. Actividade (a través da resolución de tarefas) e experimentación (secuenciar o ensino para ir desde o máis simple ao máis complexo)
4. Participación: activa (a través do diálogo, debate e reflexión), creativa (apostarase, entre outras posibilidades, pola redacción en latín de textos sinxelos e por manter pequenos coloquios en latín) e significativa
5. Xeración de interese pola adquisición de coñecementos
6. Personalización (medidas de atención específica)
7. Funcionalidade
8. Principio de interdisciplinariedade con aprendizaxes conectadas con contidos doutras materias.

Os aspectos máis importantes da nosa proposta metodolóxica poden resumirse no seguinte:

- a) Realizar un estudo previo necesario da morfoloxía antes de entrar nas técnicas de tradución.
- b) Unir morfoloxía e sintaxe, xa que as palabras non aparecen illadas, senón relacionadas segundo forma e función. No estudo **da morfoloxía** prescindiremos de complicacións innecesarias, cinguíndonos ás estruturas regulares, presentadas coa maior claridade e exactitude desde a súa orixe ata o latín clásico, aínda que sexa só este resultado o que haberán de recoñecer. Flexión nominal e verbal traballadas xuntas desde o primeiro momento. **En sintaxe**, repasaremos sempre que sexa necesario as estruturas castelás e galegas, partindo da estrutura latina, obxecto da nosa análise, e facendo fincapié en todo aquilo que ofrezca un uso diferente e cuxa equivalenza non sexa facilmente deducible. As explicacións serán contrastivas, insistindo nas diferenzas coas linguas vehiculares do alumnado e outras do seu coñecemento; será tarefa

primordial, polo tanto, destacar paralelismos e conexións en vez de explicar como algo distinto todo o que ten tratamento análogo na lingua latina.

- c) Dar ó estudo da cultura latina a relevancia que merece, sen considerala mero adorno, como base principal para a comprensión do mundo latino e das mensaxes que nos transmiten os seus autores.
- d) Harmonizar lingua e cultura, mediante conexións complementarias. **As explicacións fonéticas** basearanse nas regras mínimas necesarias para a comprensión dos diversos fenómenos evolutivos desde o latín ás linguas utilizadas a cotío polo alumnado.
- e) Relacionar o home de hoxe cos seus devanceiros romanos e ver a influencia destes nos diversos campos da cultura occidental. O alumnado terá que realizar traballos individuais ou colectivos, de investigación xeralmente, ao longo do curso, e haberá de realizar una frecuente investigación en Internet, diversos dicionarios, prensa e outros libros de texto doutras materias coas que se relacione o tema proposto. Deste xeito, ademais de sentirse partícipe na materia, poderá establecer por si mesmo a continuidade de diversas fórmulas de organización política e social así como de determinadas pervivencias culturais que afunden as súas raíces na sociedade romana en xeral e na lingua latina, en particular.

Somos sabedores de que non hai unha soa maneira de enfocar as unidades ou temas, e de que, en función do profesor, se pode adoptar unha perspectiva cultural, pola vía da lectura e comentario de textos, ou unha de carácter lingüístico e a través de textos só en latín. De todos modos, neste curso de 4º de ESO resulta conveniente centrarse naqueles aspectos esixibles para que o alumnado acadase a finalidade básica que ten esta materia na etapa: que o alumnado, mediante a adquisición de certa competencia lingüística en latín e na/s súa/s propia/s lingua/s, poida acceder á comprensión de textos sinxelos de dificultade graduada.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS / INSTRUMENTA ATQUE DIDACTICA SUBSIDIA

No presente curso, o profesorado que imparta a materia informará ao alumnado nos primeiros días lectivos sobre a necesidade de adquirir un libro de texto. Para estes efectos, realizaranse, de ser o caso, as indicacións oportunas sobre a editorial, data de publicación e autor/es do mesmo. Para este curso o libro de texto que se vai utilizar corresponde ao de Editorial CASALS, Latín 4º ESO, que será entregado ao alumnado polo centro a través do fondo de libros.

Ademais de contar cun libro de texto, para este curso académico, co fin de contribuír desde a materia a favorecer a aprendizaxe lecto-escritora, o alumnado de 4º de ESO deberá realizar a

lectura obrigatoria dunha novela contemporánea (especialmente dirixida ao público xuvenil) de asunto romano:

- **Guárdate de los idus** : autora Lola Gándara, publicado na editorial SM, colección Gran Angular)

Sobre a novela anterior realizaranse por parte do alumnado diferentes traballos de distinta categoría, en concreto relacionados co ámbito político, social e vivencial da Roma clásica. Estes traballos serán un ingrediente que completará as explicacións do Bloque II e serán valorados dentro do marco da ponderación establecida para este bloque

Por outro lado, entre os materiais e recursos didácticos que se empregarán para o desenvolvemento da materia Latín 4º ESO durante o presente curso académico, sen prexuízo de que se poidan complementar en determinados casos, en función das necesidades dunha mellor sistematización da aprendizaxe, estarán os seguintes:

- Material de estudo dos temas sobre a vida cotiá en Roma (elaborado polo departamento)
- Material de estudo dos procedementos de composición e derivación (elaborado polo departamento)
- Material de estudo das locucións e expresións latinas (elaborado polo departamento)
- Material de textos para a tradución de textos e autores "ad hoc" (elaborado polo departamento).
- Material de apoio sobre as elaboracións de traducións, conversas e composicións escritas (organizado polo departamento)

Ademais, complementarase co material dispoñible:

- Na biblioteca do centro
- No departamento de Latín
- Na rede

Como resulta obvio, o alumnado que curse esta materia deberá contar cun instrumento para tomar apuntamentos e gardar a información que se lle facilite para o seu estudo e realización de exercicios (caderno, carpeta ou similares), de uso exclusivo desta materia. O alumnado deste nivel non utilizará dicionario.

10. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN / AESTIMATIONIS AGENDAE RATIO

Neste punto da programación desenvólvense aqueles apartados que están recollidos na sección vixésimo quinta ("Programacións didácticas") da Resolución do 30 de xullo de 2020, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do curso académico 2020-2021, referidos en exclusiva ao proceso de aprendizaxe do alumnado, excluíndose aqueles puntos que xa foron abordados con carácter xeral no corpo común da programación do departamento.

Para o tratamento deste punto, tomárase como referencia a adaptación (por razóns de homoxeneidade vertical) a 4 bloques temáticos realizada polo departamento desde os bloques curriculares normativos, respectando os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos nestes.

10.1 CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN / CONTINENTES RES ATQUE IUDICANDI NORMAE

BLOQUE 1. LINGUA LATINA	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.
	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.
B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
B2.2. Orixes do alfabeto latino.	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.
B2.3. Pronuncia do latín.	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.
B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.
B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.
B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.
B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinalas e enuncialas correctamente.
B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.
	B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.
B4.1. Elementos da oración.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
B4.2. Casos latinos.	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.

B4.3. Concordancia.	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.
B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.
B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.

BLOQUE 2. ROMA: HISTORIA ET VITA	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
B5.2. Organización política e social de Roma.	B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.
B5.3. A familia romana.	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.
B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
	B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.
B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.

BLOQUE 3. TEXTUS	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.	B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.
B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.
B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.
	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva..

BLOQUE 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.
B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.
	B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.
B7.3. Locucións latinas de uso actual.	B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado.

10.2 CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / SINGULARITAS EXEMPLARIUM_DISCENTIAE AESTIMABILIMUM

RELACIÓN ENTRE CONTIDOS E ESTÁNDARES

BLOQUE 1. LINGUA LATINA	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B1.1. Marco xeográfico da lingua.	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	LAB1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.
	LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.
B2.2. Orixes do alfabeto latino.	LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.
B2.3. Pronuncia do latín.	LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.
B3.1. Formantes das palabras.	LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.
B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.
B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distínguelos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.

	LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
B3.5. Flexión verbal	LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.
	LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conjugación.
	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.
	LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.
	LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.
	LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.
B4.1. Elementos da oración.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.
B4.2. Casos latinos.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.
	LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
B4.3. Concordancia.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.
B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.
B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.

BLOQUE 2. ROMA: HISTORIA ET VITA	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B5.1. Períodos da historia de Roma.	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.
	LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.
	LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.
	LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.
B5.2. Organización política e social de Roma.	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.
	LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.
B5.3. A familia romana.	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.

B5.4. Mitoloxía e relixión.	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.
	LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.
B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.
B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.

BLOQUE 3. TEXTUS	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.
B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.
	LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.
B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.
	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.

BLOQUE 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.
B1.5. Nacións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.
B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.
	LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.
	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.
B7.3. Locucións latinas de uso actual.	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

10.3 RELACIÓN DE ESTÁNDARES, TIPOLOXÍA E PONDERACIÓN / EXEMPLARIUM TABULA. GENUS ATQUE COMPUTATIO

BLOQUE 1. LINGUA LATINA			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR	PONDERACIÓN ESTÁNDAR RESPECTO DO GLOBAL DE BLOQUE	PONDERACIÓN GLOBAL DE BLOQUE
LAB1.1.1. Señala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	NON BÁSICO	Estándares básicos: 0,25 Estándares non básicos: 0,10 Nas probas escritas o Bloque 1 pondera o 50% do total da puntuación outorgada á proba completa. En consecuencia, as cuestións (e, polo tanto, os estándares, con independencia da súa tipoloxía) que aparezan neste bloque sumarán en total 5 puntos, é dicir, o 50% do total da proba. Todas as probas escritas estarán estruturadas en catro bloques, que son os establecidos nesta programación coa súa equivalencia en puntos e a súa ponderación global con respecto á totalidade da proba.	50 % (= 5 puntos)
LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	NON BÁSICO		
LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	NON BÁSICO		
LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	BÁSICO		
LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	NON BÁSICO		
LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	NON BÁSICO		
LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	BÁSICO		
LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	NON BÁSICO		
LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	NON BÁSICO		
LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	BÁSICO		
LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	BÁSICO		
LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	BÁSICO		

LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.	BÁSICO		
LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conjugación.	BÁSICO		
LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	BÁSICO		
LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	BÁSICO		
LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	BÁSICO		
LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	BÁSICO		
LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	BÁSICO		
LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	BÁSICO		
LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	BÁSICO		
LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	BÁSICO		
LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	NON BÁSICO		
LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	BÁSICO		
LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	BÁSICO		

BLOQUE 2. ROMA: HISTORIA ET VITA			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR	PONDERACIÓN ESTÁNDAR RESPECTO DO GLOBAL DE BLOQUE	PONDERACIÓN GLOBAL DE BLOQUE
LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	BÁSICO	Estándares básicos: 0,20 Estándares non básicos: 0,13 Nas probas escritas o Bloque 2 pondera o 20% do total da puntuación outorgada á proba completa. En consecuencia, as cuestións (e, polo tanto, os estándares, con independencia da súa tipoloxía) que aparezan neste bloque sumarán en total 2 puntos, é dicir, o 20% do total da proba. Todas as probas escritas estarán estruturadas en catro bloques, que son os establecidos nesta programación coa súa equivalencia individual en puntos e a súa ponderación global con respecto á totalidade da proba.	20% (= 2 puntos)
LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	NON BÁSICO		
LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	NON BÁSICO		
LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	BÁSICO		
LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	BÁSICO		
LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	BÁSICO		
LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	BÁSICO		
LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	BÁSICO		
LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	NON BÁSICO		
LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	BÁSICO		
LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	BÁSICO		

BLOQUE 3. TEXTUS			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR	PONDERACIÓN ESTÁNDAR RESPECTO DO GLOBAL DE BLOQUE	PONDERACIÓN GLOBAL DE BLOQUE
LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	BÁSICO	Estándares básicos: 0,25 Estándares non básicos: 0,125 Nas probas escritas o Bloque 1 pondera o 15 % do total da puntuación outorgada á proba completa. En consecuencia, as cuestións (e, polo tanto, os estándares, con independencia da súa tipoloxía) que aparezan neste bloque sumarán en total 1,5 puntos, é dicir, o 15 % do total da proba. Todas as probas escritas estarán estruturadas en catro bloques, que son os establecidos nesta programación coa súa equivalencia individual en puntos e a súa ponderación global con respecto á totalidade da proba.	15 % (=1,5 puntos)
LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	NON BÁSICO		
LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	BÁSICO		
LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	BÁSICO		
LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	NON BÁSICO		
LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	BÁSICO		
LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	BÁSICO		

BLOQUE 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR	PONDERACIÓN ESTÁNDAR RESPECTO DO GLOBAL DE BLOQUE	PONDERACIÓN GLOBAL DE BLOQUE
LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	BÁSICO	Estándares básicos: 0,25 Estándares non básicos: 0,125 Nas probas escritas o Bloque 1 pondera o 15 % do total da puntuación outorgada á proba completa. En consecuencia, as cuestións (e, polo tanto, os estándares, con independencia da súa tipoloxía) que aparezan neste bloque sumarán en total 1,5 puntos, é dicir, o 15 % do total da proba. Todas as probas escritas estarán estruturadas en catro bloques, que son os establecidos nesta programación coa súa equivalencia individual en puntos e a súa ponderación global con respecto á totalidade da proba.	15 % (= 1,5 puntos)
LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	BÁSICO		
LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	NON BÁSICO		
LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	NON BÁSICO		
LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	BÁSICO		
LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	BÁSICO		
LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	BÁSICO		

10.4. TEMPORALIZACIÓN/ *DISPOSITIO AD TEMPUS*

10.4.1 ESTÁNDARES BÁSICOS DE APRENDIZAXE / PRAECIPUA INSTITUTIONIS EXEMPLARIA

BLOQUE 1. LINGUA LATINA		Ponderación do bloque: 50 % (= 5 puntos)			
ESTÁNDARES BÁSICOS DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR	PONDERACIÓN ESTÁNDAR /GLOBAL BLOQUE	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS		
			1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
LAB1.1.1. Señala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	NON BÁSICO	0,10	X		
LAB1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	NON BÁSICO	0,10	X		
LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	NON BÁSICO	0,10	X		
LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	BÁSICO	0,25	X		
LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función.	NON BÁSICO	0,10	X		
LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	NON BÁSICO	0,10	X		
LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	BÁSICO	0,25	X	X	X

LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	NON BÁSICO	0,10	X	X	X
LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	NON BÁSICO	0,10	X		
LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	BÁSICO	0,25	X		
LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	BÁSICO	0,25		X	X
LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	BÁSICO	0,25		X	X
LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	BÁSICO	0,25			X
LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	BÁSICO	0,25	X	X	X

LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	BÁSICO	0,25		X	X
LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	NON BÁSICO	0,10		X	X
LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	BÁSICO	0,25			X
LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	BÁSICO	0,25			X

BLOQUE 2. ROMA: HISTORIA ET VITA		Ponderación do bloque: 20 % (= 2 puntos)			
ESTÁNDARES BÁSICOS DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR	PONDERACIÓN ESTÁNDAR /GLOBAL BLOQUE	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS		
			1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	BÁSICO	0,20	X		
LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	NON BÁSICO	0,13	X		
LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	NON BÁSICO	0,13	X		
LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	BÁSICO	0,20	X		
LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	BÁSICO	0,20	X		
LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	BÁSICO	0,20		X	
LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	BÁSICO	0,20		X	
LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	BÁSICO	0,20		X	
LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	NON BÁSICO	0,13			X
LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	BÁSICO	0,20			X
LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	BÁSICO	0,20			X

BLOQUE 3. TEXTUS		Ponderación do bloque: 15% (= 1, 5 puntos)			
ESTÁNDARES BÁSICOS DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR	PONDERACIÓN ESTÁNDAR /GLOBAL BLOQUE	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS		
			1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	NON BÁSICO	0,125		X	X
LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	BÁSICO	0,25		X	X
LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	BÁSICO	0,25		X	X
LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	NON BÁSICO	0,125			X
LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	BÁSICO	0,25		X	X
LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	BÁSICO	0,25		X	X

BLOQUE 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA		Ponderación do bloque: 15% (= 1, 5 puntos)			
ESTÁNDARES BÁSICOS DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR	PONDERACIÓN ESTÁNDAR /GLOBAL BLOQUE	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS		
			1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	NON BÁSICO	0,125		X	X
LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	NON BÁSICO	0,125		X	X
LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	BÁSICO	0,25	X	X	X
LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	BÁSICO	0,25	X	X	X

10.4.2 A) TIPO E NÚMERO DE ESTÁNDARES POR BLOQUE EN CADA AVALIACIÓN / EXEMPLARIUM GENUS ET NUMERUS IN THEMATIBUS EX QUAQUE AESTIMATIONE

1ª Avaluación (29)		2ª Avaluación (29)		3ª Avaluación (34)	
Estándares básicos	Estándares non básicos	Estándares básicos	Estándares non básicos	Estándares básicos	Estándares non básicos
20	9	25	4	27	7
1º bloque: 11					
1º bloque: 11	1º bloque: 7	1º bloque: 12	1º bloque: 1	1º bloque: 15	1º bloque: 2
2º bloque: 3	2º bloque: 2	2º bloque: 3	2º bloque: 0	2º bloque: 2	2º bloque: 1
3º bloque: 1	3º bloque: 0	3º bloque: 5	3º bloque: 1	3º bloque: 5	3º bloque: 2
4º bloque: 5	4º bloque: 0	4º bloque: 5	4º bloque: 2	4º bloque: 5	4º bloque: 2

10.4.2 B) ESTÁNDARES POR BLOQUE EN CADA AVALIACIÓN / *EXEMPLARIA IN THEMATIBUS EX QUAQUE AESTIMATIONE*

1ª AVALIACIÓN (*AESTIMATIO PRIMA*)

BLOQUE 1. LINGUA LATINA	
LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.
LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.
LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.
LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.
LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.
LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
$$\text{Nota avaliación parcial} = 10\% \text{ actitude cara á materia} + 90\% \text{ proba/s obxectiva/s}$$

OBSERVACIÓNS:

- Na cualificación de cada proba obxectiva realizada, atenderase aos seguintes criterios: a) as cuestións relacionadas co bloque 1 equivalerán a un máximo de 5 puntos (50% do total); b) as cuestións relacionadas co bloque 2, a un máximo de 2 puntos (20% do total); c) as do bloque 3, a un máximo de 1,5 puntos (15% do total); d) as do bloque 4, a un máximo de 1,5 puntos (15% do total).
- No caso de realizarse 2 probas obxectivas, aplicarase o 90% á media obtida da suma das puntuacións acadadas en cada unha delas.
- Unha avaliación parcial só será superada cando se obteña un mínimo de 5 puntos como consecuencia da suma ponderada.
- É facultade do profesorado que imparte a materia utilizar ou non utilizar nas avaliacións parciais a práctica do arredondeo. Deste xeito, enténdese que calquera nota que estea entre 5 e 5,9 será 5 (así como a que estea entre 4 e 4,9 será 4), agás que o profesor/a decida arredondar á inmediata superior.

PONDERACIÓN EN ACTITUDE CARA Á MATERIA:

Valorarase neste apartado: asistencia continuada e puntualidade, realización das tarefas diarias, presentación en tempo e forma de traballos (de ser o caso), participación na clase e respecto polas normas de convivencia do centro.

IRREGULARIDADES E/OU INFRACCIÓNS ACADÉMICAS:

- **A non presentación a unha proba obxectiva, sen causa debidamente xustificada**, significará unha valoración de **0 puntos** na mesma.
- **Deixar un exame/proba obxectiva en branco ou contestar indebidamente** e fóra de lugar con observacións que non gardan relación cos contidos do propio exame significará unha valoración de **0 puntos**.
- No caso de que o **alumnado sexa sorprendido copiando** (con independencia do procedemento utilizado: manual, electrónico, etc), anularáselle a proba, puntuándoa con **0 puntos, sen prexuízo da repercusión** que loxicamente ocasionará a comunicación ás instancias correspondentes do centro.

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS PARCIAIS NO PERÍODO ORDINARIO DE CURSO:

Atendendo ao concepto de avaliación continua, utilizaranse como procedementos de recuperación de avaliacións parciais durante o período ordinario de curso os seguintes:

❖ PROCEDEMENTO XERAL:

Cada avaliación con cualificación negativa considerarase superada coa valoración positiva da inmediatamente seguinte, do mesmo xeito que unha avaliación con puntuación positiva seguida dunha con cualificación negativa indicará que o/a alumno/a ata ese momento ten o curso suspenso. A nota que corresponderá (para efectos de cálculo de nota media final) será como mínimo de 5 puntos, quedando a criterio do profesorado calquera outra que se sitúe entre 5 e a nota obtida na propia avaliación de referencia.

❖ PROCEDEMENTO ESPECÍFICO/EXCEPCIONAL (Só coa 3ª avaliación suspensa):

O alumnado que estea nesta situación, é dicir, con dúas avaliacións aprobadas e só a 3ª suspensa, e que polo tanto neste momento ten a materia suspensa, **poderá presentarse a unha proba extraordinaria de recuperación** (que se celebrará antes da sesión de avaliación final ordinaria e que aparece definida nesta programación didáctica no apartado PROBAS EXTRAORDINARIAS DE RECUPERACIÓN DA MATERIA), co fin de poder superar esa cualificación negativa. **A nota desta avaliación** (para os efectos de cálculo de nota media final) **será a obtida nesta proba realizada**, xa que é o único instrumento de valoración aplicable.

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA (XUÑO):

Con respecto á realización da avaliación final ordinaria, determínanse as seguintes actuacións:

OBTENCIÓN DA NOTA FINAL:

1. Principio xeral: Para poder obter unha cualificación final positiva **será necesario ter**, polo menos, **dúas avaliacións superadas sendo unha delas a 3ª ou ter a 3ª aprobada** (base da avaliación continua). Considérase superada a materia na avaliación final ordinaria cando se acada unha puntuación final mínima de 5 puntos.

2. Casuística:

2.1 Tres avaliacións superadas: A nota final corresponderase co resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$\text{Nota final} = \text{Nota 1ª avaliación} \times 0,2 + \text{Nota 2ª avaliación} \times 0,3 + \text{Nota 3ª avaliación} \times 0,5$$

(De ser o caso, é facultade do profesorado aplicar un factor de mellora de ata 1 punto sobre o resultado da media, cando se dean as situacións de esforzo e actitude cara á materia)*

2.2 Dúas avaliacións aprobadas (sendo unha delas a 3ª): A nota final será o resultado da media aritmética realizada entre as cualificacións das dúas avaliacións aprobadas.

$$\text{Nota final} = \text{Media aritmética de Nota avaliación A} + \text{Nota avaliación B}$$

2.3 Só a 3ª avaliación aprobada: A nota final será 5.

2.4 Alumnado que quedará coa materia pendente de recuperación en fase extraordinaria: Calquera outra situación que non estea contemplada nesta casuística anterior significará que o alumnado deberá presentarse á proba extraordinaria correspondente para recuperar a materia que está suspensa

10.11 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE RECUPERACIÓN DA MATERIA / SINGULARES PROBATIONES NOVAE ACQUISITIONIS DISCIPLINAE

10.11.1 ANTES DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA / ANTE CONSUEMAM AESTIMATIONEM GLOBALEM

DESTINATARIOS DESTA PROBA:

Alumnado en situacións excepcionais:

- Alumnado con tan só a 3ª avaliación suspensa (coa 1ª e 2ª avaliacións superadas)

A) DESEÑO E ESTRUTURA DA PROBA

Constará de 4 apartados, seguindo a distribución do departamento:

- Cuestións relacionadas co Bloque 1 (LINGUA LATINA)
- Cuestións relacionadas co Bloque 2 (ROMA: HISTORIA ET VITA)
- Cuestións relacionadas co bloque 3 (TEXTUS)
- Cuestións relacionadas co Bloque 4 (LEXICUM: VOCABULA ET DICTA)

B) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN/CORRECCIÓN DA PROBA

- Cuestións do Bloque 1 = 5 puntos (50% do total)
- Cuestións do Bloque 2 = 2 puntos (20% do total)
- Cuestións do Bloque 3 = 1,5 puntos (15% do total)
- Cuestións do Bloque 4 = 1,5 puntos (15% do total)

Entre a análise e a tradución terá que haber a debida correspondencia, polo que non se admitirá unha excelente tradución cunha análise deficiente ou viceversa.

As incorreccións na escrita (faltas de ortografía, gramática e léxico) serán penalizadas con 0,1 ata un máximo de 1 punto.

Cada cuestión da proba escrita irá acompañada da correspondente puntuación. A proba será valorada sobre 10 puntos e será o único instrumento de avaliación que se utilice.

C) OBTENCIÓN DA NOTA E VALORACIÓN POSITIVA DA PROBA

A nota da proba corresponderase coa suma total da puntuación obtida nos catro apartados. Para acadar unha cualificación positiva nesta proba deberá lograrse un mínimo global de 5 puntos. Toda puntuación inferior a 5 indica que a proba non está superada.

D) DATAS DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DA PROBA

A data de realización desta proba extraordinaria deberá ser sempre anterior á reunión de sesión ordinaria de avaliación final. Para os casos de alumnos en situación excepcional (só a 3ª suspensa) a data será acordada con eles, co único límite da sesión de avaliación final.

A duración máxima da proba será 50 minutos.

E) CONTIDOS MÍNIMOS PARA A RECUPERACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN

Os contidos mínimos desta proba serán:

- 70% dos contidos impartidos para a 3ª avaliación
- 30% dos contidos da 1ª e 2ª avaliacións

CONTIDOS MÍNIMOS PARA RECUPERAR A 3ª AVALIACIÓN	
CONTIDOS DA 3ª AVALIACIÓN (70% DA PROBA = 7 PUNTOS)	
Bloque 1. LINGUA LATINA: Análise morfolóxica e sintáctica e tradución de frases ou texto	
Oración simple	Oración composta (coordinada). Tipos e nexos
Construcións de infinitivo	Construcións de participio
Bloque 2. ROMA: HISTORIA ET VITA	
Mitoloxía e relixión	Vivenda
Espectáculos públicos	
Bloque 3. TEXTUS	
Redacción en latín de frases sinxelas sobre un tema proposto	Retroversión ao latín dunha/s frase/s en galego e/ou castelán
Bloque 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA	
Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Etimoloxías	Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán
Composición e derivación cultas: lexemas, prefixos e sufixos	Locucións latinas de uso actual
CONTIDOS DA 1ª-2ª AVALIACIÓN (30% DA PROBA = 3 PUNTOS)	
Linguas de España: linguas romances e non romances	Períodos da historia de Roma
Familia romana	

10.11.2 PROBA EXTRAORDINARIA DE RECUPERACIÓN DESPOIS DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA / NOVAE ACQUISITIONIS SINGULAR PROBATIO POST CONSUE TAM AESTIMATIONEM GLOBALEM

DESTINATARIOS DA PROBA EXTRAORDINARIA

Será destinatario para a realización desta proba o alumnado que non superou a materia na avaliación final ordinaria

A) CONTIDOS MÍNIMOS DA PROBA

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A RECUPERACIÓN DO CURSO COMPLETO	
Bloque 1. LINGUA LATINA (50% da puntuación global)	
Linguas de España: linguas romances e non romances	Orixes do alfabeto latino
Análise morfolóxica e sintáctica	Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes
Flexión verbal: activa e pasiva	Elementos da oración: simple e composta (coordinada). Tipos e nexos
Construcións de infinitivo e participio	
Bloque 2. ROMA: HISTORIA ET VITA (20% da puntuación global)	
Períodos da historia de Roma	Características das sucesivas formas de organización política e social romanas
A familia romana	A mitoloxía e a relixión
A vivenda	Os espectáculos públicos
Bloque 3. TEXTUS (15% da puntuación global)	
Tradución dun texto (previa análise morfolóxica e sintáctica)	Retroversión ao latín de frase/s en galego e/ou castelán
Bloque 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA (15% da puntuación global)	
Composición e derivación cultas: lexemas, prefixos e sufixos	Locucións latinas de uso actual
Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Etimoloxías

B) DESEÑO/ESTRUTURA DA PROBA

Constará de 4 apartados básicos, segundo as pautas de organización establecidas nesta programación:

1. Contidos correspondentes ao Bloque 1 (LINGUA LATINA)
2. Contidos correspondentes ao Bloque 2 (ROMA: HISTORIA ET VITA)
3. Contidos correspondentes ao Bloque 3 (TEXTUS)
4. Contidos correspondentes ao Bloque 4 (LEXICUM: VOCABULA ET DICTA)

C) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN / CORRECCIÓN DA PROBA:

- Apartado 1 = 5 puntos
- Apartado 2 = 2 puntos
- Apartado 3 = 1,5 puntos.
- Apartado 4 = 1,5 puntos.

Entre a análise e a tradución terá que haber a debida correspondencia, polo que non se admitirá unha excelente tradución cunha análise deficiente ou viceversa.

As incorreccións na escrita (faltas de ortografía, gramática e léxico) serán penalizadas con 0,1 ata un máximo de 1 punto.

Cada cuestión da proba escrita irá acompañada da correspondente puntuación. A proba será valorada sobre 10 puntos e será o único instrumento de avaliación que se utilice.

D) OBTENCIÓN DA NOTA E VALORACIÓN POSITIVA DA PROBA

A nota da proba corresponderase coa suma total da puntuación obtida nos catro apartados. Para acadar unha cualificación positiva nesta proba deberá lograrse un mínimo global de 5 puntos. Toda puntuación inferior a 5 indica que a proba non está superada e, polo tanto, tampouco a avaliación. A non presentación á proba supoñerá que o alumnado obteña como cualificación académica NP.

E) DATAS DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DA PROBA

A data de realización desta proba extraordinaria quedará fixada dentro do calendario xeral de probas programado polo centro.

O profesorado da materia, a través do titor no momento da entrega de boletíns correspondente á convocatoria ordinaria, facilitará aos/ás alumnos/as que deben presentarse a esta convocatoria información sobre as características da mesma e que, con carácter xeral, responderá ao especificado nesta programación.

A duración máxima da proba quedará a expensas da decisión organizativa xeral do centro para a convocatoria extraordinaria.

10.12 SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES / *CURA NOVAQUE ACQUISITIO ATQUE AESTIMATIO DISCIPLINAE EX SUPERIORI CURSU REPROBATAE*:

10.12.1 PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIA DE CONTINUIDADE NON SUPERADA NO CURSO PRECEDENTE / *ADIUVAMINIS VIA AD DISCIPLINAE EX PRAEDEDENTI CURSU REPROBATAE NOVAM ACQUISITIONEM*

NON PROCEDE EN 4º ESO

10.12.2 MATERIA NON SUPERADA NO CURSO PRECEDENTE E QUE NON SE ESTUDA NO ACTUAL / *DISCIPLINA EX PRAEDEDENTI CURSU REPROBATA NON HODIERNO STUDENDA*

NON PROCEDE EN 4º ESO

10.12.3 ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS DA MATERIA DE CONTINUIDADE NON CURSADA ANTERIORMENTE / *COGNITIONUM FIDES DE REPROBATA DISCIPLINA QVAE NON PER PRAEDEDENTEM CURSUM STUDENDA*

NON PROCEDE EN 4º ESO

10.12.4 AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE / *POTISSIMARUM FACULTATUM AESTIMATIO*

Co fin de poder realizar unha avaliación final das competencias asignadas a esta materia, o departamento, co obxecto de contar cun deseño propio e útil, así como coa intención de achegar obxectividade e rigor no seu tratamento, establece as seguintes directrices:

10.12.4.1 REFERENTES

Para a realización da avaliación por competencias, este departamento tomará como referentes:

- O índice medio de participación de cada competencia nos diferentes bloques.
- A nota media resultante das tres avaliacións en cada bloque.

10.12.4.2 PROCEDEMENTO

Para avaliar as competencias, adoptouse o seguinte procedemento:

- Análise da frecuencia de cada competencia dentro de cada un dos 4 bloques.
- Tense en conta que hai competencias presentes nos 4 bloques e outras que só aparecen de maneira significativa en 1 ou 2 bloques

10.12.4.3 ASIGNACIÓN DE PUNTUACIÓN A CADA COMPETENCIA SEGUNDO OS BLOQUES NOS QUE SON MÁIS REPRESENTATIVAS

Competencia	Bloques de referencia	Fórmula para puntuación
CCL	<ul style="list-style-type: none"> • Bloque 1 • Bloque 2 • Bloque 3 • Bloque 4 	<p>A nota será a mesma que se obteña na puntuación global.</p> <p>A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5.</p>
CAA	<ul style="list-style-type: none"> • Bloque 1 • Bloque 2 • Bloque 3 • Bloque 4 	<p>A nota será a mesma que se obteña na puntuación global.</p> <p>A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5.</p>
CD	<ul style="list-style-type: none"> • Bloque 1 • Bloque 2 • Bloque 3 • Bloque 4 	<p>A nota será a mesma que se obteña na puntuación global.</p> <p>A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5.</p>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> • Bloque 1 • Bloque 2 	<p>Nota máxima global que se pode obter é 7 (5 + 2) que equivalerá a 10 puntos. A puntuación mínima para entender que a competencia está lograda será 3,5 (=5)</p>
CSC	<ul style="list-style-type: none"> • Bloque 2 	<p>Nota máxima global 2 (=10)</p> <p>Puntuación mínima de logro: 1 (=5)</p>
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> • Bloque 2 	<p>Nota máxima global 2 (=10)</p> <p>Puntuación mínima de logro: 1 (=5)</p>
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> • Bloque 2 	<p>Nota máxima global 2 (=10)</p> <p>Puntuación mínima de logro: 1 (=5)</p>

10.12.4.4 INSTRUMENTO PARA AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

MATERIA: LATÍN 4º ESO	CURSO:	GRUPO:
<input type="checkbox"/> AVALIACIÓN PARCIAL:	<input type="checkbox"/> AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA	

DISCIPULORUM/ARUM TABULA	ÍNDICE DE LOGRO E PUNTUACIÓN DAS COMPETENCIAS ASOCIADAS											
	NON LOGRADO		LOGRADO			4 Bloques	4 Bloques	4 Bloques	B2	B2	B1 + B2	B2
	1 - 2	3 - 4	5 - 6	7 - 8	9 - 10	CCL	CAA	CD	CSC	CCEC	CMCCT	CSIEE
1.												
2.												
3.												
4.												
5.												
6.												
7.												
8.												
9.												
10.												
11.												
12.												

13.												
14.												
15.												
16.												
17.												
18.												
19.												
20.												
ESTADÍSTICA GLOBAL												

CLAVES			
<p>CCL: A nota será a mesma que se obteña na puntuación global.</p> <p>A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5.</p>	<p>CAA: A nota será a mesma que se obteña na puntuación global.</p> <p>A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5</p>	<p>CD: A nota será a mesma que se obteña na puntuación global.</p> <p>A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5.</p>	<p>CMCCT: Bloque 1 + Bloque 2</p> <p>Nota máxima global que se pode obter é 7 (5+ 2) que equivalerá a 10 puntos. A puntuación mínima para entender que a competencia está lograda será 3,5 (=5)</p>
<p>CSC: Bloque 2</p> <p>Nota máxima global 2 (=10)</p> <p>Puntuación mínima de logro: 1 (=5)</p>	<p>CCEC: Bloque 2</p> <p>Nota máxima global 2 (=10)</p> <p>Puntuación mínima de logro: 1 (=5)</p>	<p>CSIEE: Bloque 2</p> <p>Nota máxima global 2 (=10)</p> <p>Puntuación mínima de logro: 1 (=5)</p>	

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN LATÍN DE 4º ESO / ACCIONES AD DISSIMILITUDINES CURANDAS EX 4º ESO LATINA LINGUA

Un dos principios básicos que debe ter en conta toda intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno ou alumna a axuda pedagóxica que necesiten en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Desto xorde a necesidade de atender esta diversidade.

Na ESO, agás excepcións moi puntuais, as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses non soen estar definidas, por máis que a propia organización do ensino permite que o alumnado teña unha resposta a esta diversidade mediante a elección de modalidades e itinerarios.

Aínda que non é doado xeralizar, posto que a tipoloxía é extensa, é a observación do profesorado o factor decisivo para establecer o xénero de alumnado que ten ao seu cargo, bosquexase a continuación un modelo aproximado do alumnado "medio" que pode asistir ás clases de Latín 4º ESO:

- Alumnado que non cursou Cultura Clásica en 3º de ESO, e que, polo tanto, descoñece moitos dos aspectos (aínda que xerais) da civilización clásica.
- Alumnado que opta por esta materia porque está orientado académica e profesionalmente e cre que lle vai ser útil.
- Alumnado motivado polos seus intereses de carácter literario, histórico e artístico: elixe esta materia porque lle gusta todo o relacionado coas humanidades. Non son moitos, a verdade.
- Alumnado que realizou unha selección aleatoria e pouco meditada, ben porque non quere separarse dos seus amigos, que optaron por esta materia, ou porque cre que é algo fácil de aprobar, ou porque a elixiu por exclusión.
- Alumnado rexeitado, por falta de cupo, noutra materia.

Non obstante, desde as propias materias debemos acometer o tratamento da diversidade na ESO, e máis especificamente desde a materia de latín, desde dúas vías:

- a. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.

- b. A atención á diversidade na programación de actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais do alumnado. A variedade e abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten adaptarse ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

Os dous principais problemas que se abordan en 4º ESO relaciónanse con diferenzas a nivel de grupo e individuais:

1. **A nivel de grupo**, poderemos atoparnos coa complicada situación de abordar as clases con alumnado que acceden a este nivel de 4º curso cun retraso académico de 1 ou 2 anos en materias básicas de aprendizaxe e mesmo sen ter cursado a materia de Cultura Clásica no nivel precedente. Para solventar esta situación, o departamento deberá deseñar unha proposta de actividades complementarias que teñan como fin acadar no menor tempo posible o nivel mínimo de coñecementos propio do curso no que se está matriculado/a. Realizarase unha fase temporal de repaso efectivo de contidos mínimos de carácter lingüístico para poder adentrarse na propia materia de LATÍN 4º ESO con certa solvencia; así mesmo, na propia explicación da materia insistirase na comparación entre linguas para reforzar eses contidos necesarios mediante a realización de actividades *ad hoc*
2. **A nivel individual**, por primeira vez poderemos encontrar alumnado con altas capacidades como diagnosticados polas súas necesidades especiais, xunto con pendentes do curso anterior, cuxo fracaso non debe estar necesariamente relacionado coas capacidades ou aptitudes individuais.

Tanto no primeiro caso como no segundo, desempeñará un papel fundamental a **proba de avaliación inicial**, deseñada a tal fin, grazas á que se analizará a situación de partida de forma obxectiva, e se deseñarán as estratexias aplicables durante o curso.

Coa finalidade de levar cabo tales medidas, é recomendable realizar un diagnóstico e descrición do grupo ou grupos de alumnado aos que vai dirixida esta programación didáctica, así como unha valoración das necesidades individuais de acordo coas súas potencialidad e debilidades, con especial atención ao alumnado que require medidas específicas de apoio educativo (alumnado de incorporación tardía, con necesidades educativas especiais, con altas capacidades intelectuais...). Para todo iso, un procedemento moi adecuado será a avaliación inicial que se realiza no comezo do curso na que se identifiquen as competencias que o alumnado ten adquiridas, máis alá dos meros coñecementos, que lle permitirá a adquisición de novas aprendizaxes, destrezas e habilidades. Respecto do grupo, será necesario coñecer as súas debilidades e fortalezas en canto á adquisición de competencias clave e funcionamento interno a nivel relacional e afectivo. Iso permitirá planificar

correctamente as estratexias metodolóxicas máis adecuadas, unha correcta xestión da aula e un seguimento sistematizado das actuacións en canto á consecución de logros colectivos.

Tanto os posibles casos de altas capacidades como os de alumnado con necesidades educativas especiais deberán partir dun diagnóstico externo sobre o que se articulará, a través do departamento de orientación, a actuación posterior coa materia. Non obstante, tanto nun caso como noutro, desempeñarán un papel importante a selección de exercicios complementarios individuais que o departamento de latín ofrecerá ao alumnado e os tipos de actividades seleccionadas para responder á adaptación que este alumnado, con diagnóstico previo, necesita.

Calquera medida que consista en poñer en funcionamento actuacións que impliquen modificacións substanciais do currículo, é dicir, adaptacións de acceso ao currículo e adaptacións curriculares non significativas (priorización dos obxectivos e contidos, adaptacións metodolóxicas e procedementos e instrumentos de avaliación), deberán ser adoptadas desde o departamento de orientación e, de ser o caso, debidamente autorizadas polo órgano competente.

Entre as medidas que o departamento poderá utilizar para atender este alumnado figuran as seguintes:

1. **Actividades de reforzo:** Están pensadas para o alumnado que presenta problemas de aprendizaxe ou falta de base, co fin de que este tipo de alumnado acade os contidos mínimos. Consistirán en diferentes tipos de actividades vinculadas ás características dos bloques temáticos da materia: tratamento da información ou investigación (HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN, léxico), aumento dos exercicios necesarios para a análise morfolóxica e sintáctica, información gráfica sobre uso de dicionario.
2. **Ampliacións:** Están pensadas para aquel alumnado que pode e debe profundizar na aprendizaxe dos contidos. Teñen un tratamento similar ás actividades de reforzo coa excepción de que o seu carácter é máis analítico.

Tanto un tipo como o outro deben cumprir dúas características esenciais:

- Non deben ser demasiado sinxelas, para non ser pouco interesantes e motivadoras.
- Non deben ser demasiado difíciles, para non ser desmotivadoras.

En conclusión, para o alumnado con dificultades de aprendizaxe (con independencia da súa causa), o departamento preparará e entregarlle un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos vacacionais. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumnado non consegue realizar, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai

que utilizar) deberao presentar rematado despois das fins de semana ou unha vez rematado o período vacacional. Nas clases poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto do alumnado prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- Exercicios previos para comprender mellor a materia.
- Exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- Exercicios de repaso daqueles coñecementos pouco adquiridos.
- Repaso de traducións realizadas para aprender a mecánica de tradución e reversión de textos.
- Do mesmo xeito, a aquel alumnado que amose especial interese procurarase entregarlle material (todo tipo de materiais e recursos na rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundizar en aspectos concretos do programa de contidos.

12. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN LATÍN / *COLLATERALIUM ELEMENTORUM DEFINITIO EX LATINA LINGUA*

1. FOMENTO DA LECTURA, COMPRESIÓN LECTORA, EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA (*Véxase, ademais, o "Plan de lectura e escritura do departamento"*)

Ao tratarse o latín dunha lingua, un dos obxectivos primordiais é o tratamento da competencia en comunicación lingüística, e, para isto, considérase como un dos mellores procedementos o fomento da lectura e da escritura. Unha correcta competencia lectora e escritora facilita ademais os mecanismos que permiten a autonomía na aprendizaxe, a achega ás fontes de información e a posibilidade de estimular a formación do seu espírito estético.

A través da materia de Latín 4º ESO, promoverase e fomentarse a lectura desde distintas vertentes:

- Dentro da dinámica das sesións de clase, procurarase que todo o alumnado lea e declame textos (incluídos textos clásicos adaptados) durante o proceso de desenvolvemento das unidades didácticas para mellorar a súa comprensión lectora e a súa expresión oral e escrita.
- A exposición de traballos realizados cando sexa necesario.

- Traballo co vocabulario (derivación e composición, étimos, locucións) que proporcionará ao alumnado un mellor coñecemento do galego e do español e os seus correctos usos
- Proposta de lectura obrigada dunha obra contemporánea de asunto romano (**Guárdate de los idus**, de Lola Gándara)
- Propiciarase que o alumnado participe en todas aquelas actividades promovidas desde o plan de fomento da lectura a nivel de centro

2. PLAN TIC

O fomento do uso das TIC, como obxectivo legalmente establecido, será tamén un obxectivo importante para a materia de Latín, utilizando a rede informática para realizar traballos de investigación e encontrar información (uso dos contidos *on line* de páxinas web especializadas en contidos clásicos), incentivando no alumnado o uso dos recursos informáticos para, de ser o caso, presentación de traballos, así como medio de comunicación co profesorado (correo electrónico). Por outra banda, advertirase dos riscos que supón a utilización das TIC sen as debidas medidas de seguridade.

En resumo, a materia de latín en 4º de ESO contribuirá á aplicación das TIC no desenvolvemento do proceso de ensino – aprendizaxe a partir de:

- Na aula: utilización de proxeccións.
- Na aula de informática-audiovisuais ou biblioteca: manexo de ordenadores para a busca de información e elaboración de tarefas.
- Na casa: formulando traballos de consulta, busca, selección e elaboración da información.
- Presentando ao alumnado, como material didáctico complementario, unha proposta de páxinas web para a súa consulta e utilización.
- Utilización do correo electrónico para a interacción académica profesor-alumno e familias. Envío de información e material para traballar durante o curso.

3. OUTROS CONTIDOS TRANSVERSAIS (**Véxase, ademais, as "Accións para contribuír ao Plan de convivencia"**)

Desde a materia de latín, e durante o seu desenvolvemento (a través de textos, temas de historia, cultura e civilización, expresións latinas, vocabulario específico e desde as actitudes individuais observadas), abordaranse fundamentalmente os seguintes contidos:

- **Educación ambiental:** Aínda que este concepto de educación ambiental non existía para os romanos, podemos asocialo á nosa materia ao observar moitos dos xacementos arqueolóxicos, situados en plena natureza; tamén ao falar de determinadas obras públicas (creación da rede de sumidoiros ou construción de acuedutos).
- **Educación para o consumo:** Pódese abordar a partir da gastronomía romana (festas e banquetes)
- **Educación para a paz e resolución de conflitos pola vía pacífica** (explicitación do plan de convivencia do centro). Tamén se pode ver cómo Roma levou a cabo unha política de expansión colonial e imperialista baseada na guerra, e cómo se crearon elementos de regulación para a paz e a convivencia (primeiras leis -Doce Táboas- e posteriormente o Dereito Romano). Por outro lado, tamén se pode abordar desde o estudo das clases sociais e o longo camiño cara aos dereitos iguais entre plebeos e patricios, así como a situación dos escravos.
- **Prevención da violencia**, en calquera das súas manifestacións, contra as persoas diferentes.
- **Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.** Principalmente tratarase este valor ao coñecer a vida da maioría das mulleres romanas, relegadas a un papel subsidiario e dependente (o pai ou o marido)
- **Educación para a saúde.** Este aspecto pode traballarse ao estudar os hábitos de hixiene dos romanos (baños, termas), o hábitat (salubridade e insalubridade nas casas, barrios, vilas de recreo) e o exercicio físico e coidado do corpo (manifestacións atléticas e deportivas).

**PROGRAMACIÓN DE LATÍN
DE 1º CURSO DE BACHARELATO**

***LINGVAE LATINAE PROGRAMMA GRADUS PRIMI
BACCALAUREATUS***

1. INTRODUCCIÓN / PRAEFATIO

O presente documento refírese á programación da Etapa de Bacharelato para a materia de Latín en 1º curso. Esta materia de Latín na etapa de Bacharelato persegue un estudo en profundidade da lingua, caracterizada pola súa riqueza e complexidade estrutural, e a cultura latina, facendo fincapé asemade no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental. Isto non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que á súa vez proporciona unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas. O Latín de 1º de Bacharelato é unha materia determinante de cara a futuros estudos especializados, na que o alumnado poderá adquirir nocións básicas da lingua latina e a súa civilización. O Latín de 1º de Bacharelato ten como obxecto preferente o desenvolvemento da dimensión lingüística, de xeito que permitirá que os contidos textuais constitúan a base para o tratamento dos elementos transversais, a través do fomento de comentarios e debates relacionados con cuestións tales como a desigualdade social en Roma, as diferenzas por motivo de sexo ou a aceptación da violencia, así como para que o alumnado coñeza a relevancia histórica e cultural da Hispania e da Gallaecia romanas.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en bloques, que nesta programación o departamento adaptará co fin de homoxeneizar a nivel vertical os tres cursos das dúas etapas, como máis adiante se mencionará. Estes bloques, na normativa curricular vixente son:

- **Bloque 1: O latín, orixe das linguas romances.** Céntrase en analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego e do castelán, así como das demais linguas romances que se falan na actualidade.
- **Bloque 2: Sistema de lingua latina: elementos básicos.** Céntrase nalgúns elementos básicos da lingua, e moi especialmente no procedemento de escritura, comezando por percorrer os diferentes sistemas coñecidos para analizar despois a orixe do abecedario latino e a súa pronuncia.
- **Bloque 3: Morfoloxía.** Preténdese iniciar ao alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración.

- **Bloque 4: Sintaxe.** Ocúpase de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade.
- **Bloque 5: Roma, historia, cultura, arte e civilización.** Céntrase no estudo da civilización latina, co obxecto de identificar non só os fitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social e da súa identidade cultural.
- **Bloque 6: Textos.** Preténdese estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados.
- **Bloque 7: Léxico.** Dedicase ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía.

O estudo de Latín I ten como principal finalidade a achega a unha civilización, a romana, a través do maior tesouro que nos legou e perdurou no tempo: a lingua latina. Polo tanto, a meta ineludible da materia ha ser a de favorecer un acceso eficaz e rigoroso, á vez que ameno, aos textos dos grandes autores que se expresaron en latín, pero tamén a contidos no ámbito da ciencia e da filosofía (ámbitos que utilizaron o latín como medio de expresión natural ata practicamente a segunda metade do século XIX. Noutras palabras, o Latín I converterase en ferramenta (con textos latinos de contido variado), da que emanará a formación dunha base mínima de contidos gramaticais e culturais, grazas aos que o alumnado entenda, dun lado, o funcionamento dunha lingua flexiva como a latina, e, doutro, coñeza a grandes trazos os fitos culturais, históricos, artísticos e de civilización dos antigos romanos, sen esquecer a proxección que estes factores de romanización supuxeron para a Hispania romana, en xeral, e, moi en particular, para a Gallaecia romana, así como os usos, costumes e patrimonio da España e Galicia actuais. "Saber latín" supón, xa que logo, abrir as portas a unha mellor comprensión do noso mundo e das súas luces e sombras, grazas ás incontables obras e expresións culturais que mantiveron ao longo do tempo o herdo lingüístico de Roma, así como a contar coa capacidade de interpretar unha gran parte dos fenómenos sociais e culturais actuais. Resulta obvio, pois, que o Latín non é unha materia illada do seu contorno académico (véxase a este respecto o que se recolle no apartado 1.3 da INTRODUCCIÓN XERAL), senón que mantén unha evidente relación con departamentos que traballan no seu propio ámbito dentro da área socio-lingüística e con outros adscritos ás áreas científico-tecnolóxica e artística en actividades interdisciplinares.

2. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA / PROPOSITA ITINERIS EDUCATIVI UNIVERSA

Segundo se recolle no artigo 26 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3. OBXECTIVOS XERAIS DE LATÍN NO BACHARELATO / *LINGVAE LATINAE BACCALAUREATUS PROPOSITA UNIVERSA*

O ensino do Latín no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Coñecer e utilizar os fundamentos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina e iniciarse na interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el, especialmente no galego e castelán.
3. Analizar textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que han evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprezaos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreza a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes éticas e estéticas que conforman o ámbito cultural europeo.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE LATÍN NO BACHARELATO / *LINGVAE LATINAE BACCALAUREATUS SINGULARIA PROPOSITA*

1. A materia de Latín no bacharelato achega as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental, permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance, ou doutras influídas polo latín.
2. O estudo da lingua latina nos seus aspectos fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e léxico ten en si mesmo un alto valor formativo como instrumento de estruturación mental para o alumnado que optase por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais.
3. A coincidencia de seu estudo co da lingua grega, ao tempo que invita a un tratamento coordinado, permite comprender a estrutura flexiva das dúas linguas clásicas, tan ricas en contido e tan fecundas na súa contribución ás linguas modernas.

4. A lectura comprensiva e o progresivo adestramento nas técnicas de tradución de textos latinos, orixinais ou elaborados, de dificultade gradual, así como a retroversión de textos das linguas utilizadas polo alumnado, serven para fixar as estruturas lingüísticas básicas e supoñen un valioso exercicio de análise e síntese aplicable a calquera outra aprendizaxe.
5. A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para poñer ao alumnado en contacto coas máis notables mostras da civilización romana: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica.
6. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e a sociedade romanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo.
7. O estudo do léxico latino e a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica nas linguas romances, xunto á observación da persistencia ou a transformación nelas das estruturas sintácticas latinas, permite aprezar as linguas na súa dimensión diacrónica, como entes vivos en constante desenvolvemento, e valorar o amplo grupo das linguas romances faladas en Europa como o produto desa evolución no momento actual.

Estes obxectivos xerais e específicos formulados para a materia serán tratados en Latín I e II:

- Corresponde ao primeiro curso a asimilación das estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais, as nocións elementais de evolución fonética e os aspectos básicos da civilización romana, aplicando eses coñecementos á análise e tradución de textos breves e sinxelos.
- Compete ao Latín II a consolidación dos contidos anteriores e a súa ampliación co estudo da morfoloxía irregular, os procedementos de subordinación, as construcións sintácticas propias da lingua latina, a evolución do léxico e o tratamento de aspectos específicos do legado romano, aplicando os procedementos de análise e as técnicas de tradución a textos de maior complexidade e distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, co fin de obter unha mellor comprensión do pensamento e da tradición clásica e a valoración da súa continuidade na nosa sociedade, lingua e cultura.

5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO LATÍN EN 1º DE BACHARELATO / LINGVAE LATINAE PRIMI GRADUS BACCALAUREATUS SINGULARIA PROPOSITA

1. Mellorar a expresión oral e escrita da lingua materna.	
2. Desenvolver o hábito do razoamento obxectivo e sistemático, contrastando as estruturas lingüísticas do latín e da lingua materna.	
3. Valorar a lingua latina como instrumento para a adquisición doutras linguas antigas e modernas.	
4. Coñecer a lingua latina de maneira suficiente para traducir textos orixinais ou reelaborados de pouca dificultade, o que implica:	a) O coñecemento da morfoloxía nominal (substantivos, adxectivos e pronomes)
	b) O coñecemento da morfoloxía verbal
	c) O coñecemento da sintaxe latina nos seus aspectos básicos: sintaxe dos casos, oración simple e oración composta
	d) Adquisición dun vocabulario mínimo básico baseado no índice de frecuencia.
	e) Iniciación na técnica da tradución como arte reflexiva e interpretativa.
5. Comprender, mediante a interpretación dos textos, que as linguas reflicten os esquemas mentais dos pobos e sociedades que as usan.	
6. Descubrir a cultura latina como berce e piar fundamental dos valores culturais, sociais e artísticos de Occidente. Para iso, o alumnado debe aprender nocións básicas de xeografía e historia de Roma, así como temas da vida privada e pública dos romanos: educación, espectáculos, costumes, mitoloxía, exército...	

6. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFIL COMPETENCIAL / DISCIPLINAE CONTRIBUTIO AD FACULTATES POTISSIMAS CONSEQUENDAS. COGNITIVA LINEAMENTA

As competencias do currículo establecidas pola normativa básica para o noso sistema educativo son:

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A materia de Latín, segundo o marco ormativo actualmente vixente, desempeñará un papel esencial, xunto coas demais materias que cursa o alumnado, no desenvolvemento e adquisición das competencias.

Por outra parte, resulta evidente que a materia de Latín contribuirá en maior medida ao desenvolvemento de determinadas competencias, polo que é preciso sinalar en que aspectos contribúe a materia a ese desenvolvemento en cada unha, explicitándoos a continuación:

6.1 ASPECTOS XERAIS / UNIVERSAE RES

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

A contribución da materia ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística establécese desde practicamente todos os seus contidos, non só polo coñecemento da compoñente lingüística do latín, senón pola interacción de destrezas como a oralidade, a lectura comprensiva de textos, a escrita e a profundización nos seus sistemas ou a utilización de soportes variados. A comprensión e axuízamento dos valores clásicos potenciará ademais actitudes de curiosidade, interese e análise crítica do legado romano. Deste modo, o coñecemento da estrutura morfosintáctica da lingua latina fai posible unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo, ou recibiron unha achega léxica importante da lingua latina. A interpretación dos elementos morfosintácticos e léxicos, así como a práctica da tradución e da retroversión, supoñen a adquisición da habilidade para recoller e procesar a información dada e utilizala apropiadamente. Así mesmo, a análise dos procedementos para a formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética colabora eficazmente na ampliación do vocabulario básico e potencia a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación. A identificación das etimoloxías latinas proporciona a comprensión e incorporación dun vocabulario culto e explica o vocabulario específico de termos científicos e técnicos. A partir do coñecemento da evolución da lingua latina foméntase ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes ámbitos xeográficos e sociais, así como da comunicación intercultural e riqueza que supón. O contacto con textos variados fomenta igualmente o interese e o respecto por todas as linguas, incluíndo as antigas e as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas. A través deles accederase ademais a valores clásicos que propician a concepción do dialogo como ferramenta primordial para a convivencia e a resolución pacífica de conflitos, o exercicio de cidadanía ou o desenvolvemento do espírito crítico. O coñecemento da literatura latina a través dos seus textos contribuirá a espertar a curiosidade e o interese pola lectura concibida como fonte orixinaria de saber e de deleite.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)

A metodoloxía didáctica da materia, baseada no método científico, contribúe ao desenvolvemento desta competencia, a través da proposta de preguntas, a formulación de hipóteses e a busca de solucións que cumpran os criterios de rigor, respecto aos datos e veracidade.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Desde esta materia contribúese á adquisición da competencia dixital, xa que require da busca, selección e tratamento da información. Ademais, a aplicación de técnicas de síntese, a identificación de palabras clave e a distinción entre ideas principais e secundarias achegan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia, tan relacionada con destrezas para a continua formación persoal. Da mesma maneira utilizaranse de forma creativa, responsable e crítica as Tecnoloxías da Información e a Comunicación como un instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido e propiciarase a propia reflexión sobre un uso ético das msmas.

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (CAA)

O estudo do Latín contribúe ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, na medida en que a base da súa metodoloxía didáctica é que o alumnado se constitúa en protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe. Incide na adquisición das destrezas de autonomía, planificación, disciplina e reflexión consciente, exercita a recuperación de datos mediante a memorización e sitúa o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

No artigo 27 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establécense como principios metodolóxicos do Bacharelato os seguintes:

- Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais.
- Favorecerase o traballo individual e en grupo, o pensamento crítico e rigoroso, as técnicas e hábitos de investigación e a aplicación do aprendido.
- Usaranse as TIC como elemento para a aprendizaxe.
- Contribuirase a fomentar as habilidades de comprensión lectora e de uso da información e a capacidade de se expresar correctamente en público.
- Estimularase o uso, por parte do alumnado, e manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedentes de diferentes fontes.
- As materias lingüísticas do centro asunirán establecer acordos, como mínimo, sobre incluírán, polo menos, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar en cada unha delas, co fin de facilitar unha maior integración do currículo no ámbito lingüístico.

Desde o departamento de Latín, asumírase o desenvolvemento destes principios metodolóxicos legais con carácter xeral, en función das necesidades de desenvolvemento da materia ao longo do curso académico, sen prexuízo de establecer concrecións e melloras metodolóxicas específicas que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe.

9.2 ESPECIFICACIÓNS METODOLÓXICAS PARA LATÍN I / *SINGULARITATES AD METHODOLOGIAM ATTINENTES DE PRIMI CURSUS LATINA LINGUA*

Os contidos adaptados do currículo oficial ás decisións adoptadas polo departamento co fin de homoxeneizar o máximo posible os tres niveis de estudo que pode atoparse o alumnado ao longo das etapas de ESO e Bacharelato e que foron expresadas no apartado anterior desta programación (sen ningunha diminución de contidos, criterios ou estándares con respecto á distribución normativa) que se expresan nesta programación aparecen estruturados en 4 grandes bloques. Os

devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias.

- No primeiro bloque (LINGUA LATINA, na nosa distribución), abordarase o estudo do latín como orixe das linguas romances, os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e evolución do abecedario latino e a súa pronuncia; por outro lado, tamén se tratan, como é lóxico, aspectos netamente lingüísticos centrándose na morfoloxía e na sintaxe. Preténdese iniciar ao alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os seus elementos formais; a sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais e os seus elementos e construcións máis característicos, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co fin de interpretar e comprender textos.
- O segundo bloque (ROMA: HISTORIA ET VITA, na nosa distribución), dedicarase ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía.
- O terceiro bloque (TEXTUS, coincidente na súa totalidade co de "Textos" da normativa), dedicarase a facer fincapé na necesidade de estudar desde os inicios a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Ademais do labor de tradución, tratarase o latín como unha lingua viva coa que se traballará tamén a comunicación oral e escrita.
- O cuarto bloque (LEXICUM: VOCABULA ET DICTA, na nosa terminoloxía), abordará especialmente o estudo da etimoloxía, non só porque esta serve para poñer de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda ao alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Dedicarase un especial interese á composición e á derivación cultas, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grecolatina. Abórdase tamén o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas no contexto adecuado.

A orientación metodolóxica utilizada é resultado da combinación de dous modelos complementarios: o discursivo-expositivo e experiencial, por un lado, e polo outro, o traballo autónomo do alumnado.

Entre os principios metodolóxicos nos que se basea a nosa proposta didáctica concreta para este curso de Latín 1º BACHARELATO están os seguintes:

- Potenciar as destrezas comunicativas (orais e escritas) do alumnado.
- Axustarse ao nivel de coñecementos adquiridos (avaliación inicial)
- Actividade (a través da resolución de tarefas) e experimentación (secuenciar o ensino para ir desde o máis simple ao máis complexo)
- Participación: activa (a través do diálogo, debate e reflexión), creativa (apostarase, entre outras posibilidades, pola redacción en latín de textos sinxelos e por manter pequenos coloquios en latín) e significativa
- Xeración de interese pola adquisición de coñecementos
- Personalización (medidas de atención específica)
- Funcionalidade
- Principio de interdisciplinabilidade con aprendizaxes conectadas con contidos doutras materias.

Os aspectos máis importantes da nosa proposta metodolóxica poden resumirse no seguinte:

- a) Realizar un estudo previo necesario da morfoloxía antes de entrar nas técnicas de tradución.
- b) Unir morfoloxía e sintaxe, xa que as palabras non aparecen illadas, senón relacionadas segundo forma e función.
- c) Dar ó estudo da cultura latina a relevancia que merece, sen considerala mero adorno, como base principal para a comprensión do mundo latino e das mensaxes que nos transmiten os seus autores.
- d) Harmonizar lingua e cultura, mediante conexións complementarias.
- e) Relacionar o home de hoxe cos seus devanceiros romanos e ver a influencia destes nos diversos campos da cultura occidental.

Somos sabedores de que non hai unha soa maneira de enfocar as unidades ou temas, e de que, en función do profesor, se pode adoptar unha perspectiva cultural, pola vía da lectura e comentario de textos, ou unha de carácter lingüístico e a través de textos só en latín. De todos modos, neste curso de 1º de BACHARELATO resulta conveniente centrarse naqueles aspectos esixibles para que o alumnado acade a finalidade básica que ten esta materia na etapa: que o alumnado, mediante a adquisición de certa competencia lingüística en latín e na/s súa/s propia/s lingua/s, poida acceder á comprensión de textos sinxelos de dificultade graduada. Sen esquecer que este 1º bacharelato é paso previo para a continuidade dun estudo máis en profundidade no 2º curso.

Será o profesorado quen decida a oportunidade de utilización dunha ou doutra vertente, partindo das seguintes consideracións:

- a) Textos en castelán ou galego, a xeito de guión informativo da temática de cada unidade.
- b) Textos en latín (elaborados ou adaptados ás veces, e auténticos sempre que sexa posible) que versarán sobre os contidos históricos e gramaticais. E experiencia demostra que textos auténticamente latinos deben estar reservados ó 2º curso.
- c) As explicacións fonéticas serán sinxelas para a comprensión de diversos fenómenos de evolución ás linguas manexadas polo alumno.
- d) Na morfoloxía prescindirase de complicacións innecesarias, cinguíndose ás estruturas regulares do latín clásico. En 2º curso, completárase con cuestións de morfoloxía irregular.
- e) En sintaxe, interconectarase o que ocorre en galego e castelán co que sucede en latín, centrándose a explicación en todo aquilo que ofrezca un uso diferente e que non teña equivalencia fácilmente deducible. A mecánica dunhas técnicas de aprendizaxe da análise e tradución de textos latinos debe completar o traballo durante este curso, que non debemos esquecer que é de inicio para emprender de forma máis específica a aprendizaxe de contidos deste ámbito en 2º curso, onde se completará o esquema das relacións sintácticas con especial interese no proceso de subordinación.
- f) Respecto do vocabulario, cremos que xa se debe iniciar no uso do dicionario en 1º curso (aínda que esta técnica se reduza ao espazo do 3º trimestre), porque a polisemia de determinados termos e a dificultade do seu manexo distrae da aprendizaxe nos primeiros momentos do segundo curso. Sería conveniente que nos dous primeiros trimestres se repartise a cada alumno un vocabulario mínimo e simplificado que lles sirva de axuda nas tarefas de tradución pero que tamén deban aprender de memoria.

10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS / INSTRUMENTA ATQUE DIDACTICA SUBSIDIA

No presente curso, o profesorado que imparta a materia informará ao alumnado nos primeiros días lectivos sobre a necesidade ou non necesidade de adquirir un libro de texto. Para estes efectos, realizaranse, de ser o caso, as indicacións oportunas sobre a editorial, data de publicación e autor/es do mesmo. Para este curso o libro de texto que se vai utilizar corresponde ao de Editorial CASALS, Latín 1º Bachillerato.

Ademais de contar cun libro de texto, para este curso académico, co fin de contribuír desde a materia a favorecer o plan lectoescritor do centro, o alumnado de 1º de bacharelato deberá realizar a lectura obrigatoria dunha novela contemporánea (especialmente dirixida ao público xuvenil) de asunto romano:

- **En busca de una patria. La historia de la Eneida:** da autora Penélope Lively, publicado na editorial VICENS VIVES, Clásicos adaptados.:

Sobre a novela anterior realizaranse, por parte do alumnado, diferentes traballos de distinta categoría, en concreto relacionados co Bloque II e serán valorados dentro do marco de ponderación establecida para este bloque.

Por outro lado, entre os materiais e recursos didácticos que se empregarán para o desenvolvemento da materia Latín 1º BACHARELATO durante o presente curso académico, sen prexuízo de que se poidan complementar en determinados casos, en función das necesidades dunha mellor sistematización da aprendizaxe, estarán os seguintes:

- Material de estudo dos temas sobre a vida cotiá en Roma (elaborado polo departamento)
- Material de estudo dos procedementos de composición e derivación (elaborado polo departamento)
- Material de estudo de evolución fonética e léxica (elaborado polo departamento)
- Material de estudo das locucións e expresións latinas (elaborado polo departamento)
- Material de textos para a tradución de textos e autores "ad hoc" (elaborado polo departamento).
- Material de apoio sobre as elaboracións de traducións, conversas e composicións escritas (organizado polo departamento)

Ademais, complementarase co material dispoñible:

- Na biblioteca do centro
- No departamento de Latín
- Na rede

Como resulta obvio, o alumnado que curse esta materia deberá contar cun instrumento para tomar apuntamentos e gardar a información que se lle facilite para o seu estudo e realización de exercicios (caderno, carpeta ou similares), de uso exclusivo desta materia. En principio, agás no 3º trimestre, non se utilizará dicionario, pero o alumnado deberá contar no seu haber por avaliación cunha cantidade suficiente de léxico (proporcionada ou suxestionada polo departamento) para facer fronte a textos adaptados ao nivel de esixencia desta materia.

11. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN / AESTIMATIONIS AGENDAE RATIO

Neste punto da programación desenvólvense aqueles apartados que están recollidos na sección vixésimo quinta ("Programacións didácticas") da Resolución do 30 de xullo de 2020, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do curso académico 2020-2021, referidos en exclusiva ao proceso de aprendizaxe do alumnado, excluíndose aqueles puntos que xa foron abordados con carácter xeral no corpo común da programación do departamento.

Para o tratamento deste punto, tomarase como referencia a adaptación (por razóns de homoxeneidade vertical) a 4 bloques temáticos realizada polo departamento desde os bloques curriculares normativos, respectando os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos nestes.

11.1 CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE / CONTINENTES RES ATQUE EXEMPLARIA DISCENTIAE AESTIMABILIA

BLOQUE 1. LINGUA LATINA	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B1.1 Marco xeográfico da lingua	<ul style="list-style-type: none">LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
B1.2 O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas	<ul style="list-style-type: none">LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.
	<ul style="list-style-type: none">LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
B1.3 Linguas de España: linguas romances e non romances	<ul style="list-style-type: none">LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características.
B2.1 .Orixes da escritura. Sistemas de escritura	<ul style="list-style-type: none">LAT1B2.1.1. Recoñece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros.
B2.2 Orixe e evolución do alfabeto latino	<ul style="list-style-type: none">LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego.
	<ul style="list-style-type: none">LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan.
B2.3 Pronuncia do latín: tipos	<ul style="list-style-type: none">LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.
B3.1 Formantes das palabras	<ul style="list-style-type: none">LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

B3.2 Tipos de palabras: variables e invariables	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
B3.3 Concepto de declinación e de conxugación	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación
B3.4 Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
B3.5 Flexión verbal	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.
B4.1 Elementos da oración	<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.
B4.2 Casos latinos	<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.
B4.3 Concordancia	<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
B4.4 Oración simple: oracións atributivas e predicativas	<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.
B4.5 Oración composta: coordinación e subordinación	<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.
B4.6 Construcións de infinitivo e participio	<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.

BLOQUE 2. ROMA: HISTORIA ET VITA	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B5.1 Períodos da historia de Roma	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.
B5.2 Romanización de Hispania e da Gallaecia	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.
B5.3 Organización política e social de Roma	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.
B5.4 Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.

B5.5 Arte romana	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.
B5.6 Obras públicas e urbanismo	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.
B5.7 O exército	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos

BLOQUE 3. TEXTUS	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B6.1 Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
B6.2 Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
B6.3 Iniciación ás técnicas da tradución	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.
B6.4 Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos B6.5 Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.
B6.6 Producción de pequenos textos en lingua latina	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.
	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.

BLOQUE 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA	
CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B1.4 Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos	• LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.
	• LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos.
	• LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.
B1.5 Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán	• LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.
B7.1 Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia	• LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.
	• LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
B7.2 Composición e derivación cultas. Lexemas, prefixos e sufixos	• LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.
B7.3 Mantemento de elementos lingüísticos latinos	• LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.
	• LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.
	• LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.
B7.4 Locucións latinas de uso actual	• LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.

11.2 CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN / RES CONTINENTES ATQUE IUDICANDI NORMAE

BLOQUE 1. LINGUA LATINA	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
B1.1 Marco xeográfico da lingua	B1.1 Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina
B1.2 O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas	B1.2 Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día
	B1.3 Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
B1.3 Linguas de España: linguas romances e non romances	B1.4 Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características
B2.1 .Orixe da escritura. Sistemas de escritura	B2.1 Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto

B2.2 Orixe e evolución do alfabeto latino	B2.2 Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto de época clásica
	B2.3 Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas
B2.3 Pronuncia do latín: tipos	B2.4 Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos
B3.1 Formantes das palabras	B3.1 Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras
B3.2 Tipos de palabras: variables e invariables	B3.2 Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado
B3.3 Concepto de declinación e de conxugación	B3.3 Comprender o concepto de declinación e conxugación
B3.4 Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes	B3.4 Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinalas, enuncialas e declinalas correctamente
B3.5 Flexión verbal	B3.5 Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente
	B3.6 Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como voz pasiva
	B3.7 Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha
	B3.8 Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas e comparar os sistemas verbais
• B4.1. Elementos da oración.	• B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
• B4.2. Casos latinos.	• B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.
• B4.3. Concordancia.	• B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.
• B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	• B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
• B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación.	• B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.
• B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.	• B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.
• B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.	B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.

BLOQUE 2. ROMA: HISTORIA ET VITA	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
B5.1 Períodos da historia de Roma	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
B5.2 Romanización de Hispania e da Gallaecia	B5.2 Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos
B5.2 Romanización de Hispania e da Gallaecia	B5.3 Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos
B5.3 Organización política e social de Roma	B5.4 Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.
B5.4 Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios	B5.5 Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina

B5.4 Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios	B5.6 Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais
B5.4 Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios	B5.7 Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios
B5.5 Arte romana	B5.8 Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes
B5.6 Obras públicas e urbanismo	B5.9 Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.
B5.7 O exército	B5.10 Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución

BLOQUE 3. TEXTUS	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
B6.1 Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica	• B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.
B6.2 Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias	• B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
B6.3 Iniciación ás técnicas da tradución	• B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
B6.4 Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos	• B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
B6.5 Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia	
B6.5 Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia	
B6.6 Producción de pequenos textos en lingua latina	• B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.
B6.6 Producción de pequenos textos en lingua latina	• B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva

BLOQUE 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
B1.4 Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos	• B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
B1.5 Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.
B7.1 Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia	• B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
B7.2 Composición e derivación cultas. Lexemas, prefixos e sufixos	• B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.
B7.3 Mantemento de elementos lingüísticos latinos	• B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances.
	• B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.
B7.4 Locucións latinas de uso actual	• B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado.

11.3 RELACIÓN DE ESTÁNDARES, TIPOLOXÍA E PONDERACIÓN / EXEMPLARIUM TABULA. GENUS ATQUE COMPUTATIO

BLOQUE 1. LINGUA LATINA			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR B = Básico NB = Non básico	PONDERACIÓN ESTÁNDAR RESPECTO DO GLOBAL DE BLOQUE	PONDERACIÓN GLOBAL DE BLOQUE
<ul style="list-style-type: none"> LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	NB	<p>Estándares básicos: 0,25 Est. non básicos: 0,18</p> <p>Nas probas escritas o Bloque 1 pondera o 60% do total da puntuación outorgada á proba completa.</p> <p>En consecuencia, as cuestións (e, polo tanto, os estándares, con independencia da súa tipoloxía) que aparezan neste bloque sumarán en total 6 puntos, é dicir, o 60% do total da proba.</p> <p>Todas as probas escritas estarán estruturadas en 4 bloques, que son os establecidos nesta programación coa súa equivalencia en puntos e a súa ponderación global con respecto á totalidade da proba.</p>	<p>60 %</p> <p>(= 6 puntos)</p>
<ul style="list-style-type: none"> LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LAT1B2.1.1. Recoñece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan. 	NB		
<p>LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.</p>	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación. 	B	<p>Estándares básicos: 0,25 Est. non básicos: 0,18</p> <p>Nas probas escritas o Bloque 1 pondera o 60% do total da puntuación outorgada á proba completa.</p> <p>En consecuencia, as</p>	
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. 	B		

<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. 	B	<p>cuestións (e, polo tanto, os estándares, con independencia da súa tipoloxía) que aparezan neste bloque sumarán en total 6 puntos, é dicir, o 60% do total da proba.</p> <p>Todas as probas escritas estarán estruturadas en 4 bloques, que son os establecidos nesta programación coa súa equivalencia en puntos e a súa ponderación global con respecto á totalidade da proba</p>	
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificarlas e define criterios para clasificalas. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece. 	B		

BLOQUE 2. ROMA: HISTORIA ET VITA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR B = Básico NB = Non básico	PONDERACIÓN ESTÁNDAR RESPECTO DO GLOBAL DE BLOQUE	PONDERACIÓN GLOBAL DE BLOQUE
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións 	NB	Est. básicos: 0,125 Est. non básicos: 0,05 Nas probas escritas o Bloque 2 pondera o 15% do total da puntuación outorgada á proba completa. En consecuencia, as cuestións (e, polo tanto, os estándares, con independencia da súa tipoloxía) que aparezan neste bloque sumarán en total 1,5 puntos, é dicir, o 15% do total da proba. Todas as probas escritas estarán estruturadas en 4 bloques, que son os establecidos nesta programación coa súa equivalencia en puntos e a súa ponderación global con respecto á totalidade da proba	15% (= 1,5 puntos)
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relacións con outras circunstancias contemporáneas. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos 	NB		

BLOQUE 3. TEXTUS			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TIPOLOXÍA DE ESTÁNDAR B = Básico NB = Non básico	PONDERACIÓN ESTÁNDAR RESPECTO DO GLOBAL DE BLOQUE	PONDERACIÓN GLOBAL DE BLOQUE
<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. 	B	Est. básicos: 0,25 Est. non básicos: 0,08 Nas probas escritas o Bloque 3 pondera o 12,5% do total da puntuación outorgada á proba completa. En consecuencia, as cuestións (e, polo tanto, os estándares, con independencia da súa tipoloxía) que aparecen neste bloque sumarán en total 1,25 puntos, é dicir, o 12, 5% do total da proba. Todas as probas escritas estarán estruturadas en 4 bloques, que son os establecidos nesta programación coa súa equivalencia en puntos e a súa ponderación global con respecto á totalidade da proba	12,5 % (=1,25 puntos)
<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. 	NB		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto. 	B		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. 	NB		
• LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	NB	total do 60% do total da proba, equivalente a 6 puntos sobre 10		
• LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	NB			
• LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación	B			
• LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándooos segundo a súa categoría e a súa declinación.	B			
• LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	B			
• LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.	B			
• LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	B			
• LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	B			
• LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un.	NB			
• LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.	B			
• LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	NB			
• LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.	B			
• LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.	B			
• LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.	B			
• LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	NB			
• LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.	NB			
• LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.	B			
• LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.	B			
• LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.	B			

CONCRECIÓN DO MÍNIMO DE LOGRO

ESTÁNDARES	ÍNDICE DE LOGRO	
BÁSICOS	50% do valor de cada un (0,25)	0,125
	50% do valor xeral atribuído no bloque (4)	2 pts
NON BÁSICOS	50% do valor de cada un (0,18)	0,09
	50% do valor xeral atribuído no bloque (2)	1 pto

VISIÓN XERAL

BLOQUE 2. ROMA: HISTORIA ET VITA (Ponderación do bloque : 15% = 1,5 puntos)				
ESTÁNDARES	TIPOLOXÍA	PONDERACIÓN	% GLOBAL DOS ESTÁNDARES BÁSICOS/NON BÁSICOS	
			BÁSICOS	NON BÁSICOS
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións 	NB	Básicos: 0,125	1 pto sobre o total (1,5)	0,5 pts sobre o total (1,5)
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. 	B	Non básicos: 0,05		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas. 	NB	O número de estándares que aparezan nas probas escritas referidos a este bloque sumarán, con independencia da súa tipoloxía, un total do 15% do total da proba, equivalente a 1,5 puntos sobre 10		
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información 	NB			
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior. 	NB			
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases. 	B			
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior. 	NB			

• LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.	B			
• LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	B			
• LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.	NB			
• LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.	B			
• LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.	NB			
• LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.	NB			
• LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos.	NB			
• LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.	B			
• LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.	B			
• LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	B			
• LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.	NB			
• LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos	NB			

CONCRECIÓN DO MÍNIMO DE LOGRO

ESTÁNDARES	ÍNDICE DE LOGRO	
BÁSICOS	50% do valor de cada un (0,125)	0,0625

	50% do valor xeral atribuído no bloque (1)	0,5
NON BÁSICOS	50% do valor de cada un (0,05)	0,025
	50% do valor xeral atribuído no bloque (0,5)	0,25

VISIÓN XERAL

BLOQUE 3. TEXTUS (Ponderación do bloque : 12,5 % = 1,25 puntos)				
ESTÁNDARES	TIPOLOXÍA	PONDERACIÓN	% GLOBAL DOS ESTÁNDARES BÁSICOS/NON BÁSICOS	
			BÁSICOS	NON BÁSICOS
<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. 	B	Básicos: 0,25 Non básicos: 0,08 O número de estándares que aparezan nas probas escritas referidos a este bloque sumarán, con independencia da súa tipoloxía, un total do 12,5% do total da proba, equivalente a 1,25 puntos sobre 10	1 pto sobre o total (1,25)	0,25 ptos sobre o total (1,25)
<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. 	NB			
<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto. 	B			
<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. 	NB			
<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. 	NB			
<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. 	B			

· LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	B			
---	---	--	--	--

CONCRECIÓN DO MÍNIMO DE LOGRO

ESTÁNDARES	ÍNDICE DE LOGRO	
BÁSICOS	50% do valor de cada un (0,25)	0,125
	50% do valor xeral atribuído no bloque (1)	0,5
NON BÁSICOS	50% do valor de cada un (0,08)	0,04
	50% do valor xeral atribuído no bloque (0,25)	0,125

VISIÓN XERAL

BLOQUE 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA (Ponderación do bloque : 12, 5 % = 1,25 puntos)				
ESTÁNDARES	TIPOLOXÍA	PONDERACIÓN	% GLOBAL DOS ESTÁNDARES BÁSICOS/NON BÁSICOS	
			BÁSICOS	NON BÁSICOS
· LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.	NB	Básicos: 0,17 Non básicos: 0,05 O número de estándares que aparezan nas probas escritas referidos a este bloque sumarán, con independencia da súa tipoloxía, un total do 12,5% do total da proba, equivalente a	1 pto sobre o total (1,25)	0,25 ptos sobre o total (1,25)
· LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos.	B			
· LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.	B			
· LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.	B			
· LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.	NB			
· LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	NB			
· LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	B			
· LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.	NB			

• LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	B	1,25 puntos sobre 10		
• LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	NB			
• LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.	B			

CONCRECIÓN DO MÍNIMO DE LOGRO

ESTÁNDARES	ÍNDICE DE LOGRO	
BÁSICOS	50% do valor de cada un (0,17)	0,085
	50% do valor xeral atribuído no bloque (1)	0,5
NON BÁSICOS	50% do valor de cada un (0,05)	0,025
	50% do valor xeral atribuído no bloque (0,25)	0,125

11.6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN UTILIZADOS COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE / *AGENDI RATIONES ATQUE AESTIMATIONIS INSTRUMENTA IN USUM CUM DISCENTIAE EXEMPLARIBUS*

11.6.1 APLICACIÓN DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN / *USUS AESTIMATIONIS INSTRUMENTORUM*

BLOQUE 1. LINGUA LATINA ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Ponderación do bloque: 60%			AVALIACIÓN EXTRAORDINARIAS Instrumento
	AVALIACIÓN PARCIAIS E FINAL ORDINARIA			
	Instr. 1	Instr. 2	Instr. 3	
• LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.		Rexistro de clase	Traballos realizados	Proba escrita (para todos os estándares básicos)
• LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.		Rexistro de clase	Traballos realizados	
• LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa		Rexistro de clase	Traballos realizados	

orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.			
• LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características.	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados
• LAT1B2.1.1. Recoñece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros.		Rexistro de clase	
• LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego.	Proba escrita	Rexistro de clase	
• LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan.	Proba escrita	Rexistro de clase	
LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.		Rexistro de clase	
• LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.		Rexistro de clase	
• LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	Proba escrita	Rexistro de clase	
• LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación	Proba escrita	Rexistro de clase	
• LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación.	Proba escrita	Rexistro de clase	
• LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	Proba escrita	Rexistro de clase	
• LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.	Proba escrita	Rexistro de clase	
• LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	Proba escrita	Rexistro de clase	
• LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	Proba escrita	Rexistro de clase	
• LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un.	Proba escrita	Rexistro de clase	

<ul style="list-style-type: none"> • LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. 	Proba escrita	Rexistro de clase	
<ul style="list-style-type: none"> • LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. 	Proba escrita	Rexistro de clase	
<ul style="list-style-type: none"> • LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán. 	Proba escrita	Rexistro de clase	
<ul style="list-style-type: none"> • LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración. 	Proba escrita	Rexistro de clase	
<ul style="list-style-type: none"> • LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos. 	Proba escrita	Rexistro de clase	
<ul style="list-style-type: none"> • LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. 	Proba escrita	Rexistro de clase	
<ul style="list-style-type: none"> • LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. 	Proba escrita	Rexistro de clase	
<ul style="list-style-type: none"> • LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características. 	Proba escrita	Rexistro de clase	
<ul style="list-style-type: none"> • LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso. 	Proba escrita	Rexistro de clase	
<ul style="list-style-type: none"> • LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece. 	Proba escrita	Rexistro de clase	

BLOQUE 2. ROMA: HISTORIA ET VITA	Ponderación do bloque: 15%			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AVALIACIÓNS PARCIAIS E FINAL ORDINARIA			AVALIACIÓNS EXTRAORDINARIAS
	Instr. 1	Instr. 2	Instr. 3	Instrumento
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións 	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados	Proba escrita (para todos os estándares básicos)
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. 	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados	
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas. 		Rexistro de clase	Traballos realizados	
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información 	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados	
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior. 	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados	
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases. 	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados	

<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior. 	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos. 	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. 		Rexistro de clase	Traballos realizados
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais. 	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses. 	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros. 	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. 		Rexistro de clase	Traballos realizados
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos. 			Traballos realizados
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día. 	Proba escrita		Traballos realizados
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada. 	Proba escrita		Traballos realizados
<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa 	Proba escrita		Trballos realizados

importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.				
• LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.		Rexistro de clase	Traballos realizados	
• LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados	

BLOQUE 3. TEXTUS	Ponderación do bloque: 12,5 %			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AVALIACIÓNS PARCIAIS E FINAL ORDINARIA			AVALIACIÓNS EXTRAORDINARIAS
	Instr. 1	Instr. 2	Instr. 3	Instrumento
• LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	Proba escrita	Rexistro de clase		Proba escrita (para todos os estándares básicos)
• LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.		Rexistro de clase		
• LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	Proba escrita	Rexistro de clase		
• LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados	
• LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando		Rexistro de clase	Traballos	

o tema principal e distinguindo as súas partes.			realizados	
• LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados	
• LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	Proba escrita	Rexistro de clase		

BLOQUE 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA	Ponderación do bloque: 12,5 %			
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AVALIACIÓNS PARCIAIS E FINAL ORDINARIA			AVALIACIÓNS EXTRAORDINARIAS
	Instr. 1	Instr. 2	Instr. 3	Instrumento
• LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.	Proba escrita	Rexistro de clase		Proba escrita (para todos os estándares básicos)
• LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos.	Proba escrita	Rexistro de clase		
• LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.	Proba escrita	Rexistro de clase	Traballos realizados	
• LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.	Proba escrita	Rexistro de clase		
• LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.		Rexistro de clase		

• LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	Proba escrita	Rexistro de clase		
• LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	Proba escrita	Rexistro de clase		
• LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.		Rexistro de clase		
• LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	Proba escrita	Rexistro de clase		
• LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.		Rexistro de clase	Traballos realizados	
• LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregarlas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.	Proba escrita	Rexistro de clase		

11.6.2 RELACIÓN ENTRE PROCEDEMENTOS UTILIZADOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN APLICADOS / *AGENDARUM RATIONUM TABULA CUM AESTIMATIONIS INSTRUMENTIS IN USUM*

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN LATÍN 1º BACHARELATO	
PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación sistemática	Rexistro de clase
Probas específicas	Proba escrita obxectiva
Análise de produción do alumnado	Traballos realizados

11.7 TEMPORALIZACIÓN DAS SESIÓNS DE AVALIACIÓN / *DISPOSITIO AD TEMPUS EX AESTIMATIONIS COETIBUS*

TIPO DE AVALIACIÓN	DATAS DE AVALIACIÓN
INICIAL	19, 20 e 21 de outubro (SESIÓN)
PRIMEIRA	14-21 DECEMBRO
SEGUNDA	Sen determinar aínda
TERCEIRA	Sen determinar aínda

11.8 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A TITULACIÓN/PROMOCIÓN / *NORMAE AD AESTIMATIONEM, QUALIFICATIONEM ATQUE PROMOTIONEM ATTINENTES*

11.8.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, SEGUNDO OS BLOQUES / *AESTIMATIONIS NORMAE EX THEMATIBUS*

Segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, os criterios de avaliación da materia Latín 1º bacharelato (tendo en conta a reestruturación de bloques temáticos realizada polo departamento) son os seguintes:

BLOQUE 1. LINGUA LATINA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
B1.1 Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina
B1.2 Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día

B1.3 Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
B1.4 Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características
B2.1 Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto
B2.2 Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto de época clásica
B2.3 Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas
B2.4 Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos
B3.1 Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras
B3.2 Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado
B3.3 Comprender o concepto de declinación e conxugación
B3.4 Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente
B3.5 Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente
B3.6 Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como voz pasiva
B3.7 Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha
B3.8 Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas e comparar os sistemas verbais
• B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
• B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.
• B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.
• B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
• B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.
• B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.
B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.

BLOQUE 2. ROMA: HISTORIA ET VITA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.

B5.2 Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos

B5.3 Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos

B5.4 Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.

B5.5 Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina

B5.6 Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais

B5.7 Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios

B5.8 Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes

B5.9 Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.

B5.10 Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución

BLOQUE 3. TEXTUS**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

• B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.

• B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.

• B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.

• B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.

• B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.

• B6.6 Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva

BLOQUE 4 . LEXICUM: VOCABULA ET DICTA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

• B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.

• B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.

• B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.

• B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances.

• B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.

• B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado.

**11.8.2 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. VALORACIÓN APLICABLE / AGENDI
RATIONES ATQUE AESTIMATIONIS INSTRUMENTA. PONDERATIO AGENDA**

11.8.2.1 CONCEPTO / COGNITIO

Entre os procedementos e instrumentos de avaliación que se poden empregar para o seguimento do proceso de ensino – aprendizaxe, neste curso de latín en 1º de bacharelato establecemos os seguintes:

TIPO DE PROCEDIMENTO	CARACTERÍSTICAS AVALIABLES
1. Observación directa e supervisión sistemática do traballo diario na clase.	<ul style="list-style-type: none"> ● Actitude (realización de tarefas, etc.). ● Valoración das intervencións. ● Método de traballo. ● Valoración das respostas ofrecidas nos intercambios orais profesor-alumno.
2. Corrección dos traballos-tarefas encomendados (Producción do alumnado).	<ul style="list-style-type: none"> ● Presentación. ● Puntualidade. ● Selección da información relevante e rigor. ● Ortografía. ● Corrección gramatical e bo uso do idioma utilizado.
3. Probas específicas obxectivas (controis/exames).	<ul style="list-style-type: none"> ● Valoración dos coñecementos adquiridos. ● Penalización por incorreccións gramaticais (ortografía e estilo) (véxanse CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN).

11.8. 2.2 CONCRECIÓNS / SINGULARIDADES

PERÍODO AVALIATIVO	TIPO DE INSTRUMENTO APLICABLE	% VALORACIÓN ASIGNADA
AVALIACIÓNS PARCIAIS E FINAL ORDINARIA	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa. • Traballos / tarefas encomendados (se fose o caso). • Probas obxectivas 	<ul style="list-style-type: none"> • 5% • 5% • 90%
RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS SUSPENSAS DURANTE O CURSO (se o sistema aplicado non é o de avaliación continua)	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos / tarefas encomendados (se fose o caso). • Probas obxectivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • - / 10% • 100% / 90%
PROBAS EXTRAORDINARIAS EN PERÍODO DE AVALIACIÓN ORDINARIO <ul style="list-style-type: none"> • Final de curso: para alumnado con tan só a 3ª avaliación suspensa 	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • 100%
PROBA EXTRAORDINARIA DE RECUPERACIÓN (REMATADO O PERÍODO ORDINARIO DE AVALIACIÓN)	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas. • Entrega de traballos (se fose o caso). 	<ul style="list-style-type: none"> • 100% / 90% • - / 10%
PROBAS DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES	NON PROCEDE	-----

11.9 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS ADOPTABLES COMO CONSECUENCIA / *INITIALIS AESTIMATIONIS DELINEAMENTUM ATQUE EX ILLA RATIONES INSTITUENDAE*

Para o tratamento deste punto, véxase o apartado xeral "Directrices, procedementos e instrumentos para a realización da avaliación inicial".

11.10 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN / *QUALIFICATIONIS NORMAE*

Nº AVALIACIÓN PARCIAIS:

Tres, coincidindo, para efectos de reunión co fin de tomar decisións académicas, a terceira coa final ordinaria.

Nº PROBAS OBXECTIVAS ESCRITAS POR AVALIACIÓN:

Con carácter xeral, serán dúas. Quedará a criterio do profesorado a posibilidade de realizar unha soa. Os contidos de cada proba serán os impartidos ata o momento de realización de cada proba. No caso de que nunha avaliación só se realice 1 proba obxectiva, a valoración desa proba corresponderase coa ponderación total do 90% previsto para os efectos.

APLICACIÓN DO CONCEPTO DE AVALIACIÓN CONTINUA:

Dado o carácter progresivo de adquisición e comprobación de coñecementos, o departamento atenderá a un sistema de cualificación baseado na avaliación continua. De tal xeito que o alumnado supera a/s avaliación/s suspensa/s anterior/es se obtén unha cualificación positiva na última realizada.

EXCEPCIÓN Á AVALIACIÓN CONTINUA:

O alumnado que teña suspensa tan só a terceira avaliación terá dereito a que se lle faga unha recuperación mediante proba obxectiva escrita, que terá as características que se detallan no apartado "Probas extraordinarias de recuperación da materia antes da avaliación final ordinaria".

CUALIFICACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN EN AVALIACIÓN PARCIAIS:

En cada avaliación parcial atenderase aos seguintes aspectos:

1. Como criterios de cualificación serán valorados os resultados obtidos a través dos instrumentos correspondentes:

- Rexistro de aula (observación directa): 5%
- Produción do alumnado: 5%
- Probas escritas (exames): 90%

2. De ser o caso, poderán fusionarse as valoracións do rexistro de aula e a produción do alumnado nun só concepto (**ACTITUDE CARA Á MATERIA**), equivalendo ao 10%. A valoración da proba escrita será sempre do 90%.

3. Cada proba obxectiva escrita será valorada sobre 10 puntos e a puntuación que se outorgue a cada unha das cuestións/apartados que conformen esa proba aparecerá explícita no propio exercicio que debe realizar o alumnado, para o seu coñecemento e información. Cada proba escrita constará dos apartados que configuran a programación establecida en 4 apartados, e asignarase a cada un a valoración que está estipulada consonte os criterios establecidos polo departamento:

1. LINGUA LATINA : 6 puntos;
2. ROMA: HISTORIA ET VITA: 1,5 puntos;
3. TEXTUS: 1,25 puntos;
4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA: 1,25 puntos.

4. Como disciplina lingüística, en todas as probas escritas (exames ou traballos) penalizarase con 0,1 (ata un máximo de 1 punto) as faltas de ortografía e deficiencias gramaticais da redacción (léxicas ou de construción).

OBTENCIÓN DA NOTA FINAL DE AVALIACIÓN PARCIAL:

A obtención da nota final de cada avaliación parcial realizada polo alumnado será o resultado de sumar a ponderación correspondente (segundo a puntuación obtida en cada un dos instrumentos) dos apartados ACTITUDE CARA Á MATERIA e PROBA/S OBXECTIVA/S:

Nota avaliación parcial = 10% actitude cara á materia + 90% proba/s obxectiva/s

OBSERVACIÓNS:

- Na cualificación de cada proba obxectiva realizada, atenderase aos seguintes criterios: a) as cuestións relacionadas co bloque 1 equivalerán a un máximo de 6 puntos (60% do total); b) as cuestións relacionadas co bloque 2, a un máximo de 1,5 puntos (15% do total); c) as do bloque 3, a un máximo de 1,25 puntos (12,5% do total); d) as do bloque 4, a un máximo de 1,25 puntos (12,5% do total).
- No caso de realizarse 2 probas obxectivas, aplicarase o 90% á media obtida da suma das puntuacións acadadas en cada unha delas.
- Unha avaliación parcial só será superada cando se obteña un mínimo de 5 puntos como consecuencia da suma ponderada.
- É facultade do profesorado que imparte a materia utilizar ou non utilizar nas avaliacións parciais a práctica do arredondeo. Deste xeito, enténdese que calquera nota que estea entre 5 e 5,9 será 5 (así como a que estea entre 4 e 4,9 será 4), agás que o profesor/a decida arredondar á inmediata superior.

PONDERACIÓN EN ACTITUDE CARA Á MATERIA:

Valorarase neste apartado: asistencia continuada e puntualidade, realización das tarefas diarias, presentación en tempo e forma de traballos (de ser o caso), participación na clase e respecto polas normas de convivencia do centro.

IRREGULARIDADES E/OU INFRACCIÓNS ACADÉMICAS:

- A non presentación a unha proba obxectiva, sen causa debidamente xustificada, significará unha valoración de 0 puntos na mesma.
- Deixar un exame/proba obxectiva en branco ou contestar indebidamente e fóra de lugar con observacións que non gardan relación cos contidos do propio exame significará unha valoración de 0 puntos.
- No caso de que o alumnado sexa sorprendido copiando (con independencia do procedemento utilizado: manual, electrónico, etc), anularáselle a proba, puntuándoa con 0 puntos, sen prexuízo da repercusión que lóxicamente ocasionará a comunicación ás instancias correspondentes do centro.

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS PARCIAIS NO PERÍODO ORDINARIO DE CURSO:

Atendendo ao concepto de avaliación continua, utilizaranse como procedementos de recuperación de avaliacións parciais durante o período ordinario de curso os seguintes:

❖ PROCEDIMENTO XERAL:

Cada avaliación con cualificación negativa considerarase superada coa valoración positiva da inmediatamente seguinte, do mesmo xeito que unha avaliación con puntuación positiva seguida dunha con cualificación negativa indicará que o/a alumno/a ata ese momento ten o curso suspenso. A nota que corresponderá (para efectos de cálculo de nota media final) será como mínimo de 5 puntos, quedando a criterio do profesorado calquera outra que se sitúe entre 5 e a nota obtida na propia avaliación de referencia.

❖ PROCEDIMENTO ESPECÍFICO/EXCEPCIONAL (Só coa 3ª avaliación suspensa):

O alumnado que estea nesta situación, é dicir, con dúas avaliacións aprobadas e só a 3ª suspensa, e que polo tanto neste momento ten a materia suspensa, **poderá presentarse a unha proba extraordinaria de recuperación** (que se celebrará antes da sesión de avaliación final ordinaria e que aparece definida nesta programación didáctica no apartado PROBAS EXTRAORDINARIAS DE RECUPERACIÓN DA MATERIA), co fin de poder superar esa cualificación negativa. **A nota desta avaliación** (para os efectos de cálculo de nota media final) **será a obtida nesta proba realizada, xa que é o único instrumento de valoración aplicable.**

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA (XUÑO):

Con respecto á realización da avaliación final ordinaria, determínanse as seguintes actuacións:

OBTENCIÓN DA NOTA FINAL:

1. Principio xeral: Para poder obter unha cualificación final positiva **será necesario ter**, polo menos, **dúas avaliacións superadas sendo unha delas a 3ª ou ter a 3ª aprobada (base da avaliación continua)**. Considérase superada a materia na avaliación final ordinaria cando se acada unha puntuación final mínima de 5 puntos.

2. Casuística:

2.1 Tres avaliacións superadas: A nota final corresponderase co resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$\text{Nota final} = \text{Nota 1ª avaliación} \times 0,2 + \text{Nota 2ª avaliación} \times 0,3 + \text{Nota 3ª avaliación} \times 0,5$$

(De ser o caso, é facultade do profesorado aplicar un factor de mellora (como máximo ata 1 punto) sobre o resultado da media, cando se dean as situacións de esforzo e actitude cara á materia)*

2.2 Dúas avaliacións aprobadas (sendo unha delas a 3ª): A nota final será o resultado da media aritmética realizada entre as cualificacións das dúas avaliacións aprobadas.

$$\text{Nota final} = \text{Media aritmética de Nota avaliación A} + \text{Nota avaliación B}$$

2.3 Só a 3ª avaliación aprobada: A nota final será 5.

2.4 Alumnado que quedará coa materia pendente de recuperación en fase extraordinaria:
Calquera outra situación que non estea contemplada nesta casuística anterior significará que o alumnado deberá presentarse á proba extraordinaria correspondente para recuperar a materia que está suspensa

11.11 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE RECUPERACIÓN DA MATERIA / SINGULARES PROBATIONES NOVAE ACQUISITIONIS DISCIPLINAE

11.11.1 ANTES DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA / ANTE CONSUE TAM AESTIMATIONEM GLOBALEM

DESTINATARIOS DESTA PROBA

Alumnado en situacións excepciónais:

- Alumnado con tan só a 3ª avaliación suspensa (coa 1ª e 2ª avaliacións superadas).

A) DESEÑO E ESTRUTURA DA PROBA

Constará de 4 apartados, seguindo a distribución do departamento:

- Cuestións relacionadas co Bloque 1 (LINGUA LATINA)
- Cuestións relacionadas co Bloque 2 (ROMA: HISTORIA ET VITA)
- Cuestións relacionadas co bloque 3 (TEXTUS)
- Cuestións relacionadas co Bloque 4 (LEXICUM: VOCABULA ET DICTA)

B) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN/CORRECCIÓN DA PROBA

Cuestións do Bloque 1 = 6 puntos (60% do total)

Cuestións do Bloque 2 = 1,5 puntos (15% do total)

Cuestións do Bloque 3 = 1,25 puntos (12,5% do total)

Cuestións do Bloque 4 = 1,25 puntos (12,5% do total)

Entre a análise e a tradución terá que haber a debida correspondencia, polo que non se admitirá unha excelente tradución cunha análise deficiente ou viceversa.

As incorreccións na escrita (faltas de ortografía, gramática e léxico) serán penalizadas con 0,1 ata un máximo de 1 punto.

Cada cuestión da proba escrita irá acompañada da correspondente puntuación. A proba será valorada sobre 10 puntos e será o único instrumento de avaliación que se utilice.

C) OBTENCIÓN DA NOTA E VALORACIÓN POSITIVA DA PROBA

A nota da proba corresponderase coa suma total da puntuación obtida nos catro apartados. Para acadar unha cualificación positiva nesta proba deberá lograrse un mínimo global de 5 puntos. Toda puntuación inferior a 5 indica que a proba non está superada.

D) DATAS DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DA PROBA

A data de realización desta proba extraordinaria deberá ser sempre anterior á reunión de sesión ordinaria de avaliación final.

Para os casos de alumnos en situación excepcional (só a 3ª suspensa) a data será acordada con eles, co único límite da sesión de avaliación final.

A duración máxima da proba será 50 minutos.

E) CONTIDOS MÍNIMOS PARA A RECUPERACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN

Os contidos mínimos desta proba serán:

- 70% dos contidos impartidos para a 3ª avaliación
- 30% dos contidos da 1ª e 2ª avaliacións

CONTIDOS MÍNIMOS PARA RECUPERAR A 3ª AVALIACIÓN	
CONTIDOS DA 3ª AVALIACIÓN (70% DA PROBA = 7 PUNTOS)	
Bloque 1. LINGUA LATINA: Análise morfolóxica e sintáctica e tradución de frases ou texto	
Oración simple	Oración composta (coordinadas e subordinadas). Tipos e nexos
Construcións de infinitivo	Construcións de participio
Bloque 2. ROMA: HISTORIA ET VITA	
Organización política e social de Roma	Arte romana
Obras públicas e urbanismo	
Bloque 3. TEXTUS	
Redacción en latín de frases sinxelas sobre un tema proposto	Retroversión ao latín dunha/s frase/s en galego e/ou castelán
Bloque 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA	
Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Etimoloxías	Mantemento de elementos lingüísticos latinos
Composición e derivación cultas: lexemas, prefixos e sufixos	Locucións latinas de uso actual
CONTIDOS DA 1ª-2ª AVALIACIÓN (30% DA PROBA = 3 PUNTOS)	
Linguas de España: linguas romances e non romances	Obras públicas e urbanismo
Romanización de Hispania e da Gallaecia	

11.11.2 PROBA EXTRAORDINARIA DE RECUPERACIÓN DESPOIS DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA / NOVAE ACQUISITIONIS SINGULAR PROBATIO POST CONSUE TAM AESTIMATIONEM GLOBALEM

DESTINATARIOS DA PROBA EXTRAORDINARIA

Será destinatario para a realización desta proba o alumnado que non superou a materia na avaliación final ordinaria.

A) CONTIDOS MÍNIMOS DA PROBA

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A RECUPERACIÓN DO CURSO COMPLETO	
Bloque 1. LINGUA LATINA (60% da puntuación global)	
Linguas de España: linguas romances e non romances	Orixes do alfabeto latino
Análise morfolóxica e sintáctica	Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes
Flexión verbal: activa e pasiva	Elementos da oración: simple e composta. Tipos e nexos
Construcións de infinitivo e participio	
Bloque 2. ROMA: HISTORIA ET VITA (15% da puntuación global)	
Períodos da historia de Roma	Organización política e social romanas
Romanización de Hispania e de Gallaecia	A mitoloxía e a relixión
O exército romano	Obras públicas e urbanismo
Bloque 3. TEXTUS (12,5% da puntuación global)	
Tradución dun texto (previa análise morfolóxica e sintáctica)	Retroversión ao latín de frase/s en galego e/ou castelán
Bloque 4. LEXICUM: VOCABULA ET DICTA (12,5% da puntuación global)	
Composición e derivación cultas: lexemas, prefixos e sufixos	Locucións latinas de uso actual
Mantemento de elementos lingüísticos latinos	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Etimoloxías

B) DESEÑO/ESTRUTURA DA PROBA

Constará de 4 apartados básicos, segundo as pautas de organización establecidas nesta programación:

1. Contidos correspondentes ao Bloque 1 (LINGUA LATINA)
2. Contidos correspondentes ao Bloque 2 (ROMA: HISTORIA ET VITA)
3. Contidos correspondentes ao Bloque 3 (TEXTUS)
4. Contidos correspondentes ao Bloque 4 (LEXICUM: VOCABULA ET DICTA)

C) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN / CORRECCIÓN DA PROBA:

Apartado 1 = 6 puntos

Apartado 2 = 1,5 puntos

Apartado 3 = 1,25 puntos.

Apartado 4 = 1,25 puntos.

Entre a análise e a tradución terá que haber a debida correspondencia, polo que non se admitirá unha excelente tradución cunha análise deficiente ou viceversa.

As incorreccións na escrita (faltas de ortografía, gramática e léxico) serán penalizadas con 0,1 ata un máximo de 1 punto.

Cada cuestión da proba escrita irá acompañada da correspondente puntuación. A proba será valorada sobre 10 puntos e será o único instrumento de avaliación que se utilice.

D) OBTENCIÓN DA NOTA E VALORACIÓN POSITIVA DA PROBA

A nota da proba corresponderase coa suma total da puntuación obtida nos catro apartados. Para acadar unha cualificación positiva nesta proba deberá lograrse un mínimo global de 5 puntos. Toda puntuación inferior a 5 indica que a proba non está superada e, polo tanto, tampouco a avaliación.

A non presentación á proba supoñerá que o alumnado obteña como cualificación académica NP.

E) DATAS DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DA PROBA

A data de realización desta proba extraordinaria quedará fixada dentro do calendario xeral de probas programado polo centro.

O profesorado da materia, a través do titor no momento da entrega de boletíns correspondente á convocatoria ordinaria, facilitará aos/ás alumnos/as que deben presentarse a esta convocatoria información sobre as características da mesma e que, con carácter xeral, responderá ao especificado nesta programación.

A duración máxima da proba quedará a expensas da decisión organizativa xeral do centro para a convocatoria extraordinaria.

11.12 SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES / *CURA NOVAQUE ACQUISITIO ATQUE AESTIMATIO DISCIPLINAE EX SUPERIORI CURSU REPROBATAE*:

11.12.1 PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIA DE CONTINUIDADE NON SUPERADA NO CURSO PRECEDENTE / *ADIUVAMINIS VIA AD DISCIPLINAE EX PRAEDEDENTI CURSU REPROBATAE NOVAM ACQUISITIONEM*

NON PROCEDE EN 1º BACHARELATO

11.12.2 MATERIA NON SUPERADA NO CURSO PRECEDENTE E QUE NON SE ESTUDA NO ACTUAL / *DISCIPLINA EX PRAEDEDENTI CURSU REPROBATA NON HODIERNO STUDENDA*

NON PROCEDE EN 1º BACHARELATO

11.12.3 ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS DA MATERIA DE CONTINUIDADE NON CURSADA ANTERIORMENTE / *COGNITIONUM FIDES DE REPROBATA DISCIPLINA QUAE NON PER PRAEDEDENTEM CURSUM STUDENDA*

NON PROCEDE EN 1º BACHARELATO

11.12.4 AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE / *POTISSIMARUM FACULTATUM AESTIMATIO*

Co fin de poder realizar unha avaliación final das competencias asignadas a esta materia, o departamento, co obxecto de contar cun deseño propio e útil, así como coa intención de achegar obxectividade e rigor no seu tratamento, establece as seguintes directrices:

11.12.4.1 REFERENTES

Para a realización da avaliación por competencias, este departamento tomará como referentes:

- O índice medio de participación de cada competencia nos diferentes bloques.
- A nota media resultante das tres avaliacións en cada bloque.

11.12.4.2 PROCEDEMENTO

Para avaliar as competencias, adoptouse o seguinte procedemento:

- Análise da frecuencia de cada competencia dentro de cada un dos 4 bloques.
- Tense en conta que hai competencias presentes nos 4 bloques e outras só en 3 e mesmo algunhas que só aparecen de maneira significativa en 1 ou 2 bloques

11.12.4.3 ASIGNACIÓN DE PUNTUACIÓN A CADA COMPETENCIA SEGUNDO OS BLOQUES NOS QUE SON MÁIS REPRESENTATIVAS

Competencia	Bloques de referencia	Fórmula para puntuación
CCL	<ul style="list-style-type: none"> Bloque 1 Bloque 2 Bloque 3 Bloque 4 	A nota será a mesma que se obteña na puntuación global. A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5.
CAA	<ul style="list-style-type: none"> Bloque 1 Bloque 2 Bloque 3 Bloque 4 	A nota será a mesma que se obteña na puntuación global. A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5.
CD	<ul style="list-style-type: none"> Bloque 1 Bloque 2 Bloque 4 	A nota será a mesma que se obteña da puntuación media dos tres bloques. A puntuación máxima será 8,75 (suma de 6,5 + 1,5 + 1,25) equivalente a 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 4,7 (=5).
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> Bloque 1 Bloque 2 	Nota máxima global que se pode obter é 7,5 (6 + 1,5) que equivalerá a 10 puntos. A puntuación mínima para entender que a competencia está lograda será 3,75 (=5)
CSC	<ul style="list-style-type: none"> Bloque 2 	Nota máxima global 1,5 (=10) Puntuación mínima de logro: 0,75 (=5)
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> Bloque 2 	Nota máxima global 1,5 (=10) Puntuación mínima de logro: 0,75 (=5)
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> Bloque 2 	Nota máxima global 1,5 (=10) Puntuación mínima de logro: 0,75 (=5)

11.12.4.4 INSTRUMENTO PARA AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

MATERIA: LATÍN I	CURSO: 1º BACHARELATO	GRUPO:
<input type="checkbox"/> AVALIACIÓN PARCIAL:	<input type="checkbox"/> AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA	

DISCIPULORUM/ARUM TABULA	ÍNDICE DE LOGRO E PUNTUACIÓN DAS COMPETENCIAS ASOCIADAS											
	NON LOGRADO		LOGRADO			4 Bloques	4 Bloques	B1+B2+B4	B2	B2	B1 + B2	B2
	1 - 2	3 - 4	5 - 6	7 - 8	9 - 10	CCL	CAA	CD	CSC	CCEC	CMCCT	CSIEE
1.												
2.												
3.												
4.												
5.												
6.												
7.												
8.												
9.												
10.												
11.												
12.												

13.												
14.												
15.												
16.												
17.												
18.												
19.												
20.												
ESTADÍSTICA GLOBAL												

CLAVES			
CCL: A nota será a mesma que se obteña na puntuación global. A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5.	CAA: A nota será a mesma que se obteña na puntuación global. A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5	CD: A nota será a mediaa que se obteña da suma dos tres bloques. A puntuación máxima será 8,75 (=6+1,5+1,25) equivalente a 10, e a mínima para entender que a competencia está lograda será 4,7 (=5).	CMCCT: Bloque 1 + Bloque 2 Nota máxima global que se pode obter é 7,5 (6 + 1,5) que equivalerá a 10 puntos. A puntuación mínima para entender que a competencia está lograda será 3,75 (=5)
CSC: Bloque 2 Nota máxima global 1,5 (=10) Puntuación mínima de logro: 0,75 (=5)	CCEC: Bloque 2 Nota máxima global 1,5 (=10) Puntuación mínima de logro: 0,75 (=5)	CSIEE: Bloque 2 Nota máxima global 1,5 (=10) Puntuación mínima de logro: 0,75 (=5)	

**12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN LATÍN DE 1º BACHARELATO / *ACCIONES AD
DISSIMILITUDINES CURANDAS EX 1º BACCALAUREATUS LATINA LINGUA***

Un dos principios básicos que debe ter en conta toda intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno ou alumna a axuda pedagóxica que necesiten en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Desto xorde a necesidade de atender esta diversidade.

No BACHARELATO, agás excepcións moi puntuais, as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses non soen estar definidas, por máis que a propia organización do ensino permite que o alumnado teña unha resposta a esta diversidade mediante a elección de modalidades e itinerarios.

Aínda que non é doado xeralizar, posto que a tipoloxía é extensa, é a observación do profesorado o factor decisivo para establecer o xénero de alumnado que ten ao seu cargo, bosquexase a continuación un modelo aproximado do alumnado "medio" que pode asistir ás clases de Latín 1º BACHARELATO:

- Alumnado que non cursou Cultura Clásica en 3º de ESO ni a materia de Latín en 4º ESO, e que, polo tanto, descoñece moitos dos aspectos (aínda que xerais) da civilización clásica e dos fundamentos lingüísticos do latín.
- Alumnado que opta por esta materia porque está orientado académica e profesionalmente e cre que lle vai ser útil.
- Alumnado motivado polos seus intereses de carácter literario, histórico e artístico: elixe esta materia porque lle gusta todo o relacionado coas humanidades. Non son moitos, a verdade.
- Alumnado que realizou unha selección aleatoria e pouco meditada, ben porque non quere separarse dos seus amigos, que optaron por esta materia, ou porque cre que é algo fácil de aprobar, ou porque a elixiu por exclusión.
- Alumnado rexeitado, por falta de cupo, noutra materia.

Non obstante, desde as propias materias debemos acometer o tratamento da diversidade no BACHARELATO, e máis especificamente desde a materia de latín, desde dúas vías:

- a. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.
- b. A atención á diversidade na programación de actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais do alumnado. A variedade e abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten adaptarse ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

Os dous principais problemas que se abordan en 1º BACHARELATO relaciónanse con diferenzas a nivel de grupo e individuais:

1. **A nivel de grupo**, poderemos atoparnos coa complicada situación de abordar as clases con alumnado que acceden a este nivel de 1º curso de BACHARELATO cun desfase de coñecemento do mundo clásico de 1 (se fixo 4º de Latín) ou mesmo 2 anos (se non fixo 3º de Cultura Clásica e 4º de Latín), fronte a outro alumnado que xa conta cun mínimo de coñecementos por ter cursados 3º e/o 4º cursos. Para solventar esta situación, o departamento deberá deseñar unha proposta de actividades complementarias que teñan como fin acadar no menor tempo posible o nivel mínimo de coñecementos propio do curso no que se está matriculado/a. Realizarase unha fase temporal de repaso efectivo de contidos mínimos do curso precedente, así como actividades diferenciadas.
2. **A nivel individual**, por primeira vez poderemos encontrar alumnado con altas capacidades como diagnosticados polas súas necesidades especiais, xunto con pendentes do curso anterior, cuxo fracaso non debe estar necesariamente relacionado coas capacidades ou aptitudes individuais.

Tanto no primeiro caso como no segundo, desempeñará un papel fundamental a **proba de avaliación inicial**, deseñada a tal fin, grazas á que se analizará a situación de partida de forma obxectiva, e se deseñarán as estratexias aplicables durante o curso.

Coa finalidade de levar cabo tales medidas, é recomendable realizar un diagnóstico e descrición do grupo ou grupos de alumnado aos que vai dirixida esta programación didáctica, así como unha valoración das necesidades individuais de acordo coas súas potencialidad y debilidades, con especial atención ao alumnado que require medidas específicas de apoio educativo (alumnado de incorporación tardía, con necesidades educativas especiais, con altas capacidades intelectuais...). Para todo iso, un procedemento moi adecuado será a avaliación inicial que se realiza no comezo do

curso na que se identifiquen as competencias que o alumnado ten adquiridas, máis alá dos meros coñecementos, que lle permitirá a adquisición de novas aprendizaxes, destrezas e habilidades. Respecto do grupo, será necesario coñecer as súas debilidades e fortalezas en canto á adquisición de competencias clave e funcionamento interno a nivel relacional e afectivo. Iso permitirá planificar correctamente as estratexias metodolóxicas máis adecuadas, unha correcta xestión da aula e un seguimento sistematizado das actuacións en canto á consecución de logros colectivos.

Tanto os posibles casos de altas capacidades como os de alumnado con necesidades educativas especiais deberán partir dun diagnóstico externo sobre o que se articulará, a través do departamento de orientación, a actuación posterior coa materia. Non obstante, tanto nun caso como noutro, desempeñarán un papel importante a selección de exercicios complementarios individuais que o departamento de latín ofrecerá ao alumnado e os tipos de actividades seleccionadas para responder á adaptación que este alumnado, con diagnóstico previo, necesita.

Calquera medida que consista en poñer en funcionamento actuacións que impliquen modificacións substanciais do currículo, é dicir, adaptacións de acceso ao currículo e adaptacións curriculares non significativas (priorización dos obxectivos e contidos, adaptacións metodolóxicas e procedementos e instrumentos de avaliación), deberán ser adoptadas desde o departamento de orientación e, de ser o caso, debidamente autorizadas polo órgano competente.

Entre as medidas que o departamento poderá utilizar para atender este alumnado figuran as seguintes:

1. **Actividades de reforzo:** Están pensadas para o alumnado que presenta problemas de aprendizaxe ou falta de base, co fin de que este tipo de alumnado acade os contidos mínimos. Consistirán en diferentes tipos de actividades vinculadas ás características dos bloques temáticos da materia: tratamento da información ou investigación (HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN, LÉXICO), aumento dos exercicios necesarios para a análise morfolóxica e sintáctica, información gráfica sobre uso de dicionario.
2. **Ampliacións:** Están pensadas para aquel alumnado que pode e debe profundizar na aprendizaxe dos contidos. Teñen un tratamento similar ás actividades de reforzo coa excepción de que o seu carácter é máis analítico.

Tanto un tipo como o outro deben cumprir dúas características esenciais:

- Non deben ser demasiado sinxelas, para non ser pouco interesantes e motivadoras.
- Non deben ser demasiado difíciles, para non ser desmotivadoras.

En conclusión, para o alumnado con dificultades de aprendizaxe (con independencia da súa causa), o departamento preparará e entregarlle un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos vacacionais. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumnado non consegue realizar, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado despois das fins de semana ou unha vez rematado o período vacacional. Nas clases poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto do alumnado prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- Exercicios previos para comprender mellor a materia.
- Exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- Exercicios de repaso daqueles coñecementos pouco adquiridos.
- Repaso de traducións realizadas para aprender a mecánica de tradución e reversión de textos.
- Do mesmo xeito, a aquel alumnado que amose especial interese procurarase entregarlle material (todo tipo de materiais e recursos na rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundizar en aspectos concretos do programa de contidos.

13. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN LATÍN DE BACHARELATO/ *COLLATERALIUM ELEMENTORUM DEFINITIO EX BACCALAUREATUS LATINA LINGUA*

1. FOMENTO DA LECTURA, COMPRENSIÓN LECTORA, EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA (*Véxase, ademais, o "Plan de lecturas do departamento"*)

Ao tratarse o latín dunha lingua, un dos obxectivos primordiais é o tratamento da competencia en comunicación lingüística, e, para isto, considérase como un dos mellores procedementos o fomento da lectura e da escritura. Unha correcta competencia lectora e escritora facilita ademais os mecanismos que permiten a autonomía na aprendizaxe, a achega ás fontes de información e a posibilidade de estimular a formación do seu espírito estético.

A través da materia de Latín I, promoverase e fomentarse a lectura desde distintas vertentes:

- Dentro da dinámica das sesións de clase, procurarase que todo o alumnado lea e declame textos (incluídos textos clásicos adaptados) durante o proceso de

desenvolvemento das unidades didácticas para mellorar a súa comprensión lectora e a súa expresión oral e escrita.

- A exposición de traballos realizados cando sexa necesario.
- Traballo co vocabulario (derivación e composición, étimos, locucións) que proporcionará ao alumnado un mellor coñecemento do galego e do español e os seus correctos usos
- Proposta de lectura obrigada dunha obra contemporánea de asunto romano (**En busca de una patria. La historia de la *Eneida***, de Penélope Lively)
- Propiciarase que o alumnado participe en todas aquelas actividades promovidas desde o plan de fomento da lectura a nivel de centro

2. PLAN TIC

O fomento do uso das TIC, como obxectivo legalmente establecido, será tamén un obxectivo importante para a materia de Latín, utilizando a rede informática para realizar traballos de investigación e encontrar información (uso dos contidos *on line* de páxinas web especializadas en contidos clásicos), incentivando no alumnado o uso dos recursos informáticos para, de ser o caso, presentación de traballos, así como medio de comunicación co profesorado (correo electrónico). Por outra banda, advertirase dos riscos que supón a utilización das TIC sen as debidas medidas de seguridade.

En resumo, a materia de latín en 1º de bacharelato contribuirá á aplicación das TIC no desenvolvemento do proceso de ensino – aprendizaxe a partir de:

- Na aula: utilización de proxeccións.
- Na aula de informática-audiovisuais ou biblioteca: manexo de ordenadores para a busca de información e elaboración de tarefas.
- Na casa: formulando traballos de consulta, busca, selección e elaboración da información.
- Presentando ao alumnado, como material didáctico complementario, unha proposta de páxinas web para a súa consulta e utilización.
- Utilización do correo electrónico para a interacción académica profesor-alumno e familias. Envío de información e material para traballar durante o curso.

3. OUTROS CONTIDOS TRANSVERSAIS (**Véxase, ademais, as "Accións para contribuír ao Plan de convivencia"**)

Desde a materia de latín, e durante o seu desenvolvemento (a través de textos, temas de historia, cultura e civilización, expresións latinas, vocabulario específico e desde as actitudes individuais observadas), abordaranse fundamentalmente os seguintes contidos:

- **Educación ambiental:** Aínda que este concepto de educación ambiental non existía para os romanos, podemos asocialo á nosa materia ao observar moitos dos xacementos arqueolóxicos, situados en plena natureza; tamén ao falar de determinadas obras públicas (creación da rede de sumidoiros ou construción de acuedutos).
- **Educación para o consumo:** Pódese abordar a partir da gastronomía romana (festas e banquetes)
- **Educación para a paz e resolución de conflitos pola vía pacífica** (explicitación do plan de convivencia do centro). Tamén se pode ver cómo Roma levou a cabo unha política de expansión colonial e imperialista baseada na guerra, e cómo se crearon elementos de regulación para a paz e a convivencia (primeiras leis -Doce Táboas- e posteriormente o Dereito Romano). Por outro lado, tamén se pode abordar desde o estudo das clases sociais e o longo camiño cara aos dereitos iguais entre plebeos e patricios, así como a situación dos escravos.
- **Prevención da violencia**, en calquera das súas manifestacións, contra as persoas diferentes.
- **Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.** Principalmente tratarase este valor ao coñecer a vida da maioría das mulleres romanas, relegadas a un papel subsidiario e dependente (o pai ou o marido)
- **Educación para a saúde.** Este aspecto pode traballarse ao estudar os hábitos de hixiene dos romanos (baños, termas), o hábitat (salubridade e insalubridade nas casas, barrios, vilas de recreo) e o exercicio físico e coidado do corpo (manifestacións atléticas e deportivas).

**PROGRAMACIÓN DE LATÍN
DE 2º CURSO DE BACHARELATO**

***LINGVAE LATINAE PROGRAMMA GRADUS
SECUNDI BACCALAUREATUS***

1. INTRODUCCIÓN / PRAEFATIO

A materia Latín II na etapa de bacharelato ten como finalidade principal que o alumnado profundice no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e a cultura latinas, facendo fincapé, asemade, no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental. Ademais, posto que nesta etapa se aborda con maior detalle o estudo da lingua —en virtude de súa riqueza e complexidade estrutural— esta maior atención á lingua latina constitúe en por si non só un importante exercicio intelectual, senón que, ao mesmo tempo, proporciona unha sólida base científica para o estudo e perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

Conforme esta perspectiva, no currículo oficial o estudo da materia organizouse en bloques que, con lixeiros matices, se corresponden cos do primeiro curso. Estes bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible aprezar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O primeiro destes bloques do currículo oficial (que nesta programación, ao igual que os demais, será adaptado ás esixencias da ABAU en Galicia) céntrase en analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego e do castelán e das demais linguas romances. Para a explicación deste feito, que tradicionalmente foi esgrimido como un dos principais argumentos para xustificar a importancia da materia, é necesario coñecer o marco xeográfico no que se desenvolve a civilización romana, marco que varía sustancialmente ao longo da súa dilatada historia. Ao mesmo tempo, xa que este tema foi iniciado no curso de 1º, seguirase traballando o concepto de lingua romance e profundizarase no tratamento máis científico do termo e nas clasificacións que se establecen dentro do mesmo.

Neste segundo curso, profundizarase no coñecemento máis netamente lingüístico da materia, é dicir, na morfoloxía e na sintaxe (BLOQUES 2 e 3), dúas realidades inseparables que conforman e integran a vertente gramatical da lingua. Preténdese que o alumno aumente o seu coñecemento sobre a flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe, pola súa banda, ocúpase de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade.

No segundo curso, o bloque de cultura está dedicado á literatura (BLOQUE 4), de modo que o alumno coñeza as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores e obras máis

representativas e as súas influencias na literatura posterior, así como que coñeza os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e cultura europea e occidental.

Ao estar realizando o segundo curso da materia, o mellor coñecemento da lingua permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, aumentando a comprensión dos textos literarios clásicos latinos co fin de entender as claves da sociedade na que viron a luz. Se a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para adentrarse no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas as dúas que os propios textos, aos que se dedica outro dos bloques de contidos previstos para o curso (BLOQUE 5). Preténdese deste modo facer fincapé na necesidade de estudar en todo momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados.

Por último, dedícase un bloque ao estudo do léxico (BLOQUE 6), entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para poñer de manifesto a pervivencia das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda ao alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos (mediante o estudo dos mecanismos de composición e derivación) ou a descubrir o doutros que non utilizara anteriormente (locucións e expresións latinas), incorporándoos ao seu vocabulario habitual.

2. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA / PROPOSITA ITINERIS EDUCATIVI UNIVERSA

Segundo se recolle no artigo 26 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3. OBXECTIVOS XERAIS DE LATÍN NO BACHARELATO / *LINGVAE LATINAE BACCALAUREATUS PROPOSITA UNIVERSA*

O ensino do Latín no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Coñecer e utilizar os fundamentos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina e iniciarse na interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el, especialmente no galego e castelán.
3. Analizar textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que han evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e apreza-los como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreza-los a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes éticas e estéticas que conforman o ámbito cultural europeo.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE LATÍN NO BACHARELATO / *LINGVAE LATINAE BACCALAUREATUS SINGULARIA PROPOSITA*

1. A materia de Latín no bacharelato achega as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental, permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance, ou doutras influídas polo latín.
2. O estudo da lingua latina nos seus aspectos fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e léxico ten en si mesmo un alto valor formativo como instrumento de estruturación mental para o alumnado que optase por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais.
3. A coincidencia de seu estudo co da lingua grega, ao tempo que invita a un tratamento coordinado, permite comprender a estrutura flexiva das dúas linguas clásicas, tan ricas en contido e tan fecundas na súa contribución ás linguas modernas.
4. A lectura comprensiva e o progresivo adestramento nas técnicas de tradución de textos latinos, orixinais ou elaborados, de dificultade gradual, así como a retroversión de textos das linguas utilizadas polo alumnado, serven para fixar as estruturas lingüísticas básicas e supoñen un valioso exercicio de análise e síntese aplicable a calquera outra aprendizaxe.
5. A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para poñer ao alumnado en contacto coas máis notables mostras da civilización romana: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica.
6. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e a sociedade romanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo.
7. O estudo do léxico latino e a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica nas linguas romances, xunto á observación da persistencia ou a transformación nelas das estruturas sintácticas latinas, permite aprezoar as linguas na súa dimensión diacrónica, como entes vivos en constante desenvolvemento, e valorar o amplo grupo das linguas romances faladas en Europa como o produto desa evolución no momento actual.

Estes obxectivos xerais e específicos formulados para a materia serán tratados en Latín I e II:

- Corresponde ao primeiro curso a asimilación das estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais, as nocións elementais de evolución fonética e os aspectos básicos da civilización romana, aplicando eses coñecementos á análise e tradución de textos breves e sinxelos.
- Compete ao Latín II a consolidación dos contidos anteriores e a súa ampliación co estudo da morfoloxía irregular, os procedementos de subordinación, as construcións sintácticas propias da lingua latina, a evolución do léxico e o tratamento de aspectos específicos do legado romano, aplicando os procedementos de análise e as técnicas de tradución a textos de maior complexidade e distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, co fin de obter unha mellor comprensión do pensamento e da tradición clásica e a valoración da súa continuidade na nosa sociedade, lingua e cultura.

5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO LATÍN EN 2º DE BACHARELATO / *LINGVAE LATINAE SECUNDI GRADUS BACCALAUREATUS SINGULARIA PROPOSITA*

1. Coñecer a gramática da lingua latina, incorporando as excepcións morfolóxicas, as categorías morfolóxicas e as estruturas sintácticas que non se chegaron a estudar en 1º curso de bacharelato ou se estudaron nun nivel máis superficial.
2. Ampliar o coñecemento do vocabulario (tanto para o desenvolvemento a nivel persoal como para o dominio da materia neste nivel).
3. Traducir e comprender textos latinos orixinais de dificultade media tanto en prosa como en verso.
4. Dominar suficientemente o manexo e uso do dicionario.
5. Identificar elementos léxicos e os principais procedementos de composición e derivación do latín e a súa aplicación a termos en lingua galega ou en lingua castelá.
6. Recoñecer os elementos léxicos da herdanza latina que permanecen nas linguas faladas polo alumnado.
7. Reflexionar sobre os elementos fundamentais que constitúen as linguas e as súas influencias mutuas no espazo e no tempo, recoñecendo as relacións existentes entre as estruturas da lingua latina e doutras linguas derivadas que foron profundamente influídas

por ela, e os compoñentes significativos desa herdanza (flexión nominal, pronominal e verbal).

8. Identificar e valorar as principais achegas da cultura romana no seu aspecto literario e de romanización de Galicia, e da súa lingua como instrumento transmisor de cultura.
9. Captar os valores éticos, estéticos, literarios, políticos, etc., que conforman a cultura latina, identificando nela as fontes de amplas parcelas do pensamento contemporáneo.
10. Recoñecer os elementos da herdanza latina que permanecen no mundo actual e consideralos como unha das claves para a interpretación deste.
11. Analizar e interpretar textos diversos, traducidos e orixinais, mediante unha lectura comprensiva, distinguindo as súas características esenciais e a súa evolución, e analizando a estrutura, o pensamento e a ideoloxía que neles se reflicte, cunha actitude crítica ante o mundo latino e o actual.
12. Capacitar o alumnado para enfrontarse á Proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade ABAU), deseñada polo grupo de traballo de Latín da CIUG.

6. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFIL COMPETENCIAL / DISCIPLINAE CONTRIBUTIO AD FACULTATES POTISSIMAS CONSEQUENDAS. COGNITIVA LINEAMENTA

As competencias do currículo establecidas pola normativa básica para o noso sistema educativo son:

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A materia de Latín, segundo o marco normativo actualmente vixente, desempeñará un papel esencial, xunto coas demais materias que cursa o alumnado, no desenvolvemento e adquisición das competencias.

Por outra parte, resulta evidente que a materia de Latín contribuirá en maior medida ao desenvolvemento de determinadas competencias, polo que é preciso sinalar en que aspectos contribúe a materia a ese desenvolvemento en cada unha, explicitándoos a continuación:

COMPETENCIA	MODO DE CONTRIBUCIÓN DA MATERIA
Comunicación lingüística	<ul style="list-style-type: none"> • Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e disfrute. • Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras. • Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social. • Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades. • Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación. • Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido. • Facilitade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas. • Fomento da capacidade creativa lingüística. • Melloría na comprensión e a emisión de mensaxes orais e escritas. • Melloría na motivación da aprendizaxe a partir da melloría na comprensión e expresión lingüísticas. • Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual. • Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos. • Desenvolvemento de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan. • Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidos. • Desenvolvemento de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións. • Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc. • Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias. • Desenvolvemento do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina. • Promoción da investigación científica e achegamento aos métodos que lle son propios. • Elaboración de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ao longo da historia. • Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías. • Capacidade de transmisión adecuada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.

COMPETENCIA	MODO DE CONTRIBUCIÓN DA MATERIA
Competencia dixital	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento e uso das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e uso para a comunicación, así como a creación de contidos. • Fomento do traballo colaborativo. • Busca de información mediante motores de busca. • Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais. • Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos. • Creación de contidos en distintos formatos (imágen, texto, audio, etc.). • Acceso e contribución ao coñecemento de dominio (wiki). • Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.
Aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> • Motivación por aprender. • Organización e xestión da propia aprendizaxe. • Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe. • Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados. • Capacidade de aprendizaxe en grupo.
Competencias sociais e cívicas	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais. • Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica. • Análise de situacións para a resolución de conflitos. • Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade. • Contribución á mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia. • Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais. • Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde el estudo da súa evolución histórica. • Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural. • Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade. • Respecto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.

COMPETENCIA	MODO DE CONTRIBUCIÓN DA MATERIA
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade para pensar de forma creativa. • Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos. • Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.). • Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas. • Comunicación e presentación de proxectos. Capacidade de traballo individual e en grupo. • Capacidade de autoavaliación. • Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para acadar os obxectivos planificados polo alumnado.
Conciencia e expresións culturais	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga. • Aprezo e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas. • Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea. • Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumnado. • Desenvolvemento do interese polas manifestacións culturais e artísticas. • Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia ata a cultura e a arte contemporánea. • Desenvolvemento de valores relativos á conservación do patrimonio e aprezo pola herdanza cultural e artística.

Para determinar o perfil competencial da materia Latín II, abordaremos os seguintes apartados:

a) Na seguinte táboa establécense as **conexións existentes entre os obxectivos da materia Latín II e o desenvolvemento dunha determinada competencia.**

OBXECTIVOS DE LATÍN II	PRINCIPAIS COMPETENCIAS QUE CONTRIBÚE A DESENVOLVER
Identificar os principais aspectos e realizacións culturais de Roma, con especial atención á literatura e recoñecer os elementos desa herdanza latina que permanecen no mundo e na cultura actuais e consideralos como unha das claves para a interpretación deste.	CCL CAA CSC CSIEE CCEC
Valorar as aportacións do legado cultural de Roma, especialmente da literatura, como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas, estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo ao que o alumnado pertence.	CCL CD CAA CSC CSIEEC CCEC
Desenvolver o sentimento de pertencenza á unidade cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo latino, con actitudes de tolerancia e respecto cara aos seus distintos pobos e os doutras zonas do mundo.	CCL CAA CSC CSIEE CCEC
Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, con aplicación das novas tecnoloxías, analízalos críticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.	CCL CMCT CD CAA CSIEE
Identificar os principais cambios na evolución do léxico latino ás linguas romances de España, contribuíndo así a un mellor coñecemento e aprezo desas linguas por parte do alumnado.	CCL CMCT CSIEE CCEC

Identifica ra orixe latina do acervo léxico das linguas romances faladas polo alumnado, así como os principais procedementos de composición e derivación do latín e su pervivencia nas linguas romances.	CCL CMCT CSIEE CCEC
Recoñecer o papel integrador do latín en distintas áreas da ciencia, filosofía, historia, literatura, arte, arquitectura e en xeral na cultura e historia de Occidente.	CCL CMCT CD CAA CCEC
Coñecer e utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina, aplicándoos correctamente na interpretación e traducción de textos orixinais latinos.	CCL CMCT CAA
Analizar e interpretar textos diversos, traducidos e orixinais, mediante unha lectura comprensiva, distinguindo os xéneros literarios, as súas características esenciais e evolución, e analizando a estrutura lingüística, o pensamento e a ideoloxía que neles se reflicte, cunha actitude crítica ante o mundo latino e o mundo actual.	CCL CAA CSC CSIEE CCEC

De acordo coa relación anterior, pódese dicir que a materia de Latín II, desde a perspectiva dos seus obxectivos, presenta o seguinte perfil competencial:

COMPETENCIA	FRECUENCIA ASIGNADA
CCL	100%
CAA	77,77%
CCEC	77,77%
CSIEE	77,77%
CMCT	55,55%
CSC	44,44%
CD	33,33%

De todo isto, pode deducirse que, segundo os obxectivos específicos establecidos, a priorización competencial e, por ende, o seu perfil están configurados do seguinte xeito:

1. A materia de Latín II está vinculada fundamentalmente á COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.
2. A materia de Latín II pode desenvolver, nunha porcentaxe significativa, as seguintes competencias: APRENDER A APRENDER, CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS e SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR.
3. A materia de Latín II vencéllase dun xeito menos significativo coas seguintes competencias: MATEMÁTICA E CIENCIAS E TCNOLOXÍA, SOCIAL E CÍVICA e a DIXITAL

b) Correlación entre bloques e competencias que se desenvolven con cada un deles:

BLOQUE	COMPETENCIAS (%)
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	<ul style="list-style-type: none"> • CCL: 100% • CAA: 66,66% • CCEC: 66,66% • CMCCT: 33,33% • CD: 33,33%
	A oración	<ul style="list-style-type: none"> • Preposicións e conxuncións de coordinación • A oración simple. Concordancias. • Principais complementos verbais. Oración pasiva e axente • Oración complexa : relativo, UT e CUM. • Oración de infinitivo. • A construción de participio • Análise e tradución de oracións simples e subordinadas.
	Léxico latino e evolución	<ul style="list-style-type: none"> • Etimoloxías. Cultismos e patrimoniais. • Evolución ás linguas romances de vogais, consoantes e grupos consonánticos máis importantes. • Locucións latinas de uso actual: significado e uso correcto
	Historia e vida	<ul style="list-style-type: none"> • Etapas históricas de Roma. Principais fitos históricos. • Aspectos da vida cotiá • Obras civís romanas. Algúns tipos e ubicación dos restos arqueolóxicos • Mitoloxía

B) DESEÑO/ESTRUTURA DA PROBA

Constará de 3 apartados básicos:

1. Análise e tradución de frases ou dun texto, que recollerá aqueles aspectos traballados durante o curso (véxase CONTIDOS MÍNIMOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A RECUPERACIÓN DE LATÍN I)
2. Léxico: coñecemento de vocabulario; explicación e uso correcto de expresións latinas de uso actual e etimoloxías.
3. Cultura: exposición escrita dun tema e/ ou contestación a preguntas tipo test.

C) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN / CORRECCIÓN DA PROBA

Apartado 1 = 6 puntos (entre a análise e a tradución terá que haber a debida correspondencia, polo que non se admitirá unha excelente tradución cunha análise deficiente ou viceversa)

Apartado 2 = 2 puntos

Apartado 3 = 2 puntos

As incorreccións na escrita (faltas de ortografía, gramática e léxico) serán penalizadas con 0,1 ata un máximo de 1 punto.

D) OBTENCIÓN DA NOTA E VALORACIÓN POSITIVA DA PROBA

A nota da proba corresponderase coa suma total da puntuación obtida nos tres apartados. Para acadar unha cualificación positiva nesta proba deberá lograrse un mínimo global de 5 puntos. Toda puntuación inferior a 5 indica que a proba non está superada.

E) DATAS DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DA PROBA

A data de realización desta proba extraordinaria determinarase de acordo co calendario xeral establecido polo centro (maio). A duración máxima prevista da proba será 90 minutos e a mesma quedará á expensas das decisións organizativas do centro.

F) OBTENCIÓN DA NOTA FINAL

A nota final será a resultante da suma que se realice entre a puntuación obtida nos apartados da proba, que será o único instrumento de avaliación.

11.11.2 MATERIA NON SUPERADA NO CURSO PRECEDENTE E QUE NON SE ESTUDA NO ACTUAL / DISCIPLINA EX PRAESENTI CURSU REPROBATA NON HODIERNO STUDENDA

11.11.2.1 DESTINATARIOS DO PROGRAMA

Alumnos que non continúan estudiando a materia con contidos progresivos en cursos superiores, é dicir, alumnado con Latín I non superado pero que non está matriculado en Latín II.

11.11.2.2 CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA

Utilizaranse dous instrumentos de avaliación:

- a) **Caderno de traballo** (20% da puntuación global), de carácter trimestral
- b) **Proba/s obxectiva/s** (80% da puntuación global): poderase celebrar unha no mes de xaneiro (global e eliminable: se se supera, estará superada a materia)); en calquera caso, realizarase unha proba no mes de maio (global e definitiva)

A este tipo de alumnado o xefe de departamento entregaralle no comezo de curso (setembro-outubro) **un plan de traballo** (follas de traballo específicas e individuais) para realizar na casa (véxase máis abaixo o esquema de plan de traballo), e informarase tamén dos criterios de cualificación da/s **proba/s parciais e final** que se establezan así como dos contidos mínimos da mesma e da súa estrutura. **Esta proba final celebrarase no mes de maio. No caso de que o centro estableza a posibilidade dunha proba en xaneiro**, realizarase esta coas mesmas características que a que se desenvolverá a de maio, co engadido de que tamén a de xaneiro **será global e de que quen a supere estará aprobado, aínda que oficialmente non se poida realizar o trámite ata a data fixada para a avaliación de probas extraordinarias de materias pendentes de cursos anteriores. A nota final será a resultante da suma que se realice entre a ponderación dun 20% para a realización correcta do caderno de traballo e o 80% da puntuación obtida na proba obxectiva final** ou, de ser o caso, en media aritmética coa/s parcial/ais realizada/s.

PLAN DE TRABALLO

Para estes casos, o plan de traballo xirará en torno aos puntos que a continuación se expresan:

- Exercicios sobre a flexión nominal e pronominal. Preposicións e conxuncións de coordinación.
- Exercicios sobre a flexión verbal : regulares (activos e pasivos) e verbo SUM
- Exercicios de análise e tradución de oracións : atributivas, transitivas, relativas, comparativo e superlativo, pasivas, de infinitivo, de participio, UT e CUM.
- Exercicios de léxico latino no galego e no castelán: cultismos e patrimoniais. Locucións de uso actual: significado e uso correcto.
- Aspectos culturais básicos : historia, mitoloxía, obras civís, vida cotiá, etc.

11.11.2.3 CARACTERÍSTICAS E ESTRUCTURA DA PROBA EXTRAORDINARIA DE MAIO

A) CONTIDOS MÍNIMOS DESTE TIPO DE PROBA

Estarán referidos sempre ao que aparece recollido no PLAN DE TRABALLO

- Exercicios sobre a flexión nominal e pronominal. Preposicións e conxuncións de coordinación.
- Exercicios sobre a flexión verbal : regulares (activos e pasivos) e verbo SUM
- Exercicios de análise e tradución de oracións : atributivas, transitivas, relativas, comparativo e superlativo, pasivas, de infinitivo, de participio, UT e CUM.
- Exercicios de léxico latino no galego e no castelán: cultismos e patrimoniais. Locucións de uso actual: significado e uso correcto.
- Aspectos culturais básicos : historia, mitoloxía, obras civís, vida cotiá, etc.

Para maior concreción, ofrécense os contidos mínimos no seguinte apartado:

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A RECUPERACIÓN DE LATÍN I

NIVEL	ASPECTOS	CONTIDOS
1º CURSO LATÍN I	Concepto de caso e declinación	<ul style="list-style-type: none"> Os casos e os seus valores. Só se terán en conta as funcións máis habituais ou primarias. As cinco declinacións: agrupacións morfolóxicas caracterizadas por trazos inconfundibles.
	Flexión nominal	<ul style="list-style-type: none"> As cinco declinacións, sen recorrer a casos especiais. Declinación de adxectivos. Comparativos e superlativos.
	Flexión verbal	<ul style="list-style-type: none"> Elementos constituíntes dunha forma verbal. As catro conxugacións regulares en activa e pasiva. Verbo SUM.
	A oración	<ul style="list-style-type: none"> Preposicións e conxuncións de coordinación A oración simple. Concordancias. Principais complementos verbais. Oración pasiva e axente Oración complexa : relativo, UT e CUM. Oración de infinitivo. A construción de participio Análise e tradución de oracións simples e subordinadas.
	Léxico latino e evolución	<ul style="list-style-type: none"> Etimoloxías. Cultismos e patrimoniais. Evolución ás linguas romances de vogais, consoantes e grupos consonánticos máis importantes. Locucións latinas de uso actual: significado e uso correcto
	Historia e vida	<ul style="list-style-type: none"> Etapas históricas de Roma. Principais fitos históricos. Aspectos da vida cotiá Obras civís romanas. Algúns tipos e ubicación dos restos arqueolóxicos Mitoloxía

B) DESEÑO/ESTRUTURA DA PROBA

Constará de 3 apartados básicos:

1. Análise e tradución de frases ou dun texto, que recollerá aqueles aspectos traballados durante o curso (véxase CONTIDOS MÍNIMOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A RECUPERACIÓN DE LATÍN I)
2. Léxico: coñecemento de vocabulario; explicación e uso correcto de expresións latinas de uso actual e etimoloxías.
3. Cultura: exposición escrita dun tema e/ ou contestación a preguntas tipo test.

C) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN / CORRECCIÓN DA PROBA

Apartado 1 = 4 puntos (entre a análise e a tradución terá que haber a debida correspondencia, polo que non se admitirá unha excelente tradución cunha análise deficiente ou viceversa)

Apartado 2 = 3 puntos

Apartado 3 = 3 puntos

As incorreccións na escrita (faltas de ortografía, gramática e léxico) serán penalizadas con 0,1 ata un máximo de 1 punto

D) OBTENCIÓN DA NOTA E VALORACIÓN POSITIVA DA PROBA

A nota da proba corresponderase coa suma total da puntuación obtida nos tres apartados. Para acadar unha cualificación positiva nesta proba deberá lograrse un mínimo global de 5 puntos. Toda puntuación inferior a 5 indica que a proba non está superada.

E) DATAS DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DA PROBA

A data de realización desta proba extraordinaria determinarase de acordo co calendario xeral establecido polo centro (maio e, de ser o caso, tamén en xaneiro). A duración máxima prevista da proba será 90 minutos, quedando esta duración a expensas da organización realizada polo centro.

F) OBTENCIÓN DA NOTA FINAL

A nota final será a resultante da suma que se realice entre a ponderación dun 20% para a realización correcta do caderno de traballo e o 80% da puntuación obtida na proba obxectiva.

11.11.3 ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS DA MATERIA DE CONTINUIDADE NON CURSADA ANTERIORMENTE / *COGNITIONUM FIDES DE REPROBATA DISCIPLINA NON PER PRAECEDENTEM CURSUM STUDENDA*

Segundo a normativa vixente, a materia Latín II é unha materia de continuidade. Segundo esa mesma normativa, o alumnado poderá matricularse da materia de 2º curso sen ter cursado a correspondente materia de 1º curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumnado ou alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º curso.

Ao abeiro desta normativa e en previsión de que se poida producir esta circunstancia, o departamento de latín elabora o seguinte procedemento para a acreditación de coñecementos da materia de continuidade non cursada anteriormente.

PROCEDEMENTO

1. Actuacións previas do departamento:

Coñecida a situación de alumnado con estas características, a xefatura de departamento reunirase persoalmente con este tipo de alumnado para:

- ❖ Informar da situación e do plan establecido para a acreditación de coñecementos.
- ❖ Coñecer a disposición do alumnado.
- ❖ Ofrecer os tempos necesarios (durante as clases ou fóra do horario de clases) a axuda que precisen.

2. Tratamento:

Esta situación particular presenta similitudes e diferencias con respecto ao alumnado que, estando matriculado en 2º na materia de latín, cursou a materia de primeiro pero non a ten superada. Precisamente por iso, o procedemento de acreditación que se vai desenvolver aunar semellanzas e distincións con respecto ao procedemento arbitrado para a recuperación da metria pendente de 1º curso.

3. Procedemento de acreditación:

3.1 Instrumentos de avaliación: Como instrumentos de avaliación para a acreditación de coñecementos, o departamento empregará os seguintes:

- ❖ Observación e comprobación sistemática do desenvolvemento académico do alumnado en 2º curso (especialmente na 1ª e 2ª avaliacións)
- ❖ Plan de traballo: cadernos de exercicios de carácter obrigatorio.
- ❖ Probas obxectivas parciais.

3.2 Plan de traballo trimestral: Para cada trimestre (1º e 2º) o departamento elaborará e entregará ao alumnado uns cadernos de exercicios, de realización obrigatoria por parte do alumnado, que deberá entregar na data que o departamento determine (con carácter xeral, antes da sesión de avaliación parcial de cada trimestre).

3.3 Procedemento de avaliación:

- ❖ O alumnado que supere a 1ª e a 2ª avaliación do 2º curso de latín e teña entregados en tempo e forma e con valoración positiva os cadernos do plan de traballo trimestral (1º e 2º trimestre), terá superada a materia do 1º curso.
- ❖ O alumnado que non opte polo procedemento anterior (avaliación positiva na 1ª e na 2ª avaliacións de 2º curso), poderá someterse trimestralmente (1º e 2º trimestre) a probas obxectivas parciais, que, no caso de ter valoración positiva en ambas as dúas e ter presentados os cadernos trimestrais en tempo e forma, así como a valoración positiva destes en cada un dos trimestres, determinará a superación da materia do 1º curso. O departamento informará ao alumnado sobre os contidos de cada unha das probas parciais, que terán como base os contidos mínimos esixibles para a superación da materia de latín de 1º curso.
- ❖ No caso de que por ningún dos dous procedementos anteriores o alumnado acade a superación da materia, presentarse a unha proba final extraordinaria no mes de maio (antes da sesión de avaliación final ordinaria de 2º curso) que se conformará sobre os contidos mínimos esixibles para a superación do latín de 1º curso.

Todo o referente a contidos, traballos para realizar e configuración das probas ou procedemento de valoración global e de cada apartado das probas queda sometido ao recollido no "Programa de reforzo para a recuperación de materia de continuidade non superada no curso precedente".

4. Informe sobre a condición de acreditación ou non acreditación de coñecementos de materia de continuidade non cursada.

Transcorrido o prazo para a superación da materia e previamente á realización da avaliación final ordinaria de 2º curso, o departamento elaborará por escrito (para entrega á xefatura de estudos e arquivo e/ou constancia nas actas do departamento) un informe que recolla a situación de acreditación ou non acreditación de coñecementos na materia por parte do alumnado.

Como modelo deste informe, o departamento ofrece o que aparece na sección de ANEXOS (PARS TERTIA) desta programación.

11.12. INFORMACIÓN SOBRE A ABAU/ DE ABAU NUNTIVM

11.12.1 INSTRUCCIÓN / ORDINATIONES

PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE ORIENTACIÓN PARA A MATERIA "LATÍN II" Curso 2019-2020

O grupo de traballo da materia "Latín II" acordou manter para o curso 2019 - 2020 os mesmos contidos, a mesma estrutura da proba e os mesmos criterios de valoración utilizados no curso 2018-2019. Polo tanto, así continuarán sendo as catro partes das que constará a proba e a distribución da puntuación asignada a cada unha desas partes:

PARTE 1: TEXTOS (ata 6 puntos)

1. Tradución dun fragmento dun texto latino da obra de Eutropio (opción A) ou da obra de Fedro (opción B).

Haberá que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de latín, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto.

PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE (ata 1 punto: ata 0,5 cada pregunta)

2. Análise morfolóxica das palabras dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Haberá que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades propostas e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas.

3. Análise sintáctica dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Haberá que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas preguntas admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PARTE 3: LITERATURA LATINA (ata 1,5 puntos)

4. Descrición das características principais dos xéneros literarios latinos e explicación dos autores e das obras máis representativos.

Propoñeranse dúas preguntas e haberá que responder só a unha delas.

Neste curso serán obxecto de avaliación exclusivamente os seguintes xéneros e autores:

- a) Teatro. Plauto
- b) Oratoria e retórica. Cicerón
- c) Historiografía. Livio
- d) Épica. Virxilio
- e) Lírica. Horacio

PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO (ata 1,5 puntos: ata 0,75 cada pregunta)

Haberá que responder soamente a dúas das tres preguntas propostas. Para as dúas últimas preguntas continuarase utilizando este curso a listaxe publicada na páxina web da CIUG para anos anteriores.

5. Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou na lingua castelá.

6. Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.

7. Comentario etimolóxico de topónimos.

Santiago de Compostela, outubro 2018

Xosé Carracedo Fraga

Director do grupo de traballo

LATÍN II MODELO DE EXAME

OPCIÓN A

PARTE 1: TEXTOS (ata / hasta 6 puntos)

1. Tradución do seguinte texto / Traducción del texto siguiente:

Actividade militar de Escipión en África / Actividad militar de Escipión en África

Anno quarto decimo posteaquam in Italiam Hannibal venerat, Scipio, qui multa bene in Hispania egerat, consul est factus et in Africam missus. Is in Africa contra Hannonem, ducem Afrorum, pugnat; exercitum eius interficit. Secundo proelio castra capit cum multis militibus.

PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE / MORFOLOGÍA Y SINTAXIS (ata / hasta 1 punto: 0,5 cada pregunta)

2. Análise morfolóxica das palabras do fragmento subliñado no texto proposto para tradución / Análisis morfológico de las palabras del fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.

3. Análise sintáctica do fragmento subliñado no texto proposto para tradución / Análisis sintáctico del fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.

PARTE 3: LITERATURA (ata / hasta 1'5 puntos)

Respóndase soamente a unha das dúas seguintes cuestións / Respóndase solamente a una de las dos siguientes cuestiones:

4a. A poesía lírica de Horacio / La poesía lírica de Horacio.

4b. A obra historiográfica de Tito Livio / La obra historiográfica de Tito Livio.

PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO / LATÍN ORIGEN DE LAS LENGUAS ROMANCES Y LÉXICO (ata / hasta 1'5 puntos: 0'75 cada pregunta)

Respóndase soamente a dúas das seguintes tres cuestións / respóndase solamente a dos de las siguientes tres cuestiones:

5. Sinálese o prefixo e explíquese que significado aporta nas seguintes palabras / Señálese el prefijo y explíquese qué significado aporta en las siguientes palabras: "cohabitación", "extrapolar", "ultratumba".

6. Explíquese o significado das expresións seguintes / Explíquese el significado de las expresiones siguientes: "alma mater", "grosso modo", "in fraganti".

7. Explíquese o significado dos seguintes topónimos / Explíquese el significado de los siguientes topónimos: "Celanova", "Fisterra", "Vigo".

LATÍN II MODELO DE EXAME

OPCIÓN B

PARTE 1: TEXTOS (ata / hasta 6 puntos)

1. Tradución do seguinte texto / Traducción del texto siguiente:

A serpe malvada / La serpiente malvada

Qui fert malis auxilium post tempus dolet.

Gelu rigentem quidam colubram sustulit

sinuque fovit contra se ipse misericors;

namque ut refecta est, necavit hominem protinus.

PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE / MORFOLOGÍA Y SINTAXIS (ata / hasta 1 punto: 0,5 cada pregunta)

2. Análise morfolóxica das palabras do fragmento subliñado no texto proposto para tradución / Análisis morfológico de las palabras del fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.

3. Análise sintáctica do fragmento subliñado no texto proposto para tradución / Análisis sintáctico del fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.

PARTE 3: LITERATURA (ata / hasta 1'5 puntos)

Respóndase soamente a unha das dúas seguintes cuestións / Respóndase solamente a una de las dos siguientes cuestiones:

4a. A poesía lírica de Horacio / La poesía lírica de Horacio.

4b. A obra historiográfica de Tito Livio / La obra historiográfica de Tito Livio.

PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO / LATÍN ORIGEN DE LAS LENGUAS ROMANCES Y LÉXICO (ata / hasta 1'5 puntos: 0'75 cada pregunta)

Respóndase soamente a dúas das seguintes tres cuestións / respóndase solamente a dos de las siguientes tres cuestiones:

5. Sinálese o prefixo e explíquese que significado aporta nas seguintes palabras / Señálese el prefijo y explíquese qué significado aporta en las siguientes palabras: "cohabitación", "extrapolar", "ultratumba".

6. Explíquese o significado das expresións seguintes / Explíquese el significado de las expresiones siguientes: "alma mater", "grosso modo", "in fraganti".

7. Explíquese o significado dos seguintes topónimos / Explíquese el significado de los siguientes topónimos: "Celanova", "Fisterra", "Vigo".

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN LATÍN DE BACHARELATO / *ACTIONES AD DISSIMILITUDINES CURANDAS EX BACCALAUREATUS LATINA LINGUA*

Un dos principios básicos que debe ter en conta toda intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno ou alumna a axuda pedagóxica que necesiten en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Desto xorde a necesidade de atender esta diversidade.

No bacharelato, as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses soen estar bastante definidas e a propia organización do ensino permite que o alumnado teña unha resposta a esta diversidade mediante a elección de modalidades e itinerarios.

Non obstante, desde as propias materias debemos acometer o tratamento da diversidade en bacharelato, e máis especificamente desde a materia de latín, desde dúas vías:

- a. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.
- b. A atención á diversidade na programación de actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais do alumnado. A variedade e abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten adaptarse ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

Os dous principais problemas que se abordan en 2º de bacharelato relaciónanse con diferenzas a nivel de grupo e individuais:

- 1. A nivel de grupo,** poderemos atoparnos coa complicada situación de abordar as clases con alumnado que acceden a este nivel de 2º curso tan só con 1 ou 2 anos impartidos na asignatura, en relación coa elección da opcional homónima de 4º curso de ESO. E mesmo sen ter cursado ningún nivel precedente, como é o caso daquel alumnado (minoritario, certamente, pero que aparece de cando en vez) que aparece matriculado en 2º curso pendente de acreditar coñecementos de 1º de bacharelato na materia de latín. Para solventar esta situación, o departamento deberá deseñar unha proposta de actividades complementarias que teñan como fin acadar no menor tempo posible o nivel mínimo de coñecementos propio do curso no que se está matriculado/a. Realizarase unha fase temporal de repaso efectivo de contidos mínimos do curso precedente, así como actividades diferenciadas.

2. A nivel individual, por primeira vez poderemos encontrar alumnado con altas capacidades como diagnosticados polas súas necesidades especiais, xunto con pendentos do curso anterior, cuxo fracaso non debe estar necesariamente relacionado coas capacidades ou aptitudes individuais. Para os casos de acreditación de coñecementos previos en materias de continuidade, o departamento, como xa se mencionou, establece medidas de apoio e reforzo a través dun plan específico de actuacións.

Tanto no primeiro caso como no segundo, a nivel xeral, desempeñará un papel fundamental a **proba de avaliación inicial**, deseñada a tal fin, grazas á que se analizará a situación de partida de forma obxectiva, e se deseñarán as estratexias aplicables durante o curso.

Tanto os posibles casos de altas capacidades como os de alumnado con necesidades educativas especiais deberán partir dun diagnóstico externo sobre o que se articulará, a través do departamento de orientación, a actuación posterior coa materia. Non obstante, tanto nun caso como noutro, desempeñarán un papel importante a selección de exercicios complementarios individuais que o departamento de latín ofrecerá ao alumnado e os fragmentos seleccionados de cada autor para responder á adaptación que este alumnado, con diagnóstico previo, necesita.

No bacharelato, a diferenza da ESO, trátase de poñer en funcionamento medidas que non impliquen modificacións substanciais do currículo, é dicir, adaptacións de acceso ao currículo e adaptacións curriculares non significativas (priorización dos obxectivos e contidos, adaptacións metodolóxicas e procedementos e instrumentos de avaliación).

Entre as medidas que o departamento poderá utilizar para atender este alumnado figuran as seguintes:

1. Actividades de reforzo: Están pensadas para o alumnado que presenta problemas de aprendizaxe ou falta de base, co fin de que este tipo de alumnado acade os contidos mínimos. Consistirán en diferentes tipos de actividades vinculadas ás características dos bloques temáticos da materia: tratamento da información ou investigación (literatura, léxico), aumento dos exercicios necesarios para a análise morfolóxica e sintáctica, información gráfica sobre uso de dicionario.

2. Ampliacións: Están pensadas para aquel alumnado que pode e debe profundizar na aprendizaxe dos contidos. Teñen un tratamento similar ás actividades de reforzo coa excepción de que o seu carácter é máis analítico.

Tanto un tipo como o outro deben cumprir dúas características esenciais:

- Non deben ser demasiado sinxelas, para non ser pouco interesantes e motivadoras.
- Non deben ser demasiado difíciles, para non ser desmotivadoras.

En conclusión, para o alumnado con dificultades de aprendizaxe (con independencia da súa causa), o departamento preparará e entregarlle un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos vacacionais. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumnado non consegue realizar, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado despois das fins de semana ou unha vez rematado o período vacacional. Nas clases poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto do alumnado prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- Exercicios previos para comprender mellor a materia.
- Exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- Exercicios de repaso daqueles coñecementos pouco adquiridos.
- Repaso de traducións realizadas para aprender a mecánica de tradución de textos.
- Do mesmo xeito, a aquel alumnado que amosen especial interese procurarase entregarlle material (todo tipo de materiais e recursos na rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundizar en aspectos concretos do programa de contidos.

13. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN LATÍN DE BACHARELATO/ *COLLATERALIUM ELEMENTORUM DEFINITIO EX BACCALAUREATUS LATINA LINGUA*

1. FOMENTO DA LECTURA, COMPRENSIÓN LECTORA, EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA (*Véxase, ademais, o "Plan de lecturas do departamento"*)

Ao tratarse o latín dunha lingua, un dos obxectivos primordiais é o tratamento da competencia en comunicación lingüística, e, para isto, considérase como un dos mellores procedementos o fomento da lectura e da escritura. Unha correcta competencia lectora e escritora facilita ademais os mecanismos que permiten a autonomía na aprendizaxe, a achega ás fontes de información e a posibilidade de estimular a formación do seu espírito estético.

A través da materia de Latín II, promoverase e fomentarse a lectura desde distintas vertentes:

- Dentro da dinámica das sesións de clase, procurarase que todo o alumnado lea e declame textos (incluídos textos clásicos adaptados) durante o proceso de desenvolvemento das unidades didácticas para mellorar a súa comprensión lectora e a súa expresión oral e escrita.
- A exposición de traballos realizados cando sexa necesario.
- Traballo co vocabulario (derivación e composición, étimos, locucións) que proporcionará ao alumnado un mellor coñecemento do galego e do español e os seus correctos usos
- Propiciarase que o alumnado participe en todas aquelas actividades promovidas desde o plan de fomento da lectura a nivel de centro

2. PLAN TIC

O fomento do uso das TIC, como obxectivo legalmente establecido, será tamén un obxectivo importante para a materia de Latín, utilizando a rede informática para realizar traballos de investigación e encontrar información (uso dos contidos *on line* de páxinas web especializadas en contidos clásicos), incentivando no alumnado o uso dos recursos informáticos para, de ser o caso, presentación de traballos, así como medio de comunicación co profesorado (correo electrónico). Por outra banda, advertirase dos riscos que supón a utilización das TIC sen as debidas medidas de seguridade.

En resumo, a materia de latín en 2º de bacharelato contribuirá á aplicación das TIC no desenvolvemento do proceso de ensino – aprendizaxe a partir de:

- Na aula: utilización de proxeccións.
- Na aula de informática-audiovisuais ou biblioteca: manexo de ordenadores para a busca de información e elaboración de tarefas.
- Na casa: formulando traballos de consulta, busca, selección e elaboración da información.
- Presentando ao alumnado, como material didáctico complementario, unha proposta de páxinas web para a súa consulta e utilización.
- Utilización do correo electrónico para a interacción académica profesor-alumno e familias. Envío de información e material para traballar durante o curso.

3. OUTROS CONTIDOS TRANSVERSAIS (Véxase, ademais, as "Accións para contribuír ao Plan de convivencia")

Desde a materia de latín, e durante o seu desenvolvemento (a través de textos, expresións latinas, vocabulario específico e desde as actitudes individuais observadas), abordaranse fundamentalmente os seguintes contidos:

- Educación ambiental
- Educación para o consumo
- Educación para a paz e resolución de conflitos pola vía pacífica (explicitación do plan de convivencia do centro).
- Prevención da violencia, en calquera das súas manifestacións, contra as persoas diferentes.
- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.
- Educación para a saúde.



***PARS TERTIA:
ADDITAMENTA
SIVE
ADIUNCTA***

ANEXO I

INFORME SOBRE A ACREDITACIÓN OU NON ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS

IES GONZALO TORRENTE BALLESTER. PONTEVEDRA

DEPARTAMENTO DE LATÍN

MATERIA PARA ACREDITAR: LATÍN I (1º curso de bacharelato)

ALUMNO/A:

ANTECEDENTES

1. Con data....., o departamento de latín ten constancia de que o/a alumno/a arriba indicado/a, matriculado/a na materia de Latín II en 2º curso de bacharelato, non realizou estudos desta materia de continuidade en 1º curso (Latín I).
2. A lexislación vixente contempla que, nestas situacións, o departamento, ao abeiro de que está permitida a matrícula na materia do curso superior, elabore un procedemento polo que se acredite a adquisición de coñecementos da materia de 1º curso, *conditio sine que non* para que se poida realizar a súa avaliación en 2º curso.
3. Esta acreditación deberá efectuarse (tanto no senso positivo como no negativo, segundo corresponda) con anterioridade á data de realización da sesión de avaliación final ordinaria de 2º curso.

FEITOS

1. Con data....., a xefatura de departamento convoca unha reunión co alumnado afectado para informar sobre os condicionantes e a planificación do traballo que se debe realizar para obter unha valoración positiva.
2. Despois de realizar o plan de recuperación, pola vía de, e resultando que a valoración obtida, a través deste procedemento e dos instrumentos utilizados para a verificación do proceso de avaliación, é POSITIVA / NEGATIVA, a xefatura de departamento emite o seguinte

INFORME

O/a alumno/a....., matriculado no ano académico /..... na materia de Latín II (2º curso de bacharelato), baixo o condicionante de ter que acreditar os seus coñecementos da materia Latín I (1º curso), por non tela cursado no currículo deste nivel, unha vez executado o plan de recuperación elaborado polo departamento, acadou a valoración de:

ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS DA MATERIA LATÍN I

NON ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS DA MATERIA LATÍN I

E para os efectos que corresponda, asina o presente.

Pontevedra,.... de.....de.....

O/a xefe/a de departamento

Asdo.:.....

ANEXO II

A) INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL

MATERIAL PARA O PROFESORADO

CURSO:.....

REGISTRO POR MATERIAS PARA A AVALIACIÓN INICIAL

MATERIA	PROFESOR/A	CURSO E GRUPO	DATA

1. Nivel de partida do grupo respecto aos coñecementos específicos da materia (se é o caso)
2. Dificultades principais do grupo cos contidos propios da materia:
 - Conceptos básicos (especifíquense cales):
 - Procedementos e destrezas (especifíquense cales)
3. Dificultades do grupo en habilidades básicas (indíquense):
 - Comprensión escrita
 - Comprensión oral
 - Expresión escrita
 - Expresión oral
 - Outras:
4. Actitude xeral do grupo cara á aprendizaxe da materia:
 - Interese e motivación: positiva, normal, negativa
 - Atención e concentración: positiva, normal, negativa
 - Constancia e regularidade: positiva, normal, negativa
 - Explicación do profesor: positiva, normal, negativa
5. Alumnos con especiais dificultades na materia (especifíquense)
6. Outros aspectos destacables

NOTA: Este documento pode ser utilizado polos profesores que o desexen para sintetizar información relevante para a avaliación inicial.

B) GUIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

(Profesorado)

A) VALORACIÓN XERAL SOBRE O GRUPO

- Actitude xeral cara á materia que se imparte
- Participación na clase
- Realización de traballos na casa
- Rendimento nas probas realizadas
- Orde e comportamento
- Asistencia

B) ANÁLISE SOBRE ALUMNOS CONCRETOS

- Dificultades de aprendizaxe na materia (informes, se é o caso, de competencia curricular nas áreas instrumentais)
- Dificultades de integración

C) PROPOSTAS QUE SE PRESENTAN

- Académico-pedagógicas: proposta de reforzo/apoio, etc
- Propostas organizativas

C) MODELO DE INSTRUMENTO AVALIACIÓN INICIAL
NIVEIS: 4º ESO / 1º BACHARELATO

DISCIPLINA: LINGUA LATINA	AESTIMATIO: INITIALIS	PROBATIO: INITIALIS
CURSUS: 4º /1º	ITER: ESO/BACHARELATO	TURMA:
DISCIPULUS/A:	PUNTOS OBTIDOS	

1. Que son as linguas romances?

2. Indica as linguas romances que se falan actualmente na Península Ibérica:

3. Indica algún dos restos arqueolóxicos ou monumentos romanos existentes en Galicia:

4. Que é o indoeuropeo?

5. En que século situarías a fundación de Roma?

6. O ano 711 d. C., a que século corresponde?

7. Que diferenza hai entre alfabeto e abecedario?

8. En que século situarías a figura de Julio César?

9. Como simbolizaban os romanos os números?

10. Sinala cal é o complemento directo na seguinte frase:

El padre regaló a su hijo un coche

11. Cales son as partes invariables da oración en castelán ou galego?

12. E as partes variables?

13. Indica cales son as funcións sintácticas existentes nas seguintes oracións:

a) Juan llegó cansado a casa

b) El niño es bueno

c) La maestra regaló a sus alumnos muchos libros

14. Cubre a seguinte táboa, indicando as categorías gramaticais de cada forma verbal:

Formas	Persoa	Número	Tempo	Modo	Conxugación
amabas					
hemos oído					
sabrán					
teníais					
comunicasteis					
tendremos					
viene					

15. Escribe unha conxunción de coordinación (en galego ou castelán) en cada un dos seguintes tipos:

a) Copulativa:

b) Adversativa:

c) Disxuntiva:

16. Que é unha oración transitiva? Pon un exemplo en castelán ou en galego.

17. Que é unha oración atributiva? Pon un exemplo en castelán ou en galego.

18. Indica un verbo irregular en galego ou en castelán:

19. Como se denominan os habitantes de TUI? E os de MÉRIDA?

20. A que cidade pertencen os habitantes denominados...

a) onubenses:

b) hispalenses:

c) oscenses:

d) bilbilitanos:

c) gaditanos:

21. Pon en números romanos o ano en que se descubriu América:

22. En que século se sitúa a caída do Imperio Romano (indica ademais se é a.C ou d.C.)?

23. De que lingua proceden o galego, o castelán, o portugués e o catalán?

24. Que é unha palabra patrimonial ou popular? E un cultismo? Pon un exemplo de cada unha.

25. Que é o tópico literario do CARPE DIEM? E o do UBI SUNT? E o do BEATUS ILLE?

ANEXO III

MODELO PARA INFORMAR SOBRE A PROGRAMACIÓN DOS CURSOS (PROCEDIMIENTO DE PROGRAMACIÓN REDUCIDA)

1. OBXECTIVOS DA MATERIA

2. CONTIDOS DO CURSO

2.1 Xerais

2.2 Distribución por avaliacións

3. BLOQUES TEMÁTICOS. DIVISIÓN E VALORACIÓN

4. PROCESO DE AVALIACIÓN

4.1 Criterios de avaliación

4.2 Criterios de cualificación e corrección

4.3 Instrumentos de avaliación. Valoración

4.4 Procedementos de avaliación

4.4.1 Mecanismos

4.4.2 Número de probas obxectivas

4.4.3 Avaliación continua e métodos substitutorios específicos

4.4.4 Determinación de bloques temáticos con % de valoración (*vide* punto 3)

4.5 Obtención de nota en avaliacións parciais

4.6 Criterios para a recuperación de avaliacións suspensas durante o curso

4.7 Mínimos esixibles para obtención de avaliación final positiva

4.8 Contidos mínimos para probas extraordinarias

4.9 Plans e programas de recuperación da materia pendente de cursos anteriores

5. MATERIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DA MATERIA POLO ALUMNADO:

5.1 Material curricular: libro de texto, diccionario, etc

5.2 Material instrumental: caderno ou libreta, folios individualizados para a materia, libros de lectura, etc.

ANEXO IV
MODELO DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS EN 2º BACHARELATO

ALUMNO/A:				MATERIA: LATÍN			CURSO: 2º BACH			GRUPO:				
<input type="checkbox"/> AVALIACIÓN PARCIAL:				<input type="checkbox"/> AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA										
BLOQUES TEMÁTICOS	ESTÁNDARES BÁSICOS	ÍNDICE DE LOGRO					COMPETENCIAS ASOCIADAS							
		MÍNIMO ASIGNADO	NON LOGRADO		LOGRADO			CCL	CAA	CD	CSC	CCEC	CMCCT	CSIEE
			1 - 2	3 - 4	5 - 6	7 - 8	9 - 10							
1. TEXTOS 57% de 60%	LA2B5.1.1	13,5% de 27%												
	LA2B5.2.1	15% de 30%												
2. a MORFOLOXÍA 4,75% de 5%	LA2B2.1.1	0,875% de 1,75%												
	LA2B2.3.1	1,5% de 3%												
2. b SINTAXE 4,5% de 5%	LA2B3.2.1	0,625% de 1,25%												
	LA2B3.4.1	1% de 2%												
	LA2B3.5.1	0,625% de 1,25%												
3. LITERATURA 13,75% de 15%	LA2B4.2.1	1,875% de 3,75%												
	LA2B4.3.2	5% de 10%												
4. LATÍN, ORIXE LINGUAS ROMANCES E LÉXICO 13,5% de 15%	LA2B6.2.2	2,25% de 4,50%												
	LA2B6.3.1	2,25% de 4,50%												
	LA2B6.4.1	2,25% de 4,50%												
VALORACIÓN PARCIAL (X de 12)														
VALORACIÓN GLOBAL														

ANEXO V

MODELO DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS EN 4º ESO

DISCIPULORUM/ARUM TABULA	ÍNDICE DE LOGRO E PuntuACIÓN DAS COMPETENCIAS ASOCIADAS											
	NON LOGRADO		LOGRADO			4 Bloques CCL	4 Bloques CAA	4 Bloques CD	B2 CSC	B2 CCEC	B1 + B2 CMCCT	B2 CSIEE
	1 - 2	3 - 4	5 - 6	7 - 8	9 - 10							

ANEXO VI

MODELO DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS EN 1º BACHARELATO

MATERIA: LATÍN I	CURSO: 1º BACHARELATO	GRUPO:
<input type="checkbox"/> AVALIACIÓN PARCIAL:	<input type="checkbox"/> AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA	

DISCIPULORUM/ARUM TABULA	ÍNDICE DE LOGRO E PUNTUACIÓN DAS COMPETENCIAS ASOCIADAS											
	NON LOGRADO		LOGRADO			4 Bloques CCL	4 Bloques CAA	B1+B2+B4 CD	B2 CSC	B2 CCEC	B1 + B2 CMCCT	B2 CSIEE
	1 - 2	3 - 4	5 - 6	7 - 8	9 - 10							
1.												
2.												
3.												
4.												
5.												
6.												
7.												
8.												
9.												
10.												
11.												
12.												
13.												
14.												
15.												
16.												
17.												
18.												
19.												
20.												
ESTADÍSTICA GLOBAL												

CLAVES			
CCL: A nota será a mesma que se obteña na puntuación global. A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5.	CAA: A nota será a mesma que se obteña na puntuación global. A puntuación máxima será 10 e a mínima para entender que a competencia está lograda será 5	CD: A nota será a media que se obteña da suma dos tres bloques. A puntuación máxima será 8,75 (=6+1,5+1,25) equivalente a 10, e a mínima para entender que a competencia está lograda será 4,7 (=5).	CMCCT: Bloque 1 + Bloque 2 Nota máxima global que se pode obter é 7,5 (6 + 1,5) que equivalerá a 10 puntos. A puntuación mínima para entender que a competencia está lograda será 3,75 (=5)
CSC: Bloque 2 Nota máxima global 1,5 (=10) Puntuación mínima de logro: 0,75 (=5)	CCEC: Bloque 2 Nota máxima global 1,5 (=10) Puntuación mínima de logro: 0,75 (=5)	CSIEE: Bloque 2 Nota máxima global 1,5 (=10) Puntuación mínima de logro: 0,75 (=5)	



PARS QUARTA:

IDENTITATIS

CHARTA

PROBATIVA

REXISTRO DE IDENTIFICACIÓN DOCUMENTAL / IDENTITATIS CHARTA PROBATIVA

1. TIPO DE DOCUMENTO	Programación didáctica
2. ÓRGANO EMISOR	Departamento de latín do IES G. Torrente Ballester. Pontevedra
3. ÁMBITO DE APLICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • 4º Educación Secundaria Obrigatoria • 1º Bacharelato • 2º Bacharelato
4. DESTINATARIO/AS	<ul style="list-style-type: none"> • Servizo Técnico de Inspección Educativa • Xefatura de estudos do IES (Equipo directivo) • Alumnado • Familias
5. CONTIDO E FINALIDADE	<ul style="list-style-type: none"> • Actuacións didáctico-organizativas do departamento na impartición das materias sobre as que ten competencia. • Homoxeneización de criterios e establecemento de criterios de revisión e modificación
6. PERÍODO DE VIXENCIA DO DOCUMENTO	Curso académico 2020 - 2021
7. PERSOA RESPONSABLE DA ELABORACIÓN E DIFUSIÓN	José Ramón Couto Fariña. Xefe de departamento
8. DATA DE CONFORMIDADE	16 de setembro de 2020
9. DATA DE ENTREGA	19 de outubro de 2020

**ANEXOS Á PROGRAMACIÓN SOBRE POSIBLES
ESCENARIOS DE PROGRAMACIÓN COVID**

ANEXO : 4º ESO

PLAN DE RECUPERACIÓN E REFORZO DE APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2019-2020 E/OU PLANIFICACIÓN DE IMPARTICIÓN DA MATERIA SEGUNDO OS POSIBLES ESCENARIOS COVID-19

ÍNDICE DE CONTIDOS

0. Normativa aplicable

I. Plan de incorporación á programación do curso actual dos contidos non impartidos na materia durante o curso 2019-2020

II. Análise das posibles situacións. escenarios docentes previstos

A) PRIMEIRO ESCENARIO: **Presencial**

1. Adaptacións necesarias da programación

B) SEGUNDO ESCENARIO: **Semipresencial**

1. Adaptacións necesarias da programación

2. Temporalización

3. Consecuencias derivadas

C) TERCEIRO ESCENARIO: **Non presencial**

1. Adaptacións necesarias da programación

2. Temporalización

3. Consecuencias derivadas

III. Adaptacións necesarias para unha docencia non presencial (1º bacharelato)

0. Normativa aplicable

1. Metodoloxía didáctica

2. Instrumentos de avaliación

IV. Modo de proveer o dereito á educación do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática

0. Normativa aplicable

1. Medidas

V. mecanismos que o profesorado deberá dispoñer para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado

1. Mecanismos previos

2. Mecanismos de verificación

0. NORMATIVA APLICABLE

Ao abeiro das "Instrucións do 30 de xullo, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021", en concreto no apartado 3 (Programacións didácticas), o departamento de latín do IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra, con respecto ao curso de **4º ESO**, determina as seguintes actuacións:

I. PLAN DE INCORPORACIÓN Á PROGRAMACIÓN DO CURSO ACTUAL DOS CONTIDOS NON IMPARTIDOS NA MATERIA DURANTE O CURSO 2019-2020

A materia de latín de 4º de ESO esixe o seu estudo partindo de cero, xa que non é unha materia de continuidade con respecto ao curso precedente. Motivo este polo que **non procede realizar plan de recuperación** e reforzo coa finalidade de incorporar coñecementos non impartidos.

Non obstante, en cumprimento desas Instrucións, procédese a realizar unha serie de propostas para a impartición da materia en función de tres escenarios previstos e, polo tanto, das diferentes situacións coas que nos podemos atopar.

II. ANÁLISE DAS POSIBLES SITUACIÓNS. ESCENARIOS DOCENTES PREVISTOS

A) PRIMEIRO ESCENARIO:

Impartición de **clases presenciais** durante todo o curso académico.

1. ADAPTACIÓNS NECESARIAS DA PROGRAMACIÓN

Neste contexto, non é necesario realizar ningunha adaptación, permanecendo vixente a programación realizada de modo ordinario para este nivel de ensino no curso académico 2020-2021, tanto no referente a obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias avaliáveis como no relativo a procedementos de avaliación, instrumentos e medios aplicados para a obtención de nota final de avaliación parcial e nota final de avaliación final ordinaria.

B) SEGUNDO ESCENARIO:

Impartición de **clases semipresenciais**:

1. ADAPTACIÓNS NECESARIAS DA PROGRAMACIÓN

Neste contexto híbrido de semipresencialidade corresponde realizar unha serie de adaptacións ou redución de contidos, así como o de definir elementos de avaliación.

- **CONTIDOS:** Veranse reducidos, con carácter xeral, nun tercio en cada un dos 4 bloques nos que se divide a materia.
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:** Corresponderanse cos asignados aos diferentes contidos, previamente adaptados.
- **ESTÁNDARES:** Aplicaranse os estándares básicos establecidos na programación en cada criterio de avaliación.
- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:** **Probas obxectivas** cun peso maior para a obtención da nota (tanto de avaliacións parciais como na final ordinaria) e **traballos realizados** polo alumnado (entre eles o de lectura dunha obra actual de asunto romano).
- As probas obxectivas serán realizadas durante o período presencial. A ponderación de cada un destes instrumentos será determinada no momento correspondente e será coñecida polo alumnado coa debida antelación á realización de cada un deles.

2. TEMPORALIZACIÓN

- **1ª avaliación:** 1ª, 2ª declinacións . Concordancia adxectivo-substantivo, verbo-suxeito, suxeito-atributo. Funcións principais dos casos. Conxugación verbal en activa en indicativo nos tempos presente, pretérito imperfecto. Organización político-social. Locucións máis frecuentes e dobles léxicos (cultismo-patrimonial). Preposicións e conxuncións de coordinación (especialmente copulativa e adversativa) máis frecuentes.
- **2ª avaliación:** 3ª declinación consonántica e vocálica. Concordancia substantivo-adxectivo e suxeito-atributo. Conxugación verbal en activa no tempo de futuro.

Mitoloxía: deuses principais, atribucións e representación. Cuestións de léxico (en liña coa proposta realizada para a 1ª avaliación).

- **3ª avaliación:** 4ª e 5ª declinacións. Pronomes persoais e demostrativos. A expresión do tempo e do espazo. A vida cotiá: nacemento, morte, educación e casa. Léxico (en liña co proposto para a 1ª avaliación).

3. CONSECUENCIAS DERIVADAS

- As clases presenciais estarán dedicadas especialmente aos contidos correspondentes ao bloque de LINGUA LATINA e ao bloque de TEXTUS.
- O bloque de ROMA: HISTORIA ET VITA reducirase á metade: dos seis temas previstos na programación ordinaria impartiranse, especialmente a través das clases non presenciais, tan só 3: organización política e social, mitoloxía e aspectos da vida cotiá. Esta redución verase compensada pola lectura da obra "Guárdate de los idus".
- O bloque de LEXICUM impartirase especialmente a través de clases non presenciais, a través de exercicios tipo test sobre o uso de locucións e detección de palabras procedentes do latín presentes no léxico das linguas romances (cultismos e patrimoniais)
- Utilizarase como estratexia didáctica a comparación entre linguas (semellanzas e diferencias entre a lingua latina e as romances faladas polo alumnado)

C) TERCEIRO ESCENARIO:

Impartición de **clases non presenciais** (telemáticas) **durante todo o curso ou, de ser o caso, durante dous trimestres do curso.**

1. ADAPTACIÓNS NECESARIAS DA PROGRAMACIÓN

Neste contexto de exclusividade de clases non presenciais corresponde realizar unha serie de adaptacións ou significativa redución de contidos, así como o de definir elementos de avaliación.

- **CONTIDOS:** Veranse reducidos, con carácter xeral, nun 50% nos bloques 1 e 3 nos que se divide a materia e manteranse, de ser posible, os contidos do escenario anterior (algo reducidos) para os bloques 2 e 4.

- CRITERIOS DE AVALIACIÓN: Corresponderanse cos asignados aos diferentes contidos, previamente adaptados.
- ESTÁNDARES: Aplicaranse os estándares básicos establecidos na programación en cada criterio de avaliación.
- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: **Probas obxectivas** cun peso maior para a obtención da nota (tanto de avaliacións parciais como na final ordinaria) e **traballos realizados** polo alumnado (entre eles o de lectura dunha obra actual de asunto romano). As probas obxectivas serán realizadas por vía telemática en función dos recursos existentes. A ponderación de cada un destes instrumentos será determinada no momento correspondente e será coñecida polo alumnado coa debida antelación á realización de cada un deles.

2. TEMPORALIZACIÓN

- **1ª avaliación:** 1ª declinación. Concordancia verbo-suxeito. Funcións principais dos casos. Conxugación verbal en activa en indicativo: presente. Organización político-social. Locucións máis frecuentes, topónimos próximos ao alumnado, dobles léxicos (cultismo-patrimonial).
- **2ª avaliación:** 2ª declinación (substantivos e adxectivos). Conxugación verbal en activa en indicativo: pretérito imperfecto. Identificación dos deuses máis importantes. Cuestións de léxico (en liña coa proposta realizada para a 1ª avaliación).
- **3ª avaliación:** 3ª declinación. Conxugación do pretérito perfecto de indicativo en voz activa. Vida cotiá: nacemento e casa romana. Léxico (en liña co proposto para a 1ª avaliación).

3. CONSECUENCIAS DERIVADAS

- O 75 % das clases non presenciais estarán dedicadas especialmente aos contidos correspondentes ao bloque de LINGUA LATINA e ao bloque de TEXTUS.
- O bloque de ROMA: HISTORIA ET VITA manterase practicamente idéntico á situación de semipresencialidade (aproveitando a redución dos contidos meramente lingüísticos): organización política e social, mitoloxía e vida cotiá. Esta

redución, xa experimentada na situación anterior, verase compensada pola lectura da obra "Guárdate de los idus".

- O bloque de LEXICUM manterase practicamente idéntico ao escenario anterior, establecendo como obxectivo o coñecemento e uso correcto de locucións e a identificación de dobles etimolóxicos.
- Utilizarase como estratexia didáctica a comparación entre linguas (semellanzas e diferenzas entre a lingua latina e as romances faladas polo alumnado).

III. ADAPTACIÓNS NECESARIAS PARA UNHA DOCENCIA NON PRESENCIAL (4º ESO)

0. NORMATIVA APLICABLE

En aplicación das medidas recollidas nas supraditas Instrucións do 30 de xullo e ao abeiro do establecido no Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19, o departamento explicita con respecto ao curso de 4º de ESO os seguintes apartados:

1. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Se ben é necesario distinguir o tipo de metodoloxía para cada unha das situacións formuladas, entendemos que nos casos de situación híbrida (semipresencial) ou exclusivamente non presencial atenderase a:

- Emprego de recursos dixitais (correo, aula virtual ou medios telemáticos de tipo persoal).
- As actividades terán unha compoñente eminentemente práctica.
- Como estratexia didáctica utilizarase fundamentalmente a comparación entre fenómenos lingüísticos da lingua latina e das linguas romance, mediante a comprobación das semellanzas e diferenzas existentes entre elas.
- A parte teórica da materia (bloques de HISTORIA e LEXICUM) afrontarase de maneira práctica, mediante propostas de realización de traballos ao alumnado complementados con cuestións de resposta curta sobre determinados aspectos e a través de cuestións presentadas en formato tipo test sobre a identificación e uso correcto de latinismos, patrimoniais e locucións

2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Estarán constituídos, en primeiro lugar, por **probos obxectivos escritos** que teñan como base a adquisición dos coñecementos mínimos e competencias básicas fundamentais: identificación de declinacións; identificación de conxugacións; flexión de substantivos e adxectivos; identificación e flexión de formas pronominais; conxugación de tempos de indicativo en activa; funcións sintácticas dos casos e a súa aplicación práctica; coñecemento e uso correcto de determinadas locucións latinas de uso actual así como de dobles etimolóxicos.

En segundo lugar, contarase como instrumento coas **tarefas ou traballos que deberá**, de ser o caso, **presentar e realizar o alumnado**, especialmente no que corresponde aos bloques considerados "teóricos" (bloque 2 e bloque 4).

Os procedementos de avaliación e a obtención de nota final, tanto de avaliacións parciais como de avaliación final ordinaria seguirán partindo da base do que se estipula para o período ordinario ou presencial, coas adaptacións pertinentes a cada unha das outras situacións previstas. Cada proba , con independencia da modalidade de ensino, estará conformada polos 4 apartados básicos, con indicación da puntuación que supón cada un deses apartados con respecto á valoración global da mesma.

Estes bloques ou apartados poderán experimentar modificacións na ponderación establecida para un período ordinario presencial. En calquera caso, o alumnado sempre coñecerá previamente á realización de probas ou tarefas todos os axustes producidos na variación do peso de cada bloque ou apartado

IV. MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN DO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA

0. NORMATIVA APLICABLE

En aplicación das medidas recollidas nas referidas Instrucións do 30 de xullo e na resolución conxunta das Consellerías de Educación e Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso 2020-2021, o departamento acorda establecer as seguintes:

1. MEDIDAS

- a. O profesorado deberá contar con correo electrónico de cada alumnado no inicio de curso, preferentemente de gmail.
- b. Detectada unha situación de non seguimento, poñerase en coñecemento do centro e previamente, desde o departamento, realizaranse todas as averiguacións posibles para determinar as causas. En calquera caso, o profesorado ofrecerá ao alumnado diversidade de medios de comunicación (correo, aula virtual, aplicacións, etc.) para resolver da mellor maneira posible calquera dificultade.

V. MECANISMOS QUE O PROFESORADO DEBERÁ DISPOÑER PARA ASEGURAR O SEGUIMIENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO

En aplicación das medidas recollidas na resolución conxunta das Consellerías de Educación e Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso 2020-2021, o departamento acorda o seguinte:

1. Mecanismos previos: O profesorado deberá informarse da situación persoal do alumnado para o seguimento, de ser o caso, de clases telemáticas no relativo aos medios necesarios cos que conta e debe contar, así como as posibles dificultades técnicas ou de dispoñibilidade.

2. Mecanismos de verificación. Se desde o departamento se observase que o alumnado non realiza un seguimento continuo do curso, procederá da seguinte maneira:

- Deberá intentar contactar con esa persoa e/ou coa súa familia para coñecer as causas.
- De non poder establecerse ese contacto ou as causas aducidas se deban a forza maior ou resulten pouco convincentes, o profesorado da materia poñerá en coñecemento da persoa titora do grupo onde está ese alumnado para que realice as actuacións oportunas.
- O tempo que ese alumnado permaneceu sen realizar un seguimento idóneo do curso compensarase co envío de material e posta ao día na materia, unha vez que se produza a súa reincorporación efectiva.

- Con frecuencia semanal o profesorado realizará un seguimiento da participación e presenza do alumnado, co fin de coñecer a situación de cada un deles e, de ser o caso, adoptar as medidas de prevención e reincorporación oportunas.

ANEXO : 1º BACHARELATO

PLAN DE RECUPERACIÓN E REFORZO DE APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2019-2020 E/OU PLANIFICACIÓN DE IMPARTICIÓN DA MATERIA SEGUNDO OS POSIBLES ESCENARIOS COVID-19

ÍNDICE DE CONTIDOS

0. Normativa aplicable

I. Plan de incorporación á programación do curso actual dos contidos non impartidos na materia durante o curso 2019-2020

II. Análise das posibles situacións. escenarios docentes previstos

A) PRIMEIRO ESCENARIO: **Presencial**

1. Adaptacións necesarias da programación

B) SEGUNDO ESCENARIO: **Semipresencial**

1. Adaptacións necesarias da programación

2. Temporalización

3. Consecuencias derivadas

C) TERCEIRO ESCENARIO: **Non presencial**

1. Adaptacións necesarias da programación

2. Temporalización

3. Consecuencias derivadas

III. Adaptacións necesarias para unha docencia non presencial (1º bacharelato)

0. Normativa aplicable

1. Metodoloxía didáctica

2. Instrumentos de avaliación

IV. Modo de proveer o dereito á educación do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática

0. Normativa aplicable

1. Medidas

V. mecanismos que o profesorado deberá dispoñer para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado

1. Mecanismos previos

2. Mecanismos de verificación

0. NORMATIVA APLICABLE

Ao abeiro das "Instrucións do 30 de xullo, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021", en concreto no apartado 3 (Programacións didácticas), o departamento de latín do IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra, con respecto ao curso de **1º de bacharelato**, determina as seguintes actuacións:

I. PLAN DE INCORPORACIÓN Á PROGRAMACIÓN DO CURSO ACTUAL DOS CONTIDOS NON IMPARTIDOS NA MATERIA DURANTE O CURSO 2019-2020

A materia de latín de 1º de bacharelato esixe o seu estudo partindo de cero, xa que non é unha materia de continuidade con respecto ao curso precedente ao existir un cambio de etapa. Motivo este polo que **non procede realizar plan de recuperación** e reforzo coa finalidade de incorporar coñecementos non impartidos.

Non obstante, en cumprimento desas Instrucións, procédese a realizar unha serie de propostas para a impartición da materia en función de tres escenarios previstos e, polo tanto, das diferentes situacións coas que nos podemos atopar.

II. ANÁLISE DAS POSIBLES SITUACIÓNS. ESCENARIOS DOCENTES PREVISTOS

A) PRIMEIRO ESCENARIO:

Impartición de **clases presenciais** durante todo o curso académico.

1. ADAPTACIÓNS NECESARIAS DA PROGRAMACIÓN

Neste contexto, non é necesario realizar ningunha adaptación, permanecendo vixente a programación realizada de modo ordinario para este nivel de ensino no curso académico 2020-2021, tanto no referente a obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias avaliáveis como no relativo a procedementos de avaliación, instrumentos e medios aplicados para a obtención de nota final de avaliación parcial e nota final de avaliación final ordinaria.

B) SEGUNDO ESCENARIO:

Impartición de **clases semipresenciais**:

1. ADAPTACIÓNS NECESARIAS DA PROGRAMACIÓN

Neste contexto híbrido de semipresencialidade corresponde realizar unha serie de adaptacións ou redución de contidos, así como o de definir elementos de avaliación.

- **CONTIDOS:** Veranse reducidos, con carácter xeral, nun tercio en cada un dos 4 bloques nos que se divide a materia.
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:** Corresponderanse cos asignados aos diferentes contidos, previamente adaptados.
- **ESTÁNDARES:** Aplicaranse os estándares básicos establecidos na programación en cada criterio de avaliación.
- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:** **Probas obxectivas** cun peso maior para a obtención da nota (tanto de avaliacións parciais como na final ordinaria) e **traballos realizados** polo alumnado (entre eles o de lectura dunha obra actual de asunto romano).
- As probas obxectivas serán realizadas durante o período presencial. A ponderación de cada un destes instrumentos será determinada no momento correspondente e será coñecida polo alumnado coa debida antelación á realización de cada un deles.

2. TEMPORALIZACIÓN

- **1ª avaliación:** 1ª, 2ª declinacións e 3ª consonántica. Concordancia adxectivo-substantivo, verbo-suxeito. Funcións principais dos casos. Conxugación verbal en activa en indicativo e subxuntivo. Organización político-social. Locucións máis frecuentes, topónimos próximos ao alumnado, dobletes léxicos (cultismo-patrimonial). Preposicións de acusativo e ablativo máis frecuentes.
- **2ª avaliación:** 3ª declinación vocálica (substantivos e adxectivos. Pronomes persoais, posesivos e demostrativos. A voz pasiva e a oración pasiva. A Romanización. Cuestións de léxico (en liña coa proposta realizada para a 1ª avaliación).

- **3ª avaliación:** 4ª e 5ª declinacións. Modo subxuntivo. O pronome relativo e a construción adxectiva ou de relativo. O exército. Léxico (en liña co proposto para a 1ª avaliación).

3. CONSECUENCIAS DERIVADAS

- Elaboración no remate de curso dun plan de reforzo de contidos mínimos non impartidos por razóns temporais para o curso seguinte, destinado a aquel alumnado que continúe cursando en 2º a materia de latín.
- As clases presenciais estarán dedicadas especialmente aos contidos correspondentes ao bloque de LINGUA LATINA e ao bloque de TEXTUS.
- O bloque de ROMA: HISTORIA ET VITA reducirase á metade: dos seis temas previstos na programación ordinaria impartiranse, especialmente a través das clases non presenciais, tan só 3: organización política e social, o exército e a romanización de Hispania e Gallaecia. Esta redución verase compensada pola lectura da obra "En busca de una patria. La historia de la **Eneida**".
- O bloque de LEXICUM impartirase especialmente a través de clases non presenciais, a través de exercicios tipo test sobre o uso de locucións e detección de palabras procedentes do latín presentes no léxico das linguas romances (cultismos e patrimoniais)
- Utilizarase como estratexia didáctica a comparación entre linguas (semellanzas e diferencias entre a lingua latina e as romances faladas polo alumnado)

C) TERCEIRO ESCENARIO:

Impartición de **clases non presenciais** (telemáticas) **durante todo o curso ou, de ser o caso, durante dous trimestres do curso.**

1. ADAPTACIÓNES NECESARIAS DA PROGRAMACIÓN

Neste contexto de exclusividade de clases non presenciais corresponde realizar unha serie de adaptacións ou significativa redución de contidos, así como o de definir elementos de avaliación.

- **CONTIDOS:** Veranse reducidos, con carácter xeral, nun 50% en cada un dos 4 bloques nos que se divide a materia.
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:** Corresponderanse cos asignados aos diferentes contidos, previamente adaptados.
- **ESTÁNDARES:** Aplicaranse os estándares básicos establecidos na programación en cada criterio de avaliación.
- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:** **Probas obxectivas** cun peso maior para a obtención da nota (tanto de avaliacións parciais como na final ordinaria) e **traballos realizados** polo alumnado (entre eles o de lectura dunha obra actual de asunto romano). As probas obxectivas serán realizadas por vía telemática en función dos recursos existentes. A ponderación de cada un destes instrumentos será determinada no momento correspondente e será coñecida polo alumnado coa debida antelación á realización de cada un deles.

2. TEMPORALIZACIÓN

- **1ª avaliación:** 1ª , 2ª declinacións. Concordancia adxectivo-substantivo, verbo-suxeito. Funcións principais dos casos. Conxugación verbal en activa en indicativo. Organización político-social. Locucións máis frecuentes, topónimos próximos ao alumnado, dobles léxicos (cultismo-patrimonial). Preposicións de acusativo e ablativo máis frecuentes.
- **2ª avaliación:** 3ª declinación consonántica e vocálica (substantivos e adxectivos. Pronomes persoais, posesivos e demostrativos. A voz pasiva e a oración pasiva. A Romanización. Cuestións de léxico (en liña coa proposta realizada para a 1ª avaliación).
- **3ª avaliación:** 4ª e 5ª declinacións. Modo subxuntivo. O pronome relativo e a construción adxectiva ou de relativo. O exército. Léxico (en liña co proposto para a 1ª avaliación).

3. CONSECUENCIAS DERIVADAS

- Elaboración no remate de curso dun plan de reforzo de contidos mínimos non impartidos por razóns temporais para o curso seguinte, destinado a aquel alumnado que continúe cursando en 2º a materia de latín.
- O 75 % das clases non presenciais estarán dedicadas especialmente aos contidos correspondentes ao bloque de LINGUA LATINA e ao bloque de TEXTUS.
- O bloque de ROMA: HISTORIA ET VITA reducirase a dous: organización política e social, o exército e a romanización de Hispania e Gallaecia. Esta redución verase compensada pola lectura da obra "En busca de una patria. La historia de la **Eneida**". O motivo desta selección é a importancia que determinados conceptos destes temas terán no traballo con textos do curso de 2º, xa que o autor escollido é un historiador e a maioría dos textos afrontan cuestións relacionadas coa organización política nas diferentes fases históricas da antiga Roma e neles é un protagonista constante a vida militar.
- O bloque de LEXICUM reducirase exclusivamente ao coñecemento de locucións latinas de uso actual e o seu correcto uso en diferentes situacións.
- Utilizarase como estratexia didáctica a comparación entre linguas (semellanzas e diferencias entre a lingua latina e as romances faladas polo alumnado).

III. ADAPTACIÓNS NECESARIAS PARA UNHA DOCENCIA NON PRESENCIAL (1º BACHARELATO)

0. NORMATIVA APLICABLE

En aplicación das medidas recollidas nas supraditas Instrucións do 30 de xullo e ao abeiro do establecido no Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19, o departamento explicita con respecto ao curso de 1º de bacharelato os seguintes apartados:

1. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Se ben é necesario distinguir o tipo de metodoloxía para cada unha das situacións formuladas, entendemos que nos casos de situación híbrida (semipresencial) ou exclusivamente non presencial atenderase a:

- Emprego de recursos dixitais (correo, aula virtual ou medios telemáticos de tipo persoal).
- As actividades terán unha compoñente eminentemente práctica. Partirase dos textos para explicar os aspectos morfolóxicos e sintácticos.
- Como estratexia didáctica utilizarase fundamentalmente a comparación entre fenómenos lingüísticos da lingua latina e das linguas romance, mediante a comprobación das semellanzas e diferenzas existentes entre elas.
- A parte teórica da materia (bloques de HISTORIA e LEXICUM) afrontarase de maneira práctica, mediante propostas de realización de traballos ao alumnado complementados con cuestións de resposta curta sobre determinados aspectos e a través de cuestións presentadas en formato tipo test sobre a identificación e uso correcto de latinismos, patrimoniais e locucións

2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Estarán constituídos, en primeiro lugar, por **probos obxectivos escritos** que teñan como base a adquisición dos coñecementos mínimos e competencias básicas fundamentais: identificación de declinacións; identificación de conxugacións; flexión de substantivos e adxectivos; identificación e flexión de formas pronominais; conxugación de tempos de indicativo en activa e pasiva; funcións sintácticas dos casos e a súa aplicación práctica para a análise e tradución de frases de dificultade graduada; coñecemento e uso correcto de determinadas locucións latinas de uso actual así como de dobles etimolóxicos.

En segundo lugar, contarase como instrumento coas **tarefas ou traballos que deberá**, de ser o caso, **presentar e realizar o alumnado**, especialmente no que corresponde aos bloques considerados "teóricos" (bloque 2 e bloque 4).

Os procedementos de avaliación e a obtención de nota final, tanto de avaliacións parciais como de avaliación final ordinaria seguirán partindo da base do que se estipula para o período ordinario ou presencial, coas adaptacións pertinentes a cada unha das outras situacións previstas. Cada proba , con independencia da modalidade de ensino, estará conformada polos 4 apartados básicos, con indicación da puntuación que supón cada un deses apartados con respecto á valoración global da mesma.

Estes bloques ou apartados poderán experimentar modificacións na ponderación establecida para un período ordinario presencial. En calquera caso, o alumnado sempre coñecerá previamente á realización de probas ou tarefas todos os axustes producidos na variación do peso de cada bloque ou apartado

IV. MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN DO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSEÑANZA TELEMÁTICA

0. NORMATIVA APLICABLE

En aplicación das medidas recollidas nas referidas Instrucións do 30 de xullo e na resolución conxunta das Consellerías de Educación e Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso 2020-2021, o departamento acorda establecer as seguintes:

1. MEDIDAS

- a) O profesorado deberá contar con correo electrónico de cada alumnado no inicio de curso, preferentemente de gmail.
- b) Detectada unha situación de non seguimento, poñerase en coñecemento do centro e previamente, desde o departamento, realizaranse todas as averiguacións posibles para determinar as causas. En calquera caso, o profesorado ofrecerá ao alumnado diversidade de medios de comunicación (correo, aula virtual, aplicacións, etc.) para resolver da mellor maneira posible calquera dificultade.

V. MECANISMOS QUE O PROFESORADO DEBERÁ DISPOÑER PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO

En aplicación das medidas recollidas na resolución conxunta das Consellerías de Educación e Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso 2020-2021, o departamento acorda o seguinte:

1. Mecanismos previos: O profesorado deberá informarse da situación persoal do alumnado para o seguimento, de ser o caso, de clases telemáticas no relativo aos medios

necesarios cos que conta e debe contar, así como as posibles dificultades técnicas ou de dispoñibilidade.

2. Mecanismos de verificación. Se desde o departamento se observase que o alumnado non realiza un seguimento continuo do curso, procederá da seguinte maneira:

- Deberá intentar contactar con esa persoa e/ou coa súa familia para coñecer as causas.
- De non poder establecerse ese contacto ou as causas aducidas se deban a forza maior ou resulten pouco convincentes, o profesorado da materia poñerá en coñecemento da persoa titora do grupo onde está ese alumnado para que realice as actuacións oportunas.
- O tempo que ese alumnado permaneceu sen realizar un seguimento idóneo do curso compensarase co envío de material e posta ao día na materia, unha vez que se produza a súa reincorporación efectiva.
- Con frecuencia semanal o profesorado realizará un seguimento da participación e presenza do alumnado, co fin de coñecer a situación de cada un deles e, de ser o caso, adoptar as medidas de prevención e reincorporación oportunas.

ANEXO : 2º BACHARELATO

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS PARA A INCORPORACIÓN, DE SER O CASO, DE CONTIDOS NON IMPARTIDOS NO CURSO ANTERIOR (2019-2020) EN MATERIAS DE CONTINUIDADE E PLANIFICACIÓN DE IMPARTICIÓN DA MATERIA SEGUNDO OS POSIBLES ESCENARIOS COVID-19

ÍNDICE DE CONTIDOS

I. Plan de incorporación á programación de 2º bacharelato 2020-2021 dos contidos non impartidos en 1º bacharelato de latín durante o curso 2019-2020, segundo a análise de posibles situacións ou escenarios.

I.I Normativa aplicable.

I.II Análise das posibles situacións. Escenarios docentes previstos.

A) PRIMEIRO ESCENARIO: **Presencial**

1. Delimitación dos contidos non impartidos.
2. Temporalización.
3. Consecuencias derivadas.
4. Adaptación da ABAU.
5. Observacións.

B) SEGUNDO ESCENARIO: **Semipresencial**

1. Delimitación dos contidos non impartidos.
2. Temporalización.
3. Consecuencias derivadas.
4. Adaptación da ABAU.

C) TERCEIRO ESCENARIO: **Non presencial**

1. Delimitación dos contidos non impartidos.
2. Temporalización.
3. Consecuencias derivadas.
4. Adaptación da ABAU.

II. Adaptacións necesarias para unha docencia non presencial (2º bacharelato)

II.0 Normativa aplicable.

II.I. Metodoloxía didáctica.

II.II . Instrumentos de avaliación.

II.III. Modo de proveer o dereito á educación do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

II.IV. Mecanismos que o profesorado deberá dispoñer para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

I. PLAN DE INCORPORACIÓN Á PROGRAMACIÓN DE 2º BACHARELATO 2020-2021 DOS CONTIDOS NON IMPARTIDOS EN 1º BACHARELATO DE LATÍN DURANTE O CURSO 2019-2020, SEGUNDO A ANÁLISE DE POSIBLES SITUACIÓNS OU ESCENARIOS

I.I NORMATIVA APLICABLE

Ao abeiro das "Instrucións do 30 de xullo, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021", en concreto no apartado 3 (Programacións didácticas), o departamento de latín do IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra, con respecto ao curso de **2º de bacharelato**, único afectado para os efectos de incorporación de contidos de continuidade non impartidos no curso anterior, elabora o seguinte

I.II ANÁLISE DAS POSIBLES SITUACIÓNS. ESCENARIOS DOCENTES PREVISTOS

A) PRIMEIRO ESCENARIO:

Impartición de **clases presenciais** durante todo o curso académico.

1. DELIMITACIÓN DOS CONTIDOS NON IMPARTIDOS

Durante o curso 2019-2020, os contidos de 1º non impartidos, por razón da suspensión de clases presenciais antes do inicio do 3º trimestre, catalóganse da seguinte forma:

- a) **Contidos impartidos parcialmente**, a través de vía telemática, pero de modo insuficiente:
- A voz pasiva nos tempos de perfecto, tanto en indicativo como en subxuntivo
 - Estrutura da oración pasiva.
 - O pronome relativo
 - A oración de relativo: tipos e estrutura
- b) **Contidos non impartidos**, en atención ás orientacións das autoridades educativas relativas a centrarse en repaso e recuperación dos correspondentes á 1ª e 2ª avaliación:

- As formas nominais do verbo:
 - ❖ Morfoloxía e sintaxe do participio: Identificación; construción concertada e construción absoluta: características e tradución
 - ❖ Morfoloxía e sintaxe do infinitivo: Identificación; construción concertada e non concertada: características e tradución
- A subordinación con nexos polivalentes: CUM e UT
 - ❖ Valores
 - ❖ Tipos de oración subordinada que poden introducir
 - ❖ Elementos diferenciais

2. TEMPORALIZACIÓN

Estes contidos serán incorporados á programación de 2º bacharelato durante o 1º trimestre do curso 2020-2021.

3. CONSECUENCIAS DERIVADAS

- a. Redución significativa do tempo asignado en condicións normais durante o 1º trimestre aos contidos propios do 2º curso, xa que non é o mesmo tempo o que se precisa para repaso e ampliación de contidos xa coñecidos que a súa introdución por 1ª vez na dinámica do curso.
- b. Posibilidade de que se opte por dedicar o traballo con textos a un só dos autores establecidos para a ABAU; neste caso, sería Eutropio (prosista), por razóns obvias.
- c. Actuacións complementarias:
 - ❖ Enfocar as explicacións morfosintácticas establecidas para este curso de 2º , partindo dos textos do propio autor escollido para a tradución na ABAU, pese a que signifique unha diminución de contidos nun plano xeral.
 - ❖ Maior responsabilidade do alumnado no estudo dos temas "teóricos", que serán elaborados polo departamento, xa que inevitablemente verán reducida a súa presenza temporal na programación ordinaria.

4. ADAPTACIÓN DA ABAU

Tendo en conta as limitacións anteriormente enunciadas para o 1º trimestre (que é de profundización, ampliación e consolidación de coñecementos xa adquiridos), considérase necesario que esta diminución temporal veña correspondida por unha adaptación da proba da ABAU, porque o alumnado chegará a ela cunha carga menor de contidos impartidos e, polo tanto, en situación de desvantaxe se o tipo de proba é idéntico ao de anos anteriores. Sería imprescindible ter coñecemento inmediato das posibles adaptacións.

5. OBSERVACIÓNS

Todo o supradito está condicionado á impartición de clases presenciais efectivas durante todo o curso e coa duración ordinaria das clases. Calquera modificación ao respecto (clases telemáticas, híbridas, etc) significará o incumprimento non só da programación ordinaria do departamento, senón tamén deste plan de incorporación de contidos.

B) SEGUNDO ESCENARIO:

Impartición de **clases semipresenciais**:

1. DELIMITACIÓN DE CONTIDOS NON IMPARTIDOS

Os contidos non impartidos son os mesmos que na situación A.

2. TEMPORALIZACIÓN

Intentarase que eses contidos sexan abordados no 1º trimestre, pero esta opción dependerá do número de clases que sexan efectivamente presenciais e do número de clases que non sexan presenciais. As características desta materia (fundamentalmente, traballo con textos co fin de enfrontarse ás esixencias da proba ABAU) esixen a necesidade de presenza física de profesorado e alumnado. Non obstante, no caso de que esta presenza física non sexa total, senón combinada coa non presenza física, deberá reformularse todo o currículo da materia e esixirá un cambio importante de redución nos obxectivos.

No caso de que esta situación de semipresencialidade fose a que imperase, deberemos reorientar a metodoloxía, fundándoa case exclusivamente na renuncia a varios dos aspectos que configuran, de entrada, a proba ABAU, quedando establecidos da forma seguinte:

- TEXTOS: Un só autor (Eutropio)
- Análise morfosintáctica: Sen variación, pero centrándose máis especificamente na análise morfolóxica.
- LITERATURA: Centrarnos nos autores representativos e na súa obra, deixando á marxe os xéneros literarios e a situación anterior e posterior do xénero con respecto do autor representativo escollido.
- LÉXICO: Centrarnos tan só en dous dos tres aspectos esixidos pola proba ABAU

3. CONSECUENCIAS DERIVADAS

A metodoloxía que se adoptará no caso de situación de semipresencialidade será:

- Aproveitamento das horas de carácter presencial para o traballo con textos exclusivamente. Abordarase a problemática específica daqueles textos de Eutropio que permitan unha impartición de contidos morfosintácticos e de tradución o máis próxima posible ás esixencias curriculares do curso e da proba ABAU
- Fragmentación da non presencialidade entre os puntos 3 (LITERATURA) e 4 (LÉXICO) e a resolución de problemas e dúbidas que poidan xurdir no alumnado sobre a tradución e análise de textos.
- Elaboración dunha selección de textos (do autor único) para enfocar os problemas básicos de morfosintaxe e tradución desde unha perspectiva funcional.
- As probas escritas realizaranse durante as clases presenciais.

4. ADAPTACIÓN DA ABAU

Todo o anterior reclama a necesidade de que, nun contexto de semipresencialidade, a proba ABAU rebaixe os obxectivos concibidos para unha situación ordinaria de presencialidade exclusiva.

C) TERCEIRO ESCENARIO:

Impartición de **clases non presenciais** (telemáticas) **durante todo o curso ou, de ser o caso, durante dous trimestres do curso.**

1. DELIMITACIÓN DE CONTIDOS NON IMPARTIDOS

Os contidos non impartidos son os mesmos que os que se indicaron na situación A.

2. TEMPORALIZACIÓN

Estes contidos serán incorporados á programación de 2º bacharelato durante o 1º trimestre do curso 2020-2021.

Nesta situación de non presencialidade total durante o curso ou de non presencialidade durante un período igual ou superior a dous trimestres, deberá reformularse todo o currículo da materia e esixirá un cambio importante de redución nos obxectivos.

A adquisición de competencias estará en función da adaptación imprescindible que a CIUG deberá realizar sobre a proba ABAU, porque esta é o referente principal do desenvolvemento da materia no 2º curso.

Non obstante, tendo en conta as limitacións que o ensino non presencial supón para a materia (fundada neste nivel no traballo con textos e no uso e manexo adecuado e correcto do dicionario), aventuramos a seguinte ordenación no ámbito dos 4 apartados que configuran a proba ABAU:

- **TEXTOS: Un só autor (Eutropio):** Estudo dos **textos das probas de acceso dos últimos 10 anos**; implementar con outros textos do autor de características similares. Estes textos serán obxecto dun tratamento exclusivo nas sesións non presenciais.
- **Análise morfosintáctica:** Abordarase **exclusivamente a práctica da análise morfolóxica**. Aproveitaranse as sesións referidas a textos para realizar prácticas guiadas da análise morfolóxica de fragmentos específicos dos mesmos
- **LITERATURA: Centrarnos nos autores representativos e na súa obra**, deixando á marxe os xéneros literarios e a situación anterior e posterior do xénero con

respecto do autor representativo escollido. O profesorado actuará de guía de estudo sobre os aspectos que de cada autor deberá coñecer o alumnado.

- LÉXICO: Centrarnos tan só en **1 dos tres aspectos** esixidos pola proba ABAU. Nas sesións que se realicen dedicárase unha parte a abordar a análise e modo de contestación do apartado de **TOPONIMIA ou de DERIVACIÓN**

3. CONSECUENCIAS DERIVADAS

A metodoloxía que se adoptará no caso de situación de ensino non presencial durante a maior parte do curso ou durante un período igual ou superior a dous trimestres será:

- Aproveitamento das horas de contacto telemático para tratar exclusivamente o traballo con textos. Realizarase, por parte do profesorado, unha selección de textos de Eutropio (extraídos maioritariamente da lista de probas realizadas durante os últimos 10 anos) para poder practicar o uso do dicionario e adquirir as destrezas mínimas de tradución, centrándonos en problemas frecuentes dos textos nas probas de acceso á universidade.
- Establecerase unha sesión de explicación do autor de cada xénero literario cunha frecuencia de, polo menos, 1 vez por mes para efectuar aclaracións e recomendacións sobre o modo de abordar a contestación a posibles preguntas, recaendo o seu estudo efectivo no propio alumnado. O departamento proporcionará o material de estudo correspondente.
- O departamento entregará xa elaborado o material que o alumnado deberá estudar sobre o apartado de TOPONIMIA ou DERIVACIÓN, e será o alumnado o encargado de estudar cada un dos elementos que o compoñen, reservándose quincenalmente períodos telemáticos de resolución de dúbidas e problemas que poidan xurdir así como para que o profesorado estableza, mediante fichas, mecanismos de control do xa estudado.

4. ADAPTACIÓN DA ABAU

Todo o anterior reclama a necesidade de que, nun contexto maioritariamente telemático (todo o curso ou, polo menos, 2 trimestres do mesmo), a proba ABAU rebaixe os

obxectivos concibidos para unha situación ordinaria de presencialidade exclusiva, e se adapte ás circunstancias de non impartición de contidos do curso precedente así como as dificultades derivadas dun modelo de ensino (o telemático) que non encaixa coa esencialidade da materia: tradución e uso de dicionario.

II. ADAPTACIÓNS NECESARIAS PARA UNHA DOCENCIA NON PRESENCIAL (2º BACHARELATO)

II.0 NORMATIVA APLICABLE

En aplicación das medidas recollidas nas supraditas Instrucións do 30 de xullo e ao abeiro do establecido no Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19, o departamento explicita con respecto ao curso de 2º de bacharelato os seguintes apartados:

II.1. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Se ben é necesario distinguir o tipo de metodoloxía para cada unha das situacións formuladas, entendemos que nos casos de situación híbrida (semipresencial) ou exclusivamente non presencial atenderase a:

- Emprego de recursos dixitais (correo, aula virtual ou medios telemáticos de tipo persoal).
- As actividades terá unha compoñente eminentemente práctica. Partirase dos textos para explicar os aspectos morfolóxicos e sintácticos.
- Partirase de textos frecuentes nas probas de acceso para abordar a problemática xeral do autor prioposto para a tradución e análise.
- A parte teórica da materia (literatura e léxico) afrontarase de maneira práctica, mediante preguntas de resposta curta que darán unha visión xeral de cada autor representativo do xénero, así como de cuestións relacionadas coa derivación, toponimia e locucións latinas.
- As probas obxectivas realizaranse por vía telemática (en función dos recursos dispoñibles) e serán complementadas coa realización das tarefas propostas ao alumnado para a verificación da súa evolución académica. A valoración que se realice tanto sobre as probas obxectivas como sobre as tarefas será determinada e

comunicada ao alumnado con carácter previo á súa realización. Obviamente o peso maior corresponderá ás probas obxectivas.

- As cuestións relativas á redución-adaptación de contidos están recollidas dentro do establecido para cada escenario.

II.II .INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Estarán constituídos por probas e tarefas que teñan como base a adquisición dos coñecementos mínimos e competencias básicas fundamentais: tradución, uso de dicionario, análise morfosintáctica, autores literarios e cuestións referidas ao léxico latino en calquera das tres vertentes de estudo.

Os procedementos de avaliación e a obtención de nota final, tanto de avaliacións parciais como de avaliación final ordinaria seguirán partindo da base do que se estipula para o período ordinario ou presencial, coas adaptacións pertinentes a cada unha das outras situacións. Cada proba (que poderá dividirse en varios exercicios), con independencia da modalidade de ensino estará conformada polos 4 apartados básicos, con indicación da puntuación que supón cada un deses apartados con respecto á puntuación global da mesma.

Estes bloques ou apartados poderán experimentar modificacións con respecto á porcentaxe total de cada proba en función das propostas que poida realizar a CIUG, de ser o caso.

II.III. MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN DO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA

En aplicación das medidas recollidas na resolución conxunta das Consellerías de Educación e Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso 2020-2021, o departamento acorda:

- a) O profesorado deberá contar con correo electrónico de cada alumnado no inicio de curso, preferentemente de gmail.

- b) Detectada unha situación de non seguimento, poñerase en coñecemento do centro e previamente, desde o departamento, realizaranse todas as averiguacións posibles para determinar as causas. En calquera caso, o profesorado ofrecerá ao alumnado diversidade de medios de comunicación (correo, aula virtual, aplicacións, etc.) para resolver da mellor maneira posible calquera dificultade.

II.IV. MECANISMOS QUE O PROFESORADO DEBERÁ DISPOÑER PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO

En aplicación das medidas recollidas na resolución conxunta das Consellerías de Educación e Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso 2020-2021, o departamento acorda o seguinte:

Se desde o departamento se observase que o alumnado non realiza un seguimento continuo do curso, procederá da seguinte maneira:

- Deberá intentar contactar con esa persoa e/ou coa súa familia para coñecer as causas.
- De non poder establecerse ese contacto ou as causas aducidas se deban a forza maior ou resulten pouco convincentes, o profesorado da materia poñerá en coñecemento da persoa titora do grupo onde está ese alumnado para que realice as actuacións oportunas.
- O tempo que ese alumnado permaneceu sen realizar un seguimento idóneo do curso compensarase co envío de material e posta ao día na materia, unha vez que se produza a súa reincorporación efectiva.
- Con frecuencia semanal o profesorado realizará un seguimento da participación e presenza do alumnado, co fin de coñecer a situación de cada un deles e, de ser o caso, adoptar as medidas de prevención e reincorporación oportunas.